



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 29

**Sesión plenaria**  
19 de novembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-ZEVbChKg-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# ORDE DO DÍA

---

## Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia (doc. núm. 6646, 12/PL-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49f1, do 10.07.2024

Publicación de emendas ao articulado, BOPG nº 96, do 04.10.2024

Publicación do informe de Ponencia, BOPG nº 111, do 04.11.2024

## Punto 2. Comparecencia

### 2.1 14313 (12/CPP-000026)

Da conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre a igualdade e a loita contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f2, do 13.11.2024

## Punto 3. Mocións

### 3.1 14286 (12/MOC-000032)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Fernández, Secundino**

Sobre a xestión da Xunta de Galicia dos fondos europeos para o sector agrario, concretamente da orde deste ano, que regula os plans de mellora e a incorporación da xente nova ao sector (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 12285, publicada no BOPG núm. 97f1, do 9 de outubro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 5 de novembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f2, do 13.11.2024

### 3.2 14298 (12/MOC-000033)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez Fernández, Rosana**

Sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 13236, publicada no BOPG núm. 106f2, do 23 de outubro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 5 de novembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f2, do 13.11.2024

### 3.3 14311 (12/MOC-000034)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Iglesias Rey, Patricia**

Sobre o modelo de desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1063, publicada no BOPG núm. 12f1, do 17 de abril de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 5 de novembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f2, do 13.11.2024



## Punto 4. Propositions non de lei

### 4.1 2233 (12/PNP-000261)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Carreira Pazos, Iria e oito deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe ás unidades de reprodución asistida do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

### 4.2 9051 (12/PNP-000788)

#### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que constitúa a Comisión Mixta de Transferencias e materialice o traspaso dos medios materiais e persoais necesarios para xestionar o litoral da comunidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

### 4.3 11047 (12/PNP-000915)

#### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### Arias Rodríguez, Raquel e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da política contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 19.09.2024

### 4.4 13499 (12/PNP-001117)

#### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe promover co obxectivo de mellorar a situación e a atención das persoas enfermas de esclerose lateral amiotrófica (ELA)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f1, do 23.10.2024

### 4.5 13849 (12/PNP-001156)

#### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións e medidas que o Goberno galego debe impulsar co obxecto de establecer un marco global de loita no ámbito da violencia contra as mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f1, do 05.11.2024

### 4.6 13960 (12/PNP-001173)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda ao Goberno galego das modificacións oportunas das bases reguladoras das prestacións que reciben as vítimas de violencia de xénero co fin de adaptalas en 2025 á suba media do IPC nos últimos dous anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 22.11.2024



## Punto 5. Interpelacións

### 5.1 3691 (12/INT-000248)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gómez Besteiro, José Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre o uso oficial da lingua galega alén do propio marco institucional da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

### 5.2 12942 (12/INT-000567)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Taibo Corsanego, Iria e dous deputados/as máis**

Sobre a situación do galego reflectida no sexto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024

### 5.3 13806 (12/INT-000607)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Valcárcel Armesto, Montserrat e catro deputados/as máis**

Sobre as liñas estratéxicas da Xunta de Galicia relativas á planificación da presenza do eucalipto no monte galego ante o remate da vixente moratoria a novas plantacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f2, do 05.11.2024

## Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

### 6.1 14376 (12/POPX-000023)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre o nivel de eficacia das políticas do Goberno galego na loita contra a violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

### 6.2 14377 (12/POPX-000024)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a calidade da democracia en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

## Punto 7. Preguntas ao Goberno

### 7.1 7811 (12/POP-001075)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma**

Sobre o cumprimento das obrigas contidas na Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática



Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

**7.2 14348 (12/PUP-000054)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre o continxente de emerxencias mobilizado pola Xunta de Galicia para apoiar as persoas afectadas polas inundacións en Valencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

**7.3 14353 (12/PUP-000055)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre o grao de transparencia que ofrece o Goberno galego para a fiscalización da súa xestión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

**7.4 13897 (12/POP-002062)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a repercusión que terá para a cidadanía a aplicación da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f2, do 05.11.2024

**7.5 8380 (12/POP-001374)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Insua Lema, Óscar e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que se refire á construción en 2025 de centros de día para maiores na Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f3, do 22.08.2024

**7.6 13883 (12/POP-002060)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as queixas que se veñen producindo respecto da xestión do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f2, do 05.11.2024

**7.7 13977 (12/POP-002076)**

**Grupo Parlamentario Mixto**

**Ojea Bouzo, Armando**

Sobre o tratamento orzamentario da Xunta de Galicia á provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº115f3, do 13.11.2024

**7.8 11035 (12/POP-001738)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Deza Martínez, María e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas postas en marcha para o fomento do alugueiro accesible incluídas no Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88f1, do 20.09.2024



**7.9 14371 (12/PUP-000056)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a coordinación entre a Consellería de Educación e o Sergas para que sexa efectiva a atención educativa das pacientes e dos pacientes ingresados na Unidade de Saúde Mental Infantoxuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

### **Alteración da orde do día**

*O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en que a proposición non de lei que figura no punto 4.4 vai ser substanciada logo das proposicións non de lei. Alén diso, lembra á Cámara outras alteracións que xa foron comentadas na Xunta de Portavoces. (Páx. 12.)*

**Pregunta oral ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o nivel de eficacia das políticas do Goberno galego na loita contra a violencia machista. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 12.)*

*Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 13.)*

*Réplica do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 15.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 16.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a calidade da democracia en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 17.)*

*Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 18.)*

*Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 19.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 21.)*

**Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 4<sup>a</sup>, Educación e Cultura, do Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica que as emendas presentadas a este proxecto de lei se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 22.)*

*Presentación do Ditame: Sr. presidente da Comisión 4<sup>a</sup>, Educación e Cultura (Lorenzo Gómez). (Páx. 22.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 23.), Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 23.), Sra. Queixas Zas (BNG) (Páx. 28.) e Sra. Pomar Tojo (P) (Páx. 32.).*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 36.), Sra. Queixas Zas (BNG) (Páx. 38.) e Sra. Pomar Tojo (P) (Páx. 41.).*



Rolda de réplica: *Sr. Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 43.)

### ***Votación do texto lexislativo***

Votación das emendas transaccionadas 24 e 27 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención*. (Páx. 45.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e 1 abstención*. (Páx. 45.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia: *rexeitadas por 35 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención*. (Páx.45 .)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia: *aprobado por 40 votos a favor, ningún en contra e 34 abstencións*. (Páx. 46.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández, sobre a xestión da Xunta de Galicia dos fondos europeos para o sector agrario, concretamente da orde deste ano, que regula os plans de mellora e a incorporación da xente nova ao sector.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica a emenda presentada á moción.* (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 47.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 52.) e *Sr. Viso Diéguez (P)* (Páx. 54.).

*O señor Fernández Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 57.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández, sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira.** (Punto terceiro da orde do día.)

*A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada á moción.* (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 59.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Pax. 64.), *Sr. Fidalgo Iglesias (P)* (Páx. 64.).





*A señora Fernández Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 67.)*

*O señor presidente comunica á Cámara que o Centro de Transfusións de Sangue se atopa no Parlamento e conta cun índice baixo de doazóns. (Páx. 68.)*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey, sobre o modelo de desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)**

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 68.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 71.), Sr. Golpe Acuña (BNG) (Páx. 73.) e Sr. Lorenzo Gómez (P) (Páx. 76.)*

*Nova intervención da señora Iglesias Rey (S). (Páx. 79.)*

*O señor Golpe Acuña (BNG) pide a palabra por inexactitudes en virtude do artigo 76 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que non lle é concedida polo presidente. (Páx. 81.)*

### ***Votación das mocións***

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández, sobre a xestión da Xunta de Galicia dos fondos europeos para o sector agrario, concretamente da orde deste ano, que regula os plans de mellora e a incorporación da xente nova ao sector: rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 82.)*

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández, sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira: aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e 1 abstención. (Páx. 82.)*

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey, sobre o modelo de desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia: rexeitada por 10 votos a favor, 38 en contra e 24 abstencións. (Páx. 83.)*

*Suspéndese a sesión ás dúas e dezasete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos. (Páx. 83.)*

### ***Alteración da orde do día.***

*A señora presidenta (Candía López) anuncia unha alteración da orde do día consistente en substanciar a continuación a comparecencia da señora conselleira de Política Social e Igualdade. (Páx. 83.)*

**Comparecencia da conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre a igualdade e a loita contra a violencia de xénero. (Punto segundo da orde do día.)**

*Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 83.)*



Rolda dos grupos parlamentarios: (*O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 89.), *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 89.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 92.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)* (Páx. 96).

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 98.)

*A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 1012.) (*O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 101.) *Nesta rolda interveñen a señora Castro Rey (S)* (Páx. 101.), *a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 102.), *a señora Arias Rodríguez (P)* (Páx. 104.) e *a conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)* (Páx. 106).

**Proposición non de lei do G. P. do Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Iria Carreira Pazos e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe ás unidades de reprodución asistida do Sergas.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 108.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 110.), *Sra. Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 111.) e *Sra. Amigo Díaz (P)* (Páx. 113).

*Nova intervención da señora Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 116.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que constituía a Comisión Mixta de Transferencias e materialice o traspaso dos medios materiais e persoais necesarios para xestionar o litoral da comunidade.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica a emenda presentada á proposición non de lei.* (Páx. 117.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 117.)

Intervención do grupo parlamentarios emendantes: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 120.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 121.) e *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 122).

*O señor Trenor López (P) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 124.)

### **Alteración da orde do día**

*O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día, consistente en substanciar a continuación unha pregunta ao Goberno.* (Páx. .)



**Pregunta de D<sup>a</sup> Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a coordinación entre a Consellería de Educación e o Sergas para que sexa efectiva a atención educativa das pacientes e dos pacientes ingresados na Unidade de Saúde Mental Infanto-xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 126.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 127.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 128.)

*Suspéndese a sesión ás sete e vinte e tres minutos do serán.*



*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bo día.

Reanudamos... Reanudamos non, comezamos este pleno.

Antes teño que comentar unhas alteracións sobre a orde do día. Algunhas xa foron faladas na Xunta de Portavoces e, polo tanto, xa non as vou comentar, porque as deben de coñecer todos os grupos. Pero hai dúas de última hora. En concreto, a proposición non de lei que figura no número 4.4 vai ser substanciada en último lugar dentro das proposicións non de lei; cambiase pola 4.6. A primeira é do Grupo Parlamentario Socialista, a 4.4, e a 4.6 é do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Xa faláron entre os grupos e acéptase, polo tanto, ese cambio.

E sen máis, escomenzamos con esta alteración, tal como se comentou xa na Xunta de Portavoces, con preguntas para resposta oral do presidente.

*Alteración da orde do día.*

**Pregunta oral ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o nivel de eficacia das políticas do Goberno galego na loita contra a violencia machista**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Bos días. Moitas grazas, señor presidente.

Hoxe fai 91 anos do voto feminino, estamos de cumpreanos. E aínda hoxe tamén embargados polo recente asasinato de Estela en Baiona a mans da súa exparella. É verdade que os asasinatos das mulleres polo feito de ser mulleres, vítimas de violencia machista, creo que son probablemente a manifestación máis brutal e máis execrable da desigualdade.

Por iso, fronte a esa violencia machista, onde todos temos que estar unidos, hai que tomar decisións e hai que ter determinación política. Consideramos que non foi unha boa decisión que Igualdade saíse fóra da órbita da Presidencia da Xunta de Galicia. Creo que era unha mensaxe moi positiva, moi determinante de cal era a vocación transversal da loita contra a desigualdade e a defensa da igualdade. Creo que tampouco foi unha boa decisión que perdese rango esa Secretaría Xeral de Igualdade para converterse en dúas direccións xerais; sobre todo porque, como dicía, a violencia machista é a manifestación máis brutal da desigualdade. Separalas é dar a entender que non teñen nada que ver unha coa outra, cando efectivamente a relación é total e absoluta. Non foron esas boas decisións, señor Rueda, para loitar contra a violencia machista e para loitar a prol da igualdade. Esas primeiras medidas, que tamén veremos a semana que vén con ese Día Internacional contra a Violencia Machista, onde todos iniciaremos esa loita contra a violencia machista. Pero espero, ademais, que non se produzan cuestións como a do ano pasado dese anuncio marketiniano, que ofendeu tanto as vítimas e as mulleres e os homes que loitamos pola igualdade. É verdade que o ser home non te con-



verte en agresor, pero tamén é verdade que os agresores son homes. E aí é onde hai que poñer realmente o foco desta cuestión.

¿Que van facer para atallar esta verdadeira lacra que asola tamén Galicia? Esa situación con cifras que son realmente inaceptables, como que sete de cada dez mozas non denuncian por medo, ou por vergoña ou porque ás veces nin son conscientes de que son vítimas dun maltrato. Ou esa cifra que nos leva a que o 23 por cento dos mozos e o 13 por cento das mulleres consideren que isto da violencia machista é un invento ideolóxico. Ou finalmente o incremento que se produce de case un trinta e catro por cento dos delitos contra a liberdade sexual que cometen menores de idade. O dato é francamente alarmante.

Non contribúen a mellorar e a combater con efectividade a violencia machista as posturas a nivel nacional do seu partido, señor Rueda. Ese compadreo coa ultradereita, esa ultradereita negacionista, esa ultradereita que efectivamente lle impón ao Partido Popular uns marcos onde entra soamente por entrar ao Goberno e por chegar a acordos de goberno.

Os bandazos cando se fala de violencia machista ou violencia doméstica, os bandazos do propio presidente do seu partido, Alberto Núñez Feijóo, cando fala de que non é necesario un Ministerio de Igualdade ou cando di ou xustifica a incorporación a un goberno autonómico de Vox nun goberno co Partido Popular dunha persoa que tivo un «divorcio duro, difícil» para xustificar os actos de violencia machista.

Todo iso non axuda. É o momento de que aquí, en sede parlamentaria, nesta Cámara, vostede se desmarque desa forma de facer política, desa forma de non combater a violencia machista. Porque o negacionismo mata, señor Rueda, o negacionismo asasina mulleres. E nesta cuestión tampouco axuda incorporar ao Partido Popular un concelleiro que foi condenado por violencia machista. Nese sentido, nesta cuestión non podemos ter nin pode haber medias tintas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señor Besteiro.

Íalle agradecer o ton xeral da pregunta, pero non puido evitar a tentación de irse ao final a acusacións partidistas. Eu non vou caer nesa tentación, sinceramente. Iso si, vou facerlle algún matiz importante. De verdade que non creo que a loita contra a violencia machista, se se exerce ben dende un goberno, dependa —ou, polo menos, que dependa tan decisivamente— da organización administrativa. En todo caso, se é así e se di que foi unha mala decisión que o departamento de Igualdade non dependa directamente da Presidencia, recórdolle o que pasaba no Bipartito: non dependía de Presidencia, señor Besteiro. Polo tanto, xa me explicará vostede por que non aplicaban o que vostede cre que hai que facer.



Igual que non entendo por que lle parece mal que haxa dúas direccións, se actúan coordinadamente. Claro, hai que actuar coordinadamente. Se dependen de dous gobernos diferentes, como eran vostedes, é moi difícil a coordinación. Polo tanto, se nos ocupamos da igualdade e da violencia machista coordinadamente, baixo a dirección da mesma consellería, as cousas teñen que funcionar moito mellor que con vostedes. *(Aplausos.)*

A súa pregunta é exactamente se cremos que son suficientes as políticas da Xunta para loitar contra a violencia machista. Claramente nunca van ser suficientes, nin as da Xunta nin as de ningunha administración, mentres sigan existindo manifestacións da violencia machista ás veces tan tremendas como son os asasinatos de mulleres. Polo tanto, non podemos resignarnos. A única cifra que nos tería que valer é cero. Xa sei que é moi difícil, xa sei que levamos moitos anos dicíndoo, pero tamén é certo que creo que se foi mellorando. Pero mentres non teñamos esa cifra cero, que así debería ser, as políticas nunca van ser suficientes.

Xa lle dicía que non vou caer na tentación, e mire que o tiña fácil. Se eu quixese referirme á Lei do só si é si, con todos eses delincuentes sexuais que saíron á rúa —algúns volveron delinquir, ademais, no mesmo— e que se arreglou ao final coa colaboración do Partido Popular, que xa o avisou dende o principio. Se tivese que ir a exemplos —dos que vostedes, por certo, calaron— que teñen os seus socios de goberno, que eles mesmos recoñeceron estes días comportamentos execrables, teríao francamente fácil. Pero eu creo que a xente non quere iso, señor Besteiro; a xente quere que sexamos eficaces. Eu non vou dicir que o aumento dos asasinatos machistas, o aumento dos casos de maltrato, se debe a un goberno, que se debe ás alianzas dun goberno con outra forza política. Por certo, xa me dirá que alianzas temos. Está vostede no Parlamento de Galicia. ¿Que alianzas temos aquí nós con Vox, que —como digo sempre— non existe en Galicia, afortunadamente? Polo tanto, esa muletilla, que vostede ao final usa para o de sempre, demostra que non se toma este tema moi en serio; e este tema hai que tomalo en serio. Eu creo que a loita contra a violencia machista nin ten gaivotas, nin bandeiras estreladas, nin puños e rosas; o que ten, ou debería ter, é a unión de todos os partidos políticos para estar á altura dese reto. *(Aplausos.)*

Na miña segunda quenda de intervención intentarei explicarlle as medidas que estamos tomando, que vimos tomando dende hai moitísimo tempo, que veñen tamén da colaboración co Goberno central a través do Plan nacional de loita contra a violencia machista. Pero, de verdade, quería insistir nisto. Se ao final a súa pregunta sobre violencia machista, tan cerca dunha data tan sinalada, é simplemente para falarnos do de sempre, de supostas alianzas, de que temos a culpa de todo, está vostede mandando unha mensaxe nefasta. Ogallá acabemos un día con esta lacra. Mentres vostedes sigan empeñados en que é unha cuestión partidista e que vostedes teñen o patrimonio de algo, que teñen sempre que botarnos en cara outras cousas a nós, así non imos a ningunha parte. Comigo, para iso, non conte.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Gómez Besteiro.





**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Moitas grazas, señor presidente.

Sigamos falando de Galicia; sigamos falando de Galicia e das cifras. En 2023: tres mulleres asasinadas, 7.438 vítimas de violencia, 78 nenos e nenas que sufriron violencia vicaria, aumento dun doce por cento nos delitos de violencia machista —segundo o informe da Fiscalía—; un aumento no entorno rural e un aumento tamén nas mulleres vítimas maiores de 65 anos. No ano 2024: catro mulleres asasinadas.

A verdade é que a unidade de todos os partidos é algo exixible e necesario, pero a determinación de quen ten que actuar está na súa responsabilidade, como presidente da Xunta de Galicia, de impulsor desas políticas que teñen que ir directas a combater a violencia machista; sen exclusión, sen escusas, sen indefinición.

Mire, Galicia é deficitaria en centros de información á muller. Pedimos máis centros, pero pedimos máis persoal e máis persoal especializado neses centros. É a forma de actuar, de promover, de determinar con determinación por parte da Xunta de Galicia que isto o considera unha verdadeira emerxencia. Falamos de moitas emerxencias estes días, pero a emerxencia contra a violencia machista é unha verdadeira realidade que sofren mulleres acusadas e asediadas, adolescentes que discuten ou non coñecen incluso a percepción sobre que sofren eses maltratos como vítimas, mozas maltratadas, veciños e veciñas que non denuncian o feito do coñecemento dunha violencia machista. Estamos ante unha emerxencia real, e contra a emerxencia real o que hai que facer é actuar con determinación; non converterse nun cómplice, porque quen non actúa convértese nun cómplice. Eu o que lle exixo e o que lle pido é esa determinación, desde a forza dun Goberno que ten que actuar con decisión e con determinación.

Eliminaron o Sistema Galego de Igualdade, o Programa Quérote —aquele programa que servía moito para a propia mocidade—. Os centros de atención 24 horas espero que estean rematados ao final de ano, con esa dotación de 6 millóns que vén dende o propio Estado. E non desenvolveron o Plan integral contra a trata.

En materia de educación en igualdade, a onde hai que chegar é a todos os rincóns e a todos os ámbitos: o ámbito dos colexios, o ámbito das familias e tamén o ámbito do ocio, onde hai que combater a violencia machista.

É o momento non da indefinición, senón da determinación, e vostede elixirá cal é o lugar que quere ocupar na alta representación que ten do Goberno de Galicia. Indefinición ou determinación, é o momento de que decida —e o faga aquí, nesta Cámara— e se desmarque desas políticas negacionistas que —como dicía eu antes— matan e asasinan mulleres, milleiros nestes anos. Polo tanto, determinación. E dígao claramente: negue o negacionismo, que é o que está a non facer o seu partido a nivel nacional. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.



**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Señor Besteiro, a verdade é que xa dicía que isto non ten que ser algo de loita partidista. Pono vostede bastante difícil. Empezou a súa segunda intervención dicindo que sigamos falando de Galicia. Non, na primeira non falou de Galicia nada e na segunda ao final acabou falando do que lle interesaba, que é das cousas de Madrid, de negacionismo... ¿A vostede cábelles algunha dúbida de que algún deputado ou deputada deste grupo, ao igual que o resto do Parlamento, non ten clarísimo que hai que loitar contra a violencia machista? ¿Fai falta que llo diga? *(O señor Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah, eu! Ten dúbidas de min. Mire, señor Besteiro, de verdade, isto é perder o norte absolutamente. ¡Isto é perder o norte, sinceramente! *(Aplausos.)* ¿Que pasa? ¿Que lle pide Pedro Sánchez que mo pregunte directamente? É que, se non, non o podo entender.

E, mire, postos a falar en serio, entérese das cousas. Os centros Quérote seguen insistindo. Pero, señor Besteiro ¿que información manexa vostede? *(Murmurios.)* Este é o rigor que ten vostede. *(Murmurios.)* Este é o rigor. *(O señor Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.)* Non existen agora, borrounos vostede dun plumazo... E resulta que agora hai violencia machista en Galicia pola falta de determinación da Xunta de Galicia. Entón se a hai en España será pola falta de determinación de Pedro Sánchez, ¿non, señor Besteiro? ¿Pero dáse conta de que a este xogo non se debe xogar? ¿Dáse conta do dano que fai que vostedes entendan isto como unha política de confrontación partidista? ¿Dáse conta de que así non se vai a ningunha parte? Eu agradecín —porque creo que é de agradecer— o Plan Nacional contra a violencia machista, porque transfere fondos para que as comunidades autónomas poidamos facer cousas. Tamén as ten que facer o Goberno central; por certo, nós con bastante máis dilixencia en canto á execución orzamentaria. E, polo tanto, eu creo que se fixeron moitísimas cousas.

E todos eses recursos que se están dedicando agora mesmo ás axudas de pagamento único, ás axudas periódicas a—que só se ofrecen en Galicia, por certo—, aos programas de inserción laboral á contratación, ao bono de alugueiro social, ao reforzo da Rede galega de acoillimento, ao reforzo dos CIM... ¿Que me está contando vostede dos CIM? ¡Pero se pecharon o CIM de Ponte Caldelas, gobernado polo Partido Socialista! Pero se o CIM de Lugo non ten nin avogada nin psicóloga, é dicir, non ten nada; unha das cidades máis importantes de Galicia gobernada polo Partido Socialista. Señor Besteiro, destas cousas non ten nin idea; estase enterando por min. Iso é ao que vostede lle importa. A vostede a violencia machista só lle importa para confrontar. *(Aplausos.)*

Mire, eu prefiro ser positivo, sinceramente. Téñense feito moitas cousas. Fomos das primeiras comunidades autónomas —creo que a primeira— en ter unha lei de igualdade. Dende entón, no ano 2013 aprobamos a personación da Xunta nos casos penais por morte en violencia machista; no 2014 creouse o Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero; no 2016 lanzouse un programa pioneiro de apoio á inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero; no 2017 fomos a primeira comunidade autónoma en formar o persoal autonómico para atender casos de desigualdade e de violencia machista; no 2019 os bonos de alugueiro social admitiron —a primeira comunidade autónoma— as mulleres vítimas de violencia machista; e no 2022 e no 2023 incorporamos moitos protocolos de loita contra o rexeitamento do movemento LGTBI en concertos e en espazos culturais. Fomos pioneiros





en moitas cousas e estou moi satisfeito. Moitas veces, en colaboración con concellos gobernados polo Partido Socialista e polo BNG.

Polo tanto, vostede, se non queren entender isto, se cre que acercándose unha data tan sinalada para falar de violencia machista como o 25M só vale a pena traer esta pregunta para preguntarme a min se son negacionista, para dicir que a culpa é de que non temos determinación en definitiva, para facer o que fan sempre, que é taparlle as vergonzas ao Goberno central e, ao mesmo tempo, intentar rexeitamento, para iso comigo non conte. Nós imos seguir traballando, imos seguir adaptándonos aos tempos. Mire, anúnciolle que no ano 2025 seremos a primeira comunidade autónoma en ter unha lei para loitar contra a violencia dixital, que ten moito que ver tamén coa violencia machista. *(Aplausos.)* Esas son as cousas que serven, señor Besteiro, as cousas que a xente espera de nós. E o que fixo vostede hoxe nesta pregunta, dende logo, iso á xente nin lle gusta nin o espera. Alá vostede. Así lle vai. Siga así, vostede verá.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a calidade da democracia en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas.

Señorías.

Señor Rueda, estamos acostumadas á súa prepotencia, desprezando os máis de setecentos quince mil galegos e galegas que votaron outras forzas políticas. Unha prepotencia que demostra cando impide debates e comparecencias, cando agochan os contratos de urxencia da pandemia, cando agochan os contratos vinculados a altos cargos do Partido Popular ou cando vulneran a Lei de transparencia.

Converteron a TVG no seu aparato de propaganda, exercendo un control obsesivo para enganar e manipular a cidadanía, como denuncia non só o BNG, senón tamén os traballadores e traballadoras durante estes cinco anos de Venres Negros e a folga indefinida que están levando nestes momentos. E quero trasladarlles todo o apoio do BNG. *(Aplausos.)*

A maioría absoluta subíuselles á cabeza, e por iso pensan que poden facer o que lles pete. Por iso atacan a quen se atreve a criticar o Partido Popular. Atacan as institucións: o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, o Consello da Cultura, o Consello de Contas... Atacan tamén a cidadanía que se manifesta masivamente contra os recortes do Partido Popular en sanidade, en educación, contra Altri ou contra o seu espolio eólico. O seu último ataque foi onte mesmo,



atacando as persoas que se manifestaron en Santiago de Compostela defendendo o galego contra o seu acoso á lingua deste país.

E superou todas as liñas vermellas, señor Rueda, vetando o plan de traballo do BNG na Comisión de investigación. Fíxense que disparate: o BNG crea unha comisión de investigación, pero o Partido Popular veta as comparecencias e a documentación que pide o BNG nesa comisión. ¿Alguén se imaxina, señor Rueda, que nun xuízo se impida comparecer aos principais implicados e que só se escoite as testemuñas dunha parte? Iso é o que fixo vostede na Comisión de investigación, señor Rueda; e isto é unha deriva autoritaria e antidemocrática sen precedentes. (*Aplausos.*) E todo para salvar o señor Feijóo de ter que explicar os contratos a dedo á empresa que dirixe a súa irmá neste país. Todo isto, señor Rueda, para «salvar o soldado Ryan».

Xa sabíamos que vostede era un presidente desleal; agora tamén sabemos que é un presidente autoritario e antidemocrático. Rectifique o seu veto á Comisión de investigación dos chanchullos do Partido Popular. De non ser así, teña por seguro que usaremos todos os mecanismos legais ao noso alcance para defender o noso dereito e o noso deber de controlar a acción do seu Goberno. Xa llo digo: a súa deriva autoritaria e antidemocrática non vai calar o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Señora Pontón, vén hoxe vostede especialmente amable: (*Risos.*) «prepotente, autoritario, antidemocrático, desleal...» Bueno, vostede insúlteme o que queira. Eu resúmoo só nunha frase ou nunha palabra: está vostede especialmente nerviosa e cada día nótaselle máis, señora Pontón. ¡Cada día nótaselle máis! (*Aplausos.*)

¡Pregúntame vostede pola calidade democrática! Está moi ben, é que se me ocorren... Mire, logo do exemplo de onte, onde estiveron os deputados pechados, retidos —non sei cal é a palabra—, coa colaboración do único deputado que teñen vostedes alí, ata que ao Goberno lle saíron as contas ou intentou que lle saísen as contas facendo cambalaches, prometéndolle cada día unha cousa diferente... ¡Vaia calidade democrática! ¡Vaia exemplo, señora Pontón! Pregúntame pola calidade democrática a voceira do único partido que explicitamente apoiou, xaleou e aplaudiu o pucherazo do señor Maduro. ¡Vaia calidade democrática, señora Pontón! (*Aplausos.*)

Refírese vostede... Bueno, xa o dixoo, é que ao final está claro que vostedes o que queren é un xuízo. Chamoulle así directamente, fixoo a comparación —¡o que é o subconsciente!—. Refírese ás regras dunha comisión, pero onte os letrados deste Parlamento, por unanimidade, déronlle... Bueno, ía dicir un revolcón; pero non, fixeron o seu traballo e dixeron o que di a lei: que hai que axustarse á legalidade. Que vostedes, señora Pontón, por ser deputados do BNG non son de maior calidade ou de mellor condición co resto dos deputados. Aquí hai de-



reitos e obrigas que todos cumprimos. Puxéronos no seu sitio. ¡Viva a calidade democrática! Iso si que é calidade democrática, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Vostede rise moito... Total, hai un ditame deste Parlamento que, como non di o que a vostede lle convén, ignórao, e directamente vén aquí. ¿Imaxínanse vostedes nun xuízo? Se nos dixesen: oian, a legalidade está para cumprila. Vostede non se dá conta doutro exemplo de calidade democrática: esa comisión de investigación é posible neste Parlamento para os grupos que non teñen maioría. Eu creo que é o único parlamento autonómico. Dende logo, nos parlamentos que vostedes apoian, non creo que nin en Rusia nin en Venezuela iso fose posible. Non creo que fose posible; aquí si. Vostede quere examinar documentos que coñece, porque aquí hai transparencia e por iso os coñece. Iso é calidade democrática.

Vostede fala de que non pode comparecer moita xente que pediu. Oia, había corenta compañercentes que vostedes pedían —os grupos da oposición— e que vostede, con tal de dicir que non acorda nada con nós, rexeitou. Non van vir porque vostedes non queren, señora Pontón. Polo tanto, ¿de que está falando?

Mire, o problema é que vostede non quería unha comisión de investigación; quería unha comisión de difamación, un xuízo paralelo ao señor Feijóo. Estano perseguindo desde o principio, pero iso non é calidade democrática.

Mire, ¿sabe que lle digo? Cada vez que hai eleccións, efectivamente, di: «non, a vostedes subúselles a maioría absoluta á cabeza». Diso nada, pero si temos maioría absoluta. Cada vez que se lle pide á xente que opine, dános a máxima confianza e a vostedes sempre os manda á oposición. Iso si que é calidade democrática.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Rueda, a súa resposta é unha fuxida cara adiante e ¿sabe o que nos demostra? É a súa deriva autoritaria e antidemocrática, porque cre que, como ten maioría absoluta, pode facer o que lle pete nesta Cámara e vulnerar os dereitos dos deputados e das deputadas. *(Aplausos.)* E xa lle digo que iso non é a democracia.

Pero é que ademais, señor Rueda, o que acaba de facer é de primeiro de manual cando o Partido Popular se sente acurrallado pola corrupción. Primeiro, negan os feitos; despois, vetan a creación da comisión de investigación. Porque, se non tiñan nada que temer, ¿por que votaron «non» nesta Cámara? ¿Por que temen a transparencia?

Despois, efectivamente, como o BNG ten 25 deputados e deputadas que lle permiten crear esa comisión de investigación, ¿que fai o Partido Popular? Torpedealo desde dentro, vulnerando as máis elementais normas de funcionamento democrático desta Cámara. *(Protestas.)*



Señorías do PP, ¿quien está nervioso aquí? ¡Xa vexo quen está nervioso aquí! *(Risos.)* Moitos nervios, moito nerviosismo entre o Partido Popular. *(Aplausos.)*

E, para colmo, todo isto non é só por tapar os seus chanchullos, que tamén; é que o que lles preocupa é que, efectivamente, o máximo responsable do que se está investigando por esa comisión, o señor Feijóo, veña render contas e responda ante os representantes da cidadanía. É o que vostedes están vetando.

E estamos falando de algo moi serio, señor Rueda. Estamos falando de que entre os anos 2018 e 2023 a empresa que dirixe a irmá do señor Feijóo en Galiza recibiu 1.311 contratos a dedo por valor de 5 millóns de euros. ¿E sabe por que collemos este período? ¿Por que só falamos destes anos? Porque vostedes están incumprindo a Lei de transparencia que os obrigaba a publicar todos os contratos a dedo desde o ano 2013. ¿Por que non o fan, señor Rueda? ¿Por que temen a transparencia? *(Aplausos.)*

Pero hai moito máis. Estamos falando dos 15 millóns de euros que se levou durante a pandemia unha empresa da que é directivo o cuñado do señor Feijóo; unha das maiores beneficiadas dos contratos durante a pandemia. E isto non é unha denuncia que faga o BNG; é unha denuncia que fixo o propio Consello de Contas. Ou estamos falando de algo tan importante, señor Rueda, como que teñen que explicar un sobrecusto de 470 millóns de euros no Hospital Álvaro Cunqueiro, mentres a área sanitaria de Vigo non garante nin tan sequera o servizo de radioterapia á xente enferma de cancro. Iso é do que estamos falando e todo isto é o que vostedes queren ocultar. ¡Porque lle teñen pánico a que se investigue, señor Rueda! Porque, se non teñen nada que ocultar, ¿por que vetan as comparecencias? ¿Por que vetan as peticións de información?

Eu o único que lle digo, señor Rueda, é que non se lle suba a maioría absoluta á cabeza. Porque a maioría absoluta non é absolutismo. E, polo tanto, o que lles reclamo é que rectifiquen; que levanten o veto ao plan de traballo do BNG na comisión de investigación e que se permita que veña a este Parlamento toda a documentación e todas as comparecencias dos principais responsables do que se está investigando nesa comisión. Porque, se non —quérollelo deixar moi claro— imos usar todas as vías legais ao noso alcance —todas as vías legais ao noso alcance— para evitar que se vulnere un dereito...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...fundamental, un principio fundamental da democracia, que é que a oposición ten que controlar o Goberno.

Vostede cree que, como ten maioría absoluta,...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...a oposición ten que estar calada cunha mordaza; a mesma mordaza que lles poñen aos medios públicos. Pero xa lles digo que ao BNG non o amordaza ninguén e que imos poñer luz onde vostedes queren que haxa escuridade. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** ¡Que cantidade de barbaridades, señora Pontón! De verdade é que...

En fin, por certo, calidade democrática é que teño que estar aquí; é cumprir a miña obriga. Eu podía estar collendo outros exemplos, como que teño unha viaxe e non me someto a control. Que estou, é a miña obriga, teño que facelo. O Goberno que vostedes apoian fai todo o contrario. ¡Mire que exemplo de calidade democrática, señora Pontón!

Exemplo de calidade democrática tamén é entender que as normas se cumpren. E, cando os que teñen que avalar a legalidade ou non de algo se pronuncian, hai que acatalo. A vostede dálle igual. ¿Que estaría dicindo se o informe xurídico que se emitiu onte sobre o Plan de traballo da comisión de investigación lle dese a razón? ¿Que estaría dicindo? Pero, como non lla deu, ignórao completamente. Mire, hoxe está na prensa: «os Xurídicos do Parlamento rexeitan o intento do BNG de reorientar a investigación sobre os contratos da Xunta e avalan a legalidade de todo o actuado». Isto a vostede dálle exactamente igual. Agora di que vai ir aos tribunais. ¿A que? ¿A ensinarlles o informe xurídico para que os condenen tamén, señora? É que, señora Pontón... (*Aplausos.*)

Di que queren ocultar, nomean empresas... Miren, voume referir a unha concreta. Eulen, media de contratación anual do Bipartito: 4,67 millóns de euros; media de contratación anual da Xunta dende o ano 2009: 4,72. Cinco centésimas máis. ¿Que pasa, que esa é a diferenza entre o favoritismo, cinco centésimas máis?

Por certo, voulle facer unha pregunta. ¿Vostede está en condicións de dicir que ninguén do seu entorno familiar próximo tivo ningún contrato menor dun Goberno do BNG, señora Pontón? ¿Está en condicións diso? (*Murmurios.*) Porque leccións dá todas as do mundo... Polo tanto, fágolle esa pregunta. Onte creo que lla fixeron e non a contestou. Claro, se non hai nada que dicir, é un si ou un non. Porque, para acusar os demais, sóbralle o tempo. Iso si que é prepotencia e falta de calidade democrática. Fíxenlle unha pregunta moi clara. (*Aplausos.*) Segunda vez que lla facemos, señora Pontón. Se ma fai vostede a min diríalle: non, baixo ningún caso. Eu fágolle a vostede, que tantas leccións da sempre da súa... Si, si, rise moito, pero é unha pregunta moi directa, cun si ou cun non.

Señora Pontón, eu non sei moi ben cal é a razón de que vostede pedise a comisión de investigación. Teño dúas teorías. Unha, que se sinte apertada ante a asemblea que vai facer o BNG e ten que demostrar ese radicalismo, ese movemento de cadeiras que todos escoitamos. Ao mellor ten algo de verdade. Ou que lle ten que facer un favor a Pedro Sánchez, que tanto traballou por vostede. Síntoo, señor Besteiro, todo o mundo o vía claramente, con tal de que saíse o BNG tiña asumidísimo cal podería ser o resultado. Eu creo que foi unha mestura das dúas.

O que teño claro é que vostede, dende que disparou esa bala de prata —que lle chaman algúns— da comisión de investigación —esa oportunidade que hai neste Parlamento e non



hai noutros—, dende o primeiro momento intentou detonala por todos os medios, señora Pontón. Por todos os medios. Ese é un síntoma de debilidade; é o seu problema, en todo caso. ¿O meu sabe cal é? Intentar que esa política tóxica que onte vimos en Madrid —deputados de madrugada votando unha cousa e a súa contraria— non se traslade a Galicia, que é o que vostedes queren. Que esa política, que os galegos rexeitan, aquí non veña. Polo tanto, eu vou facer todo o posible. Cada vez que hai un novo escándalo en Madrid, vostedes saen cunha información aquí. Quérelle tapar as vergonzas ao señor Sánchez, ese trato escuro que deben ter entre os dous. (*Murmurios.*) Isto aquí non vai ser, sinceramente.

Aínda está por escoitar de vostede a primeira crítica aos casos de corrupción. Fálanos sempre de casos de corrupción que temos aquí. Oia, señora Pontón, temos diante dos seus aliados clarisimamente, cada día é máis escandaloso: o señor Ábalos, o señor Aldama, a muller do presidente do Goberno, imputada xa non sei por cantos delitos... Non saíu a primeira palabra de vostede; a primeira palabra. (*Aplausos.*) Iso si, a vostede moito lle gusta falar de Vox, que aquí non existe, e facerlle oposición ao señor Feijóo, que xa vai dentro de pouco para tres anos que xa non é presidente. Sempre Génova, e diso non di absolutamente nada, señora Pontón.

Polo tanto, mire, eu pensei que ata agora se limitaban a ser socios dun Goberno que prexudica a Galicia; agora xa son directamente cómplices dun Goberno que exerce política tóxica. A calidade democrática coa confianza que nos deron os galegos vai servir, no que de min e deste grupo depende, para non deixarlles traer todo iso a Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

**O señor PRESIDENTE:** Retomamos a orde do día e continuamos agora co punto primeiro. Sería texto lexislativo.

### **Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do Ditame da Comisión, ten a palabra o presidente da Comisión 4ª, Educación e Cultura, don Rubén Lorenzo Gómez.

**O señor LORENZO GÓMEZ:** Moi bo día.

O Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 4 de xullo de 2024, co número de rexistro 6646. A Mesa do Parlamento, na reunión do 8 de xullo de 2024, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 13 de setembro e 1 de outubro de 2024 para as emendas á totalidade e ao articulado, respectivamente. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordouse a súa tramitación por parte da Comisión 4ª, Educación e Cultura.





As emendas á totalidade presentadas, que foron cualificadas pola Mesa da Comisión na sesión do día 16 de setembro de 2024 e publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 85, do 17 de setembro de 2024, foron dúas de devolución: unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. As emendas ao articulado presentadas, que foron cualificadas pola Mesa da Comisión na sesión do día 3 de outubro de 2024 e publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 96, do 4 de outubro de 2024, foron 95: 39 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 56 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na sesión do día 10 de outubro de 2024 designou as e os ponentes seguintes: por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona Carmen María Pomar Tojo como titular e don José Luis Ferro Iglesias como suplente; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Mercedes Queixas Zas como titular e don Daniel Castro García como suplente; do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Silvia Longueira Castro como ponente titular e don Julio Ernesto Abalde Alonso como suplente. Por parte do Grupo Parlamentario Mixto, don Armando Ojea Bouzo como titular.

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 10 de outubro de 2024, coa miña presenza como presidente da Comisión 4ª, Educación e Cultura, e coa asistencia das ponentes titulares, a señora Pomar Tojo e a señora Queixas Zas, do ponente titular, o señor Ojea Bouzo, e do ponente suplente, o señor Abalde Alonso. Nas seguintes reunións, dos días 18 e 23 de outubro de 2024 —coa asistencia do e das ponentes titulares— e do 29 de outubro de 2024 —coa asistencia das ponentes titulares: a señora Pomar Tojo e a señora Queixas Zas, do ponente titular, o señor Ojea Bouzo, e do ponente suplente, o señor Abalde Alonso— analizaron o texto articulado obxecto deste proxecto de lei e as emendas formuladas, así como as propostas de transacción, e concluíron o informe coas súas recomendacións definitivas. Informe que foi obxecto de debate e aprobación na sesión da Comisión 4ª do pasado 7 de novembro. Recolléronse no ditame todas as recomendacións feitas pola ponencia no seu informe.

Ata aquí un resumo sucinto da tramitación parlamentaria levada a cabo pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, que eu presido. Correspóndelle hoxe ao Pleno desta Cámara o seu pronunciamento e a súa definitiva aprobación.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas e os votos particulares formulados.

Grupo Parlamentario Mixto. (*Negación.*) Non intervén. Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.



Aquel que teña a oportunidade de... ¿Canto tempo teño, perdón?

**O señor PRESIDENTE:** Quince minutos.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Aquel que teña a oportunidade de ler estes 21 artigos da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, con salvadas excepcións de matiz, estaría de acordo con todo o que nela se propón. É imposible non estar de acordo co que se propón nesta lei. Imposible, basicamente porque se fala de facermos mellor. Fálase de que teñamos todos que ter un maior interese, unha maior participación e, sobre todo, estar involucrados dun xeito moito máis aberto e dun xeito moito máis libre no que é a cultura de todas e todos os que compoñemos a sociedade.

É unha auténtica declaración de boas intencións que leva rulando pola Consellería desde hai máis de catro anos. Cando eu cheguei aquí e vin este texto, era un texto que xa estaba da anterior lexislación; basicamente non mudara nada todo o que é o articulado da lei e, con salvadas excepcións, non tiña ningunha outra modificación. É dicir, que é un texto que, para ben ou para mal, tiña que estarse traballando desde hai máis de catro anos.

Este, a nós —eu sinto dicilo así— parécenos un texto inocuo. É dicir, non se pode dicir nada malo do texto, pero é un texto inocuo —insisto, con excepcións e matices— e que mesmo podía resumirse nunha frase dun xornalista, que eu escoitei moito cando era pequena e que era: «Nin unha mala palabra nin unha boa acción». E é exactamente o que ten no miolo esta lei; non ten unha mala palabra, pero tampouco ten unha acción definitiva sobre aquilo que pretende.

Eu supoño que nos grupos desta Cámara estamos todos de acordo con todas as boas intencións da lei —estou segurísima—, tanto por parte do Partido Popular, que foi o que redactou estes 21 artigos, como por parte do Bloque Nacionalista e mesmo do noso grupo. Estamos de acordo con todas as boas intencións da lei, pero ese non é o tema —non é o tema—. Non estamos aquí para estar de acordo coas boas intencións que produce unha lei ou que vaia producir unha lei.

No PSdeG agardabamos con expectación esta lei, entre outras cuestións, porque conxuga unha necesidade propia dunha sociedade que evoluciona cara á integración e cara á inclusión de todos aqueles que a conforman. Para nós é importante, porque —se ben sempre digo o mesmo— a cultura é o último referente que vai nun programa político; e si que é importante para o Partido Socialista o termo «cultura» e, sobre todo, a «accesibilidade» e a «inclusión». Moito do noso traballo, tanto co terceiro sector —que é indiscutible, por outra banda— como coas asociacións e co tecido cultural, ten moito do que esta lei aquí podería incluír, é dicir, moito do que traballamos.

Insisto, conxuga —como dicía antes— unha necesidade propia dunha sociedade que evoluciona cara á integración e cara á inclusión de todas e todos aqueles que a conforman. É unha oportunidade —se me permiten— de apresar a modernidade, que xera a propia sociedade civil, e acompañala coa intención de mellorar a vida e a actividade que desenvolven os creadores, os colectivos e as institucións. Isto traería modernidade e regularía a modernidade,





que, basicamente é o que está acontecendo no tempo actual. Esta lei tería que estar regulando o que está a acontecer agora mesmo nesta contemporaneidade, e non o que podería ser unha cuestión de intencións ou un decálogo de intencións. En definitiva, para iso serven as leis, é dicir, para mellorar e para facer o camiño máis fácil e seguro.

Ademais, a lei chega aquí—como dicía— despois de varios anos esperando, e non se sabe moi ben onde, pero chega con pouca pulsión e con pouca entidade; parece máis ben unha cuestión de cubrir un expediente débil e inconciso. Tivemos unha idea —cosa que podemos ter calquera de nós—, pero facela realidade, implementala e facela útil..., iso é outra cuestión. Iso non está recollido nestes escasos 21 artigos que supón a lei. Implica un esforzo que nós, pola nosa parte, estaríamos dispostos a levalo a cabo, quero dicir, se xa se tiraron catro anos, ou máis, eu entendo que houbo unha premura por sacar a lei, pero poderíamos estar aportando —se nos fixesen un pouco de caso— con aquelas aportacións que nós pedíamos e incluso poderíamos implementar a lei cun maior significado.

Sobre todo, as aportacións de colectivos dos diferentes sectores foron, máis ben, escasas, pero iso era facilmente previsible. Chamar á participación ao tecido social non é enviar un formulario e non é unha chamada de teléfono: son xornadas e xornadas de traballo é e manter unha pulsión porque non é fácil participar. Quero dicir, non todos están dispostos a facer traballos, cos cales, evidentemente, vai mellorar a sociedade, pero implican tempo, esforzo, ganas e compromiso. Unha lei como esta precisa dunha pulsión necesaria sobre o terceiro sector e tamén sobre os axentes culturais.

E hai outra cuestión, e é que, por outra parte, o Partido Popular dixo que esta é a primeira lei deste tipo. Ser a primeira, non é un valor en si mesmo; ser a primeira é unha categoría, unha catalogación, unha iniciación..., pero non é máis que iso. É estupendo que unha lei sexa a primeira, e en hora boa pola iniciativa, pero precisa —como dicía antes— da pulsión, dunha dinámica grupal da cal arrancar as mellores propostas e, sobre todo, apostas.

E isto se fai necesario, sobre todo cando este Goberno que temos aquí, o do Partido Popular, ata agora, carece dun plan estratéxico de cultura galega. Curiosamente teno a Cidade da Cultura, pero non o ten a cultura galega; non hai un plan estratéxico e —eu creo— sería máis que necesario para afrontar esta lei porque estamos falando de cultura, que ten dous adxectivos e que ten dúas compoñentes que a delimitan, que é «accesible» e «inclusiva», pero, primeiro, teremos que saber como imos funcionar ¿Que queremos? Podemos estar de acordo ou non co seu plan estratéxico de cultura, pero teríamos que telo. É imprescindible; e dicímolo, ademais, por outra cuestión: porque o sector cultural é un sector precarizado e, en moitas ocasións, atomizado, e é para que poida ter, nas diferentes manifestacións culturais, un esquema organizativo que o leve cara a un sector con maior afianzamento e seguridade económica. É imprescindible.

E iso —creo— sabémolo todos os que estamos aquí. Non soamente son bandas de música nin concertos. A cultura é algo que vai moito máis alá e está atomizada e precarizada. E eu diría que nalgúns cuestións, ás veces, alégrome de que teñamos unha Consellería de Cultura, con lingua, e que non estea asociada a Educación ou a outras cuestións. E eu espero



que agora —imos facer un ano dentro de pouco— teña outro impulso porque realmente é necesario.

Creemos firmemente —antes dicía desta lei— que sería necesario saber cara a onde pretende este Goberno estruturar o sector cultural en Galicia. E mencionámolo tamén —como dicía antes— en diferentes comisións e reunións; e tamén dixemos, tanto pola nosa parte como pola parte doutras formacións políticas, que hai onde mirar en España, en diferentes cores políticas: en Vitoria, en Navarra, en Castilla-A Mancha... Teñen vostedes para onde mirar. Non fai falta ser dos primeiros, senón que fai falta, polo menos, copialo ben e tirar para adiante co que hai. Insisto, téñeno para a Cidade da Cultura; fágano para o que vai ser a cultura galega.

Ademais, este concepto de cultura inclusiva e accesible estase a traballar por parte de colectivos artísticos e de inclusión social, desde hai máis dunha década, en diferentes centros culturais do país. Trátase, sobre todo, de proxectos híbridos en que a comunidade artística elabora, ben por iniciativa propia ou ben porque son convidados a colaborar con colectivos, este tipo de proxectos que abranguen durante anos o espazo político, o espazo colectivo e o espazo social. E o que se esperaba desta lei é que non os cercenase, senón que os puxese en coñecemento da sociedade para —como dicía— impulsar proxectos expandidos.

No PSdeG elaboramos máis de dúas dúcias de alegacións; algunhas foron implementadas e outras non, pero —entendemos— tiñamos catro liñas que eran imprescindibles transaccionar e traballar coa Consellería ou coas consellerías tanto de Cultura como de Servizos Sociais. Primeiro, unha liña orzamentaria, coa cal pensa traballar a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ou a Consellería de Política Social e Igualdade. A contía por consellerías parécenos fundamental. É verdade que a lei está para ser aprobada ou a lei está para ser traballada, pero hai que saber en que rango nos imos mover porque hai moito que facer se imos desenvolver estes 21 artigos que recolle a lei; hai moito que desenvolver, e, se non temos un lugar que nos diga como imos articular orzamentariamente esta lei, esta quedará simplemente nunha cuestión de intencións.

Pediamos tamén unha especial atención ao colectivo LGTBQ, por tratarse dun colectivo que traballa boa parte da súa visibilidade e inclusión no ámbito da cultura, desde hai anos, e porque é un colectivo que vén traballando toda a problemática LGTBI dentro do ámbito cultural, é dicir, é un dos primeiros colectivos que colleu como arma a cultura para poñer unha pica en Flandes para ser visible no mapa da sociedade, tanto nacional como galega e, sobre todo, por que é salientable a problemática de violencia e de acoso que lle afecta e vai en escalada. O mesmo pasa con toda a visibilidade que ten que ver coas mulleres dentro da lei, pois algunhas transaccións foron aceptadas —nalgúnhas tivemos a cuestión de xénero, que foi aceptada— e outras non. Pero o colectivo LGTBI non foi tido en conta da maneira en que nós precisamos que fose tido.

Pediamos tamén traballar para dar a coñecer a lei entre a veciñanza de Galicia, pois ninguén a coñece. Quero dicir, a Federación Galega de Veciños non sabe que existe esta lei nin que se vai propoñer, cando é unha lei que fala de accesibilidade e de inclusión coa cultura. É dicir, son termos que hai que explicar —aínda que sexan plausibles e que sexan termos que poden



ser entendidos dunha maneira sinxela—, xa que é unha cuestión novidosa para a veciñanza que vaiamos traballar con este tipo de cuestións. Hai unha federación veciñal e hai diferentes asociacións de veciños, é dicir, iso que dicíamos antes de non mandar un formulario, senón de manter unha pulsión coa lei, aquí sería unha canle que nos veríamos axeitada para facelo e que non requiriría tampouco moito máis esforzo ou moito máis traballo do que temos ata agora. E iso non foi aceptado neste senso.

E por outra parte, pedimos tamén, en varias cuestións dos servizos sociais, un censo das entidades culturais e de carácter social, actualizado ano tras ano, en función dos proxectos relacionados que se leven a cabo, do financiamento co que contan e do público obxectivo que participou ou foi mediador e imprescindible para ver que os proxectos e que a implicación da lei ten sentido á marxe dun observatorio, evidentemente. Polo tanto, unhas explicacións ao respecto desta cuestión, unha documentación sobre esta cuestión, que estea visible na rede e que sexa pública para todo o mundo, fai que este tipo de traballos e de cuestións teñan unha transcendencia democrática e teñan tamén un valor social moito maior. Pois non foi posible.

Por outra parte, hai unha insistencia en determinar esta lei como un feito cultural ao uso. Eu creo que foi na última reunión ou na última comisión, onde se dixo, expresamente, que esta é unha lei de cultura. ¡Bueno!, nós non o vemos así. Evidentemente, é unha lei que fala de cultura accesible e inclusiva, pero o termo é moito máis amplo que o tema de cultura. Insisto, para o PSdeG isto non é unha definición. Non existe unha exclusividade respecto da que sexa unha lei que, basicamente, establece a cultura cunha separación evidente do eido da inclusión ou da accesibilidade. Todo o contrario, hai un espazo común —insisto—, desde hai xa máis dunha década, en que estes dous ou tres termos conflúen e son en si mesmo un só concepto. Mesmo desde que tivemos que vivir tempos tan aciagos, como os que acabamos de pasar, como foi a pandemia, por mor da covid-19, diferentes asociacións, escolas, universidades, centros de arte, colectivos artísticos, asociacións do terceiro sector etcétera puxeron en marcha accións, exposicións, elementos artísticos, arquivos procesuais...

Por certo, arquivos onde está todo recollido: desde a forma de falar, desde a terminoloxía lingüística, desde as expresións artísticas... Moitos museos os teñen xa, onde este binomio creceu exponencialmente e deu lugar a encontros, a publicacións e a produtos artísticos. É dicir, tiñamos onde mirar. A sociedade civil —para desgraza do que tivemos encima— fomos quen de participar e fomos quen de facer toda unha serie de accións, nas cales os termos «cultura accesible» e «inclusión» estaban alí postos e metidos, e, ademais, nese caso, desgraciadamente, con esa finalidade de poder entender o que estaba acontecendo na sociedade nese momento. Insisto, tiñamos onde mirar e tivemos tempo, pero non o fixemos.

Por iso, para nós, «cultura accesible» e «inclusión» van xuntos. Ou sexa, non é unha lei de cultura. Podémola encadrar na Consellería de Cultura para ter unha cuestión orzamentaria ou para ter unha cuestión de guía a través do seu plan estratéxico, no caso de que o houbese, pero tería que ir ensamblada, ao mesmo tempo, con estes dous conceptos e formar un só concepto.



Por iso insistimos en que a sociedade civil —como dicíamos antes— vai moi por diante desta lei, e xa ten un corpus construído. E o que precisa a comunidade que conforma o tecido cultural é ser escoitada para, a través da lei, regular e construír solucións de futuro. E cito, por exemplo, que é evidente que derribar fendas dixitais é necesario —aquí fálase da fenda dixital—; é necesario, pero non é menos certo que é un compromiso moi anterior a esta lei, do cal vimos falando xa hai décadas, e, polo tanto, é obvio seguir implementando esa necesidade. Pero é que agora estamos noutro nivel máis; estamos na era da intelixencia artificial, de ferramentas que nos farán avanzar moito máis rápido dentro da accesibilidade e da inclusión; estamos nun mundo de interconexións, no cal, ao mesmo tempo, as situacións persoais e sociais mudan case de xeito instantáneo, e non vemos que esta lei abra as portas para actuar con prontitude e mesmo con flexibilidade. Podemos parabenizalos polas intencións que explicitan nos 21 artigos —insisto—, pero, ao noso entender, non deixan de ser iso: unha declaración de intencións.

Hai unha análise crítica a este anteproxecto. Supoño que me dará tempo a facelo no segundo tempo, pero vou anunciála: unha falla de concreción normativa e dos mecanismos de implementación; unha ausencia —como dicíamos antes— de asignación orzamentaria; unhas carencias nas perspectivas da tecnoloxía no ámbito dixital; unha escasa atención a colectivos específicos e á perspectiva interseccional; unha falla de colaboración efectiva coa sociedade civil e cos axentes culturais. Estes son para nós os cinco eidos nos cales a lei é deficitaria; os cinco eidos que nós, nalgunha medida, quixemos tratar de activar e de mellorar, pero non foi posible. Non sei se, á marxe do que nos achegaba, no día de onte, a poñente, a señora Pomar, cunha serie de dúas ou tres aceptacións dunhas emendas. Non sei se isto pode ter unha cabida maior ou se podemos ter outro tipo de cuestións simplemente nesta lei.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Pero, en calquera caso, —o que dicíamos— é unha cuestión de boas intencións, pois, unha lei, ao noso entender, ten que ser moito máis ca isto.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Hoxe asistimos ao peche da tramitación do proxecto de Lei de cultura inclusiva e accesíbel de Galiza que presentaba o Partido Popular, pero teño que dicir que asistimos a algo máis; asistimos á demostración de que cando o Partido Popular quere axilizar os trámites legais e os traballos en comisión sábeo facer e, ademais, faino. Pouco máis de quince días de outubro foron suficientes para constituír a ponencia e tres breves reunións para pechar o Informe



de ponencia para o debate en comisión, hai poucos días, e traelo hoxe, inmediatamente, ao pleno seguinte a esa comisión.

E eu, á vista da capacidade resolutiva do Grupo Parlamentario do Partido Popular, quero facer unha breve paréntese para solicitar ao Grupo Parlamentario do Partido Popular que, por favor, responda xa á petición rexistrada polo BNG o 21 de outubro, é dicir, hai xa case un mes, dirixida á presidencia da Comisión de estudo para a revisión da letra do himno galego para que se retomen, dunha vez, os traballos que ficaron interrompidos no pasado mes de xullo. Catro meses leva paralizada esa comisión pola única e firme vontade do Grupo Popular. Desde logo, nin a Comisión promotora da ILP —que se defendeu nesta Cámara a finais do ano pasado— contra a cal, por certo, o Partido Popular e o Partido Socialista votaron en contra, nin, desde logo, o Grupo Parlamentario do BNG, podemos entender a que se debe a parálise dos traballos desta comisión. Confío en que a presidenta desta comisión, a deputada Cecilia Vázquez, e o vicepresidente, o deputado Borja Vereja, actúen con responsabilidade e prontitude para darlle cabo a esta comisión.

Voltando a este proxecto de lei, se o exercicio do debate foi breve —como digo—, o Informe da ponencia tamén o ten que ser. E isto é así, porque estamos a falar dun proxecto de lei que só ten vinte e un breves artigos e cinco disposicións tamén breves. No BNG defendemos, no pasado mes de setembro, unha emenda á totalidade a este texto e xustificámolo e argumentámolo por ser un proxecto de lei incoherente, inconcreto, intranscendente, irrelevante e ineficaz. Desde logo, non hai nada máis antitético co espírito dun texto legal que facelo nacer sen que sexa eficaz no inmediato para o conxunto da sociedade e, sobre todo, coherente cos obxectivos que di perseguir na súa introdución.

Con todo, malia esta emenda á totalidade, no BNG elaboramos 39 emendas coa firme vontade de contribuír, na medida do posíbel, para mellorar este texto de forma definitiva. E a pregunta é: ¿que valoración fixo o Partido Popular das 39 emendas do BNG? Pois foi a seguinte: aceptou unha emenda, a número 5; esta aceptación vai significar agora que os centros culturais de titularidade e de xestión pública estatal non van ficar excluídos da aplicación desta norma. Desde logo, no BNG, non entendiamos como se pode pretender garantir un acceso universal á cultura, excluindo do cumprimento desta lei, unha parte deses centros culturais, simplemente por seren de titularidade estatal. Agradecemos por suposto, a aceptación inmediata desta emenda.

A maiores, o Grupo Popular o que nos propuxo foi transaccionar tres emendas, concretamente as números 10, 23 e 24. Coa número 10 —que aceptamos esa transacción—, incorpórase como un novo principio reitor ao artigo cuarto, enunciado como «Planificación de base territorial». Con este artigo, preténdese garantir que, «Para os efectos dunha adecuada planificación pública en materia cultural, os poderes públicos galegos teñen que ter en conta a totalidade do territorio de Galiza e as propias especificidades deste territorio, co fin de garantir efectivamente a igualdade real e efectiva no acceso á cultura para todos e todas as galegas, independentemente do lugar que ocupe a súa residencia». En definitiva, do que se trata é de superar os actuais límites xeográficos como barreira excluínente no acceso á cultura.





A segunda proposta de transacción a que fai referencia a nosa emenda número 23 tamén a aceptamos e, desta forma, fica agora incorporada ao artigo 11, relativo a algo importante, que é o Plan de accesibilidade e de inclusión cultural. Esta emenda do BNG tiña como obxectivo fixar, na redacción da lei, que «A consellería competente en materia de cultura debe contar sempre coa participación das entidades, públicas e privadas, máis representativas dos intereses das persoas en que concorra algún factor de risco de exclusión cultural», nomeadamente as que mellor o saben e o coñecen por traballo e por experiencia, que son as entidades integradas no terceiro sector.

Dúas propostas de transacción, polo tanto, que aceptamos no BNG. Faltaba unha terceira, que é a que leva o número 24, e —digamos— levou un camiño diferente até o mesmo momento de comezar este pleno. Con esta emenda, no BNG o que queríamos era incorporar algo fundamental: un compromiso da Administración pública, que é determinante para que a aplicación dunha lei teña visos e garantías de prosperar, isto é, unha avaliación periódica, como a maneira fundamental de contrastar a eficacia e a eficiencia, así como a ferramenta ou o instrumento máis importante tamén para revisar e actualizar aquilo que sexa necesario en cada momento.

Eu propoñolles un pequeno xogo de atención entre a redacción da emenda do BNG e a proposta de transacción inicial do Partido Popular. A emenda do BNG para o Plan de accesibilidade e de inclusión cultural dicía o seguinte: «O plan será obxecto de implantación e de posterior seguimento e avaliación, ao menos, con periodicidade bianual e, de ser o caso, procederase a súa correspondente revisión». A transacción, inicialmente proposta polo Partido Popular, dicía o seguinte: «O plan será obxecto de implantación e de posterior seguimento e avaliación, podéndose actualizar se fose necesario».

Non me cabe a menor dúbida de que acaban de estar todos e todas as deputadas moi atentos a esta lectura e, rapidamente, se decatáran de cal é a diferenza entre as dúas propostas de redacción: o Partido Popular eliminaba o compromiso de avaliar o Plan de inclusión e de accesibilidade cultural, como mínimo, cada dous anos —eliminaba o compromiso de avaliación cada dous anos—. E a pregunta que nós nos faciamos era: ¿como quere o Partido Popular que resulte críbel e garantista, verdadeiramente comprometida unha Lei de accesibilidade e de inclusión cultural, se se nega a comprometerse cun calendario de avaliación da propia norma? Non é un trabalinguas nin é un xogo ou enredo lingüístico, senón que denotaba unha auténtica falta de compromiso coa accesibilidade e coa inclusión.

E eu, na Comisión, dirixinme á poñente titular, á señora Pomar, porque son consciente do seu currículo de coñecemento no ámbito da pedagogía e da educación, e pregunteille se non acreditaba na avaliación continua, como eu, desde logo, sigo firmemente acreditando como docente. É certo que naquela comisión non respondeu, pero penso que si que acredita porque seguiu traballando coa Consellería no sentido de que aceptasen a nosa proposta, e, polo tanto, hoxe mesmo, antes de comezar o pleno, comunicásenos que si que se acepta que figure o compromiso de avaliar, como mínimo, cada dous anos este Plan de accesibilidade e de inclusión cultural, para intervenir en calquera necesidade de revisión que se observe a partir da avaliación. Polo tanto, entendemos que esta terceira proposta de transacción tamén está incorporada e é aceptada polo BNG.



Polo tanto, unha emenda aceptada polo Partido Popular, das presentadas polo BNG, e tres propostas de transacción tamén agora aceptadas —xa digo—; a terceira, in extremis, xusto antes de comezar este pleno.

En calquera caso, a poñente titular, a señora Pomar, tamén nos deu a oportunidade de chegar algunhas outras emendas que no BNG entendésemos que eran importantes e que requirían unha nova valoración do Partido Popular; e así colocamos enriba da mesa nove emendas que, para nós, eran moi importantes e que debían ser aceptadas polo Partido Popular. De forma moi resumida, coa incorporación destas nove emendas, pretendíamos incluír na lei os seguintes aspectos: a definición de o obxecto desta lei ser non a de «promover», como di habitualmente, senón a de «garantir» a igualdade real de acceso e de participación efectiva e inclusiva na vida cultural de todas as persoas que vivan en Galiza, sen exclusións de ningún tipo. Pretendíamos tamén que se recollese a consideración de a lingua galega ser un factor de risco de exclusión cultural, así como un elemento troncal e instrumental na tradición cultural galega que cómpre garantir de cara á súa pervivencia, presente e futura, mediante a garantía dos dereitos de coñecemento, de uso e de visibilidade, sen exclusións. Pretendíamos incorporar a planificación de programas e actividades de alfabetización dixital da sociedade galega, encamiñada á eliminación progresiva da fenda dixital a respecto da creación, da conservación, da protección da produción, da transmisión e da difusión cultural, atendendo sempre a un uso preferencial da lingua galega.

Incorporabamos tamén o compromiso firme dos poderes públicos co estímulo da creación artística e cultural, así como o da investigación científica das mulleres, mediante a programación de medidas de impulso á promoción, á difusión e á visibilización das súas creacións. Incorporabamos tamén a necesidade imperiosa de fixar un prazo de seis meses para a creación do Observatorio da Cultura Inclusiva que determina a lei, e non de dous anos, como figura na redacción da propia lei. Incorporabamos a necesidade tamén de tramitar esta lei, acompañada da correspondente memoria económica, coa finalidade de dotala do contido real a respecto da implementación e do seu seguimento.

Temos que dicir que todas estas emendas atoparon o Partido Popular en contra, agás a número 27, que ficou pendente tamén de resolución. E esa emenda número 27 —repito— é a que fai referencia a algo que para o BNG é fundamental: o compromiso firme dos poderes públicos co estímulo da creación artística e cultural, así como da investigación, tamén en materia cultural, que asinan as mulleres mediante a programación de medidas de impulso á promoción, á difusión e á visibilización das súas creacións. Desde logo, maltrato ás mulleres tamén é invisibilizalas desde a perspectiva da creación, da xestión e da investigación cultural. (*Aplausos.*)

Teño que dicir tamén que, finalmente, esta proposta de transacción que nos ofreceu tamén, in extremis, o Partido Popular foi aceptada porque fica así recollida na lei, e, para nós é un engadido e un reforzo positivo para a propia redacción da lei.

En definitiva, a actitude propositiva do BNG foi incuestionábel durante este proceso e a vontade construtiva tamén, pois, malia vermos neste proxecto unha lei claramente insuficiente



e que non atende nin dá respostas sequera aos obxectivos que di perseguir na súa exposición de motivos, aínda así fixémoslo posíbel por facer parte da mellora do texto.

No BNG non nos resignamos a deixar pasar a oportunidade de mellorar este proxecto de lei nesta —non o esquezamos— segunda tramitación, despois de debaterse a finais do ano pasado, do ano 2023. Nós non comprendemos como no Grupo Parlamentario do Partido Popular, tampouco como vostede señor conselleiro —ao cal agradecemos a súa presenza neste debate—, se resigna a herdar un texto procedente da lexislatura anterior, sen aproveitar esta oportunidade para abrir un tempo de diálogo, de contraste, de escoita e de coñecemento directo, sobre todo coas entidades do terceiro sector.

Lembro, de novo, as palabras que me dixo, precisamente, unha destas entidades —coas cales mantemos o contacto necesario e obrigatorio, desde logo, para o BNG—: «Non é preciso lexislar máis; é preciso revisar e eliminar o que hai de excluínte na lexislación vixente». Por favor, tomen nota. Concordamos con esta definición e, ademais, aínda engadimos. É urxente que o Partido Popular cumpra as leis que aproba, é urxente cumprir as leis, como por exemplo a Lei de inclusión social, aprobada en 2015. Esa lei obrigaba a Xunta a impulsar e actualizar, en colaboración coas entidades, un Plan galego de inclusión social. ¿Onde está? E a Lei de accesibilidade, de 2014; ¿onde está o decreto que a desenvolve? Dez anos despois, ¿onde están? Durmindo o insolidario sono do esquecemento inxusto do Partido Popular.

Nin inclusividade nin accesibilidade en dez anos. O que si conseguiron é ter unha absoluta falta de credibilidade, o peor dos precedentes, para poder acreditar nunha verdadeira vontade de facer eficaz e eficiente esta Lei de cultura inclusiva e accesíbel.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Queixas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Pomar.

**A señora POMAR TOJO:** Moitas grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro.

Bo día, señorías.

O libre desenvolvemento da personalidade, xunto coa dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes e o respecto á lei e aos dereitos dos demais, son fundamento da orde política e da paz social, segundo sentenza o artigo 10, que introduce o título primeiro da Constitución española, denominado «Dos dereitos e deberes fundamentais.»

Deste modo dá comezo así mesmo a exposición de motivos do texto articulado do proxecto de lei cuxa ponencia debatemos hoxe nesta sesión plenaria como trámite final para a súa





aprobación; unha lei que pretende facilitar o dereito de acceso á cultura de todas as persoas sen excluír a ninguén, e que define un claro obxectivo: o de conciliar a cultura coa realidade das diferenzas que estas persoas presentan, facendo fincapé en todas aquelas que pertencen a colectivos cuxa desvantaxe persoal ou social acaba por supor un verdadeiro atranco no ámbito cultural.

Unha lei de dobre fluxo que busca así mesmo, e de modo explícito, apoiar e dar visibilidade á creatividade e ao talento de tantas persoas que pola súa situación de dificultade permanecen agochadas para o público potencial e para a sociedade en xeral, coas consecuencias sociais e económicas que isto conleva e inherente ao dano para o seu desenvolvemento persoal.

O pasado sábado día 16, precisamente no marco do 45 aniversario da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, celebrouse unha interesante xornada co título «Cultura xorda, cultura accesible», cun claro enfoque na inclusión e na accesibilidade cultural; un encontro no que foi o presidente da Coordinadora Nacional de Entidades de Persoas Xordas quen sinalou que esta lei é pioneira en España e en Europa.

Acaído tamén que o mesmo sábado, e coincidindo na hora, tivera lugar a xornada anual de familias de Fademga Plena inclusión, na que un ano máis foron postas enriba da mesa as principais demandas das persoas e das familias que forman esta entidade e que reflicten a necesidade de ter todas as oportunidades como potenciais consumidores e consumidoras de cultura e/ou creadores e creadoras da mesma.

Pensen, señorías, que o noso ordenamento xurídico carece neste momento dunha norma que regule este acceso á cultura en termos inclusivos e que integre baixo este paraugas mesmo a creación como consumo cultural. Polo tanto, non poden negar a oportunidade e a pertinencia desta norma, tendo en conta o marco xurídico no que nos movemos noutros eidos nesta terceira década xa do século XXI.

E éo, sen dúbida, estatutariamente, cando no artigo 4.2 do noso Estatuto se recolle a obriga de facilitar a participación de todas as persoas na vida política, económica e social, pero tamén explicitamente na vida cultural. Recoñecido este corte ou salto entre a regulación das cuestións culturais, por unha banda, e as inclusivas e de accesibilidade, por outra, no marco do artigo 148.1.17, e recollendo ese artigo 4.2 mencionado do noso Estatuto, queda absolutamente probada non só a oportunidade senón tamén a urxencia desta norma.

Miren, señorías, esta norma está pensada para aqueles colectivos desfavorecidos ou con maiores dificultades de inclusión, polo tanto en desvantaxe, para seren removidos todos e calquera dos obstáculos que inhiban ou prexudiquen a súa participación plena na vida cultural. (*Aplausos.*)

Estamos a debater unha lei, unha lei que coidamos que marcará un antes e un despois para o acceso á cultura das persoas ben como consumidoras, ben como produtoras, ou en ambas as dúas perspectivas. Vostedes, señorías da oposición, tentan buscar nesta norma o que non é, para dicir que non está ben feita, e tentan buscar o que non corresponde regular na mesma para xustificar a súa crítica, que a considera incompleta. Tentan buscar comparacións con



outros textos que nin son norma nin falan de cultura inclusiva. E todo isto cae polo seu propio peso. Muden esa actitude e sexan quen de entender o porqué, o para quen e o como da norma.

Primeiro tentaron que se devolvera o proxecto, aínda que dende os Socialistas de Galicia —paradoxo—, na súa emenda parcial 37, pretendían que se incorporase o coñecemento dos preceptos básicos da lei nos programas de formación regrada relacionados coa mesma. Resulta cando menos irónico que o fagan nunha emenda parcial cando presentaron unha emenda á totalidade. Señorías, é obvio que, tras a súa aprobación, como moitas outras normas, será estudada onde se considere preciso. Así mesmo, implicará tamén a obriga de cumprila, non o esquezamos. Así que vostedes mesmos, nunha sorte de rectificación, recoñecen a súa pertinencia.

Dicía que estamos a debater unha lei que regulará o acceso á cultura, con independencia das condicións e circunstancias particulares ou colectivas. Polo tanto, non estamos nin ante un plan nin ante un conxunto de accións, nin ante unha estratexia. Trátase de recoller ao longo dos vinte e un artigos e das cinco disposicións as bases que abren un novo escenario para ir da man dos colectivos da diversidade, desfacendo barreiras e marcando obxectivos, para que a cultura sexa cen por cento accesible para todas as persoas e para que a cultura sexa unha ferramenta de expresión para todas e todos sen exclusión.

Claridade e concisión nos obxectivos e tamén nos principios reitores que xiran ao redor de seis eixos vertebradores: accesibilidade cultural, como condición supraordinal e aplicable a contornos, bens, servizos, produtos, ferramentas, dispositivos, co fin común de seren comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en exclusión; deseño cultural para todas as persoas, enfoque no que se considera tanto a vertente creativa ou xeradora de produtos e servizos culturais como no acceso e consumo dos mesmos; inclusión cultural, proceso definido pola participación activa das persoas en igualdade de condicións e de forma plena en todas as fases e ámbitos da cultura; diversidade cultural, unha perspectiva que debe pór en valor a participación real e efectiva de todas as persoas na cultura; participación cultural, principio polo que as administracións públicas contribuirán ao diálogo permanente con colectivos e entidades culturais; e, por último, colaboración e cooperación entre administracións públicas e entidades privadas.

Insistimos dende o noso grupo parlamentario unha vez máis, como o fixemos nos debates anteriores, tanto en pleno como en comisión, en que o plan, as accións e a estratexia derivan naturalmente do desenvolvemento da lei.

A maiores, insistimos tamén: esta non é unha norma de inclusión social, senón de cultura inclusiva. Nin pode solapar normativas que competen a políticas de emprego ou a políticas sociais, aínda que todas elas estean transversalmente imbricadas. Aínda máis, esta norma debe ser complementaria doutras, pero nin excluínste nin derogatoria.

Fíxense, señorías: dende o ministerio, por agora, o que se propón é un plan de dereitos culturais, que, en primeiro lugar, non ten o carácter xurídico deste proxecto de lei e que, en



segundo lugar, é tan amplo e toca tantas e tan variadas perspectivas que peca de exceso e nada ten que ver coa cultura inclusiva como eixo central.

Son niveis de concreción absolutamente dispares. Aínda máis, nalgúñas das súas propostas dende o Grupo Socialista falan de acurtar prazos, para que no plan que xurda do desenvolvemento desta lei que debatemos pois sexan máis curtos, pero vostedes son conscientes de que este macroplan ministerial do que falo plantexa a consecución dun texto definitivo —e sendo un plan— en maio do ano 2025. Polo tanto, señorías, plan disperso e difuso, sen aprobar e sen rango de lei.

Nós cremos que o sentido lóxico, o que ten que imperar, ese sentido común do que falamos moito dende o noso Grupo Parlamentario Popular, está na liña do que demandan as entidades consultadas e que fixeron aportacións. Temos que partir dunha norma que é necesaria e imprescindible e despois —insisto—, a partir dela, desenvolver ese Plan de accesibilidade e inclusión cultural.

Señorías, non hai unha norma similar no dereito comparado, non a hai. Polo tanto, nin é unha idea replicada nin unha copia menor de nada, nin se tomou a idea doutros ordenamentos xurídicos. Vostedes seguen a buscar, como dicía antes, referentes de comparación, señorías, pero é que non os hai.

Galicia non precisa dunha lei que regule os dereitos culturais, porque xa conta no seu ordenamento xurídico con varias leis e normas que tanto por separado como sectorialmente regulan dereitos culturais concretos, e fano de forma ampla e precisa: patrimonio cultural, arquivos, museos, bibliotecas, senón dunha lei que facilita a remoción dos obstáculos que dificultan o exercicio precisamente deses dereitos na creación e o desfrute cultural.

Aínda máis, esta norma cuxo debate final traemos hoxe a esta sesión plenaria responde aos principios de calidade normativa de racionalización do sector público autonómico, (*Aplausos.*) quedando, segundo este criterio de non redundancia, constancia de que non existe no noso ordenamento xurídico ningunha norma na que se regule o acceso á cultura neste dobre fluxo de participación e creación inclusiva.

Insistimos unha vez máis en que a lei non arrinca dunha petición dos colectivos do terceiro sector —xa llelo indiquei noutros debates—, pero é importante que quede claro que a iniciativa foi concibida pola consellería e presentada ás entidades do terceiro sector antes de comezar a súa redacción. Aínda máis, o feito de que un departamento como Cultura, alleo en principio á xestión de políticas sociais, tivese a sensibilidade de legislar sobre o acceso á cultura dende a ollada dos e das máis vulnerables é evidentemente un logro.

E si, señorías, houbo consulta pública previa, por moito que vostedes intenten subestimar esa fase; sete meses e corenta e catro entidades, un acto público tamén de lanzamento da norma —cuxa valoración foi absolutamente positiva—, dous trámites de consulta pública, sete informes emitidos polos órganos respectivos dos colectivos afectados.



Nesta parte de aclaracións pertinentes sobre o texto da ponencia, quero así mesmo que non quede lugar a dúbida de que si están previstos acordos ou convenios co Estado, no artigo 19, así como colaboracións con entidades de iniciativa social, nos artigos 11, 16, 19 ou 21.

A lei serve para establecer un marco de actuación nun ámbito que nunca foi regulado. Tras a súa entrada en vigor, ese marco permitirá definir medidas concretas, medidas que poidan ir modulándose e adaptándose ás necesidades de cada momento e de cada colectivo.

Para definir esas medidas con nome e apelidos, consideramos que os colectivos afectados teñen moito que dicir, e poderán facelo; poderán facelo a través dese Plan de accesibilidade e inclusión cultural, no que a lei prevé que participen de maneira activa.

Non cabe en ningún caso cuestionar unha lei que, non excluindo ningunha persoa, tal como reza o artigo primeiro, e tampouco ningún ámbito cultural, segundo consta no artigo terceiro, teña como obxecto regular o acceso á cultura para todas as persoas, cun articulado que se redacta coas lentes dos que teñen máis problemas nese acceso.

En canto aos mecanismos de seguimento, a lei prevé un órgano, como é o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia, como órgano colexiado que, aínda dependente da consellería con competencias en materia de cultura, poida ser participado doutros órganos da Xunta de Galicia e incluso doutras administracións públicas ou entidades do tecido asociativo e das industrias culturais; observatorio que precisamente levará a cabo ese seguimento do cumprimento desta norma, nunha dinámica viva e aberta, de análise e de avaliación constante, así como as consecuentes propostas, cando así sexa necesario, en materia de inclusión e accesibilidade cultural.

Polo tanto, señorías, non nos resta máis que solicitarlles que apoiem este proxecto de lei pioneiro, e que trata por primeira vez o acceso á cultura dende a perspectiva da inclusión e o acceso universal.

Dende o noso grupo parlamentario parabenizamos a consellaría, na persoa do seu conselleiro, o señor López Campos, e tamén parabéns extensivos a todo o seu equipo, e estamos seguras e seguros de que esta lei suporá un grande impulso á creación e ao acceso á cultura de todas as galegas e galegos, con independencia das súas condicións persoais, sociais e —o que é máis importante ademais en Galicia— territoriais, especialmente aquelas con maiores dificultades de acceso e aquelas máis vulnerables.

Polo momento, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pomar.

Grupo Parlamentario Socialistas, señora Longueira.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Grazas, novamente.

O que tratamos de facer con estas achegas ademais non é a crítica pola crítica, é que cremos que é insuficiente. Realmente, vostede acaba de facer unha defensa case épica destes vinte



e un artigos, e eu sinceramente creo que estamos a 19 de novembro de 2024, e, se Deus nos dá saúde, imos ver como estamos dentro dun ano. Eu quero saber que é o que vai pasar, porque realmente aquí non hai nada que diga que vai pasar; por non haber, non hai nin partida orzamentaria, nin se contemplou nos orzamentos que poida habela. Non sei, realmente é como unha incógnita, porque eu non sei que dereitos vai defender moito máis alá se algo non ten unha dotación orzamentaria, sinceramente.

E, despois, insisto en que non é criticar por criticar; ou sexa, durante quince anos neste Parlamento, nesta comunidade autónoma, negóuselle o pan e o sal ao idioma galego, e hoxe hai un xiro de temón e parece ser que queremos reconducir a cuestión. É dicir, ¿como non imos pedir un plan estratéxico!, é que non sei a onde imos. Entón, gustaríanos saber.

Igual que hai quince anos decidimos que prescindiamos dun patrimonio cultural como era a lingua, e a ninguén nos pareceu ben, polo menos á metade deste hemiciclo non lle pareceu ben, e á metade da poboación que está aí fóra tampouco; se hai quince anos decidimos que ese patrimonio cultural non tiña nin por que ser accesible, e podíamos ademais demonizalo ou arrinconalo, ou chegar ás cifras maravillosas que temos actualmente, ¿como non imos estar pendentes de se hai un plan de cultura para saber que imos facer? É que eu creo que aínda hoxe non sabemos ben o que imos facer. Unha cousa é ter boas intencións, pero outra cousa é..., ben, aquí tráesenos para que teñamos un plan sobre as cousas e propoñer e debater.

Eu comezaría a falar dos dereitos culturais, e comezaría a falar pola comunidade artística, a que produce cultura, que ten uns dereitos inexistentes basicamente, que viven do que poden, a maioría deles.

E despois falaba vostedes de que teñen a intención de legislar para os máis vulnerables. Non me estraña, imos crecendo, somos seiscentos mil, Galicia ten seiscentas mil persoas en risco de exclusión. A verdade é que deberíamos de legislar para eles, si, pero basicamente para cambiar a vulnerabilidade, porque a accesibilidade á cultura está moi ben, pero estaría moito mellor que a través —ben, non está aquí a conselleira— da política social mudáramos o rumbo de seiscentos mil galegos que están en risco de exclusión.

Pero —insisto—, todo este articulado, escaso, inconciso, supoño que feito coa cuestión de que temos ese obxectivo e hai que facelo, pero, dende logo, sen a intención de que teña unha perspectiva de futuro, a nós parécenos que non ten moito máis sentido.

Diciamos antes —nunha análise deste anteproxecto—, o primeiro que comentaba era a falla de concreción normativa. Formula principios xerais, como é a accesibilidade e a inclusión, pero carece, como dicíamos, de medidas concretas e mecanismos que garantan o cumprimento. Menciónase a eliminación de barreiras físicas, sociais e económicas, pero non se establecen prazos nin ferramentas. Hai disposicións sobre a formación e o deseño universal, que son vagas e non aseguran unha implementación efectiva no nivel territorial. Hai ausencia, como dicíamos, de asignación orzamentaria, non hai referencia a un orzamento específico para financiar accións de accesibilidade e inclusión, non hai un compromiso —insisto— financeiro explícito, e a lei corre o risco de converterse no que estamos dicindo, nunha declaración de intencións. Hai carencias na perspectiva tanto da tecnolóxica como da dixital; aínda



que recoñecemos esta fenda, o texto non propón solucións estruturais para a redución da fenda dixital, como a dotación de dispositivos ou a formación tecnolóxica adaptada para colectivos vulnerables; e resulta incoherente —entendemos nós— nun contexto de transformación dixital global, como o que mencionamos na primeira parte da intervención. Hai unha escasa atención aos colectivos; é verdade que se mudou esa intención coa igualdade de xénero e a visibilización da cultura feminina, pero seguimos sen ter en conta a exclusión que sofre o colectivo das persoas LGTBI, que para nós —insisto— era garantir polo menos unha seguridade no seu colectivo. E hai unha falla de colaboración efectiva coa sociedade civil e cos axentes culturais, aínda que repiten vostedes que se chamou a máis de corenta entidades, e non hai uns procedementos claros para garantir a súa participación activa no deseño e implementación e seguimento da lei, e hai unha desconexión —entendemos nós— coa realidade dos axentes culturais que xa traballan tanto na accesibilidade como na inclusión.

Nós propuxemos —non foron aceptadas— esa concreción de medidas e prazos, esa asignación orzamentaria, ese reforzo da perspectiva dixital e ese ampliar os colectivos vulnerables e fortalecer a cooperación público-privada. E eu teño moitísima pena de que isto non fora tido en conta.

Insisto: un Plan estratéxico de cultura non ten por que levar máis alá de tres meses, cando ademais temos un conselleiro *ex novo*, cun equipo que tería supoño que toda a intención de poder facelo. Non tería que levar moito máis alá de tres meses, tendo en conta que xa sabemos o que queren; vostedes saberán o que desexan facer, o que queren facer.

Pero todo o demais tería sido cuestión de que nós puideramos incluso facer unhas melloras a esta lei, que —insisto— para nós é importante, porque realmente cremos nisto. Moitas das cidades desta comunidade autónoma, o tecido asociativo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** ... —remato xa—, que construíu unha base social, fixérono os concellos socialistas; entón, para nós é importante traballar con estes colectivos, que creo que nos fixemos grandes uns aos outros. Nós demos para arriba moitos dos colectivos hoxe do terceiro sector que están solventando grandes problemas na sociedade e creo que é de xustiza escoitalos e telos en conta, cunha lei que din vostedes que os vai axudar. Eu creo que sería ben telos aquí e telos cunha maior participación no proxecto.

Pola nosa parte, nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Grazas, presidente.

Ben, en primeiro lugar teño que dicir que discrepo, señora Pomar, cando vostede di que Galiza non precisa unha lei de dereitos culturais. Nós pensamos que si, por iso seguimos tra-





ballando nela. Precisa unha lei de dereitos culturais, precisamente que teña como bases, como piares, ese carácter integral e transversal, que é precisamente do que carece o ámbito do sector cultural en Galiza. O que non precisamos son máis leis parciais, minifundistas, que ademais vostedes nin sequera desenvolven, como son as que citou: a de museos, as de bibliotecas, do libro, etcétera, etcétera.

En relación co tema que nos ocupa, que é a tramitación do Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesíbel de Galiza, teño que dicir que pode o seu discurso ser do máis grandilocuente, do máis épico, pero non vai conseguir tapar nin a irrelevancia nin a inconcreción desta lei. E non é só que o digamos dende o BNG, é que xa llelo dixo o Consello Económico e Social cando lles aconsellou no seu informe a utilización dunha linguaxe que evite os triunfalismos e cando lles dixo, ademais, e lles recriminou por escrito, a extensión desproporcionada da exposición de motivos, que non cadra para nada nese regulamento exíguo de vinte e un brevísimos apéndices chamados artigos.

Pode tamén na súa defensa —e eu comprendoo perfectamente, como portavoz do Partido Popular— abusar da literatura legal para disfrazarse do que realmente están a ser, e é pois unha representación como daquel alumnado avantaxado, mais demostran que o que son realmente é alumando repetidor e sen intención de legislar de verdade para mellorar a vida das persoas, e sobre todo das persoas que máis o necesitan, que están sometidas diariamente ao gume da navalla da exclusión.

Poden insistir aquí en palabras, en intervencións cheas de solidariedade, de compromiso co acceso á cultura inclusiva, mais, se de verdade lles tivese preocupado até o de agora a inclusión de todas as persoas, terían desenvolvido a Lei de inclusión social e a Lei de accesibilidade, que —repito— foron incapaces de aplicarlas en dez anos. *(Aplausos.)*

Polo tanto, ¿como vai ser críbel que as dúas únicas medidas concretas que ten esta lei, que recolle esta lei, que son o Plan de accesibilidade e de inclusión cultural e a creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesíbel de Galiza, precisen aínda de dous anos máis? ¡É que levan quince anos gobernando e nin sequera teñen isto elaborado!

Por certo, tamén llelo di no seu informe o Consello da Cultura Galega, que xa a estas alturas evidentemente dubido que teñan lido, como tampouco leron o informe do elevadísimo impacto da macrocelulosa de Altri e outros. E é irrelevante —dixémolo efectivamente, como tamén lles di o Consello da Cultura Galega no seu informe— esta lei, pois non figura na documentación remitida unha memoria económica, polo cal descoñecemos cales son as medidas que axudarán a implementar esta lei. Polo visto, para vostedes isto tamén é unanimidade, e non o teñen en conta nin sequera sendo un informe dun órgano estatutario como é o Consello da Cultura Galega.

Dende logo en cuestións de economía o que si temos claro a día de hoxe é que nos orzamentos de 2025 hai cero euros para desenvolver esta lei, ¡cero euros! *(Aplausos.)* Polo tanto, no 2025 non lle vai tocar ningunha medida.

A Consellería de Cultura, precisamente —volvo lembralo, como dixeran na Comisión de Orzamentos—, é a última consellería das doce que ten este docepartito do Goberno Rueda, a úl-



tima, a que menos orzamento ten e que polo tanto non reserva financiamento —insisto— para desenvolver esta Lei de inclusión e de accesibilidade cultural.

O Partido Popular, en definitiva, o que pretende asinar é a Lei da nada cultural: moito fomentar e nada de concretar. Porque esta lei, efectivamente, é unha declaración de intencións que escapa das obrigas concretas da Xunta e, polo tanto, do recoñecemento do exercicio dos dereitos culturais.

Esta lei é unha emenda á totalidade das políticas culturais da Xunta nos últimos quince anos, unha política que somete a unha liberdade condicionada a expresión cultural galega, ao atacar a súa principal liña de flotación, que é a lingua galega. Sen lingua galega, non hai cultura galega, e limitar as posibilidades de aprender e usar o galego é limitar o desenvolvemento pleno da cultura galega, que é o mesmo que gobernar para non garantir nin os dereitos culturais nin os dereitos lingüísticos.

Esta Lei de cultura inclusiva e accesíbel, infelizmente, non vai dar resposta ás necesidades que di pretender atender. E non o vai facer porque o Partido Popular decidiu ignorar as alegacións presentadas, sobre todo —insisto nisto— polas entidades que mellor coñecen estas necesidades e as propostas de actuación que se necesitan, que son precisamente as entidades do terceiro sector, que non entenden como non aproveitou o Partido Popular esta segunda oportunidade que se está a dar para incorporar esas alegacións ou como mínimo contrastar de novo e dialogar con eles; unha oportunidade perdida, infelizmente. Nada vai mudar no día despois en que esta lei se publique no *DOG*, e terá que ser unha responsabilidade que asuma o Partido Popular.

No BNG dende logo seguiremos a traballar nesa lei integral, transversal, capaz de garantir plenamente os dereitos culturais, e sempre contando coa sociedade, sen exclusións; unha lei para o século XXI, á altura da normativa cultural que xa está desenvolvida en Europa e no Estado español.

A cultura galega, a sociedade galega non precisa máis artefactos lexislativos illados nin máis incumprimentos da lexislación que xa foi aprobada hai unha década. É unha indecencia política xogar desta maneira coa exclusión de quen máis atención precisa da Administración pública.

Remato xa, e aproveitando que está aquí o señor conselleiro, acabamos de saber que o coordinador de Cultura do Partido Popular acaba de dimitir, argumentando a falta de competencia da Consellería que vostede dirixe.

Desde logo, confianza e credibilidade, cada vez menos. Aproveite a súa intervención para dicirnos dúas accións —non lle pido máis— sensíbeis que vaian realmente resolver os problemas de inclusión e de accesibilidade que ten a sociedade. ¿Que dúas medidas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** ...van ser inmediatas e que a sociedade vai percibir, unha vez que esta lei se publique no *DOG*?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)





**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pomar.

**A señora POMAR TOJO:** Moitas grazas, presidente.

Acabamos de debater na Comisión 3ª, señorías, os orzamentos da Consellería da Cultura para o vindeiro ano 2025: 400.000 euros están nos orzamentos, orzados para o ano 2025, para o desenvolvemento desta lei. Esquecéuselle moi rápido porque acabamos de debatelos na Comisión 3ª.

En calquera caso, permítame que comece esta segunda intervención do mesmo modo que o fixen no debate en comisión, cando expuxen o noso posicionamento ao respecto das súas emendas parciais: as 56 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 39 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Cando estas emendas foron rexistradas, fomos conscientes de que, tras o rexeitamento das emendas á totalidade que os grupos Socialista e Nacionalista presentaron o pasado mes de setembro, estas emendas acaban de cambiar o formato, pero non o fondo, emendando, no caso do Grupo Socialista, case a totalidade do articulado, deixando unicamente catro artigos sen emendar. Porén, na nosa intención está, e sempre estivo chegar a un consenso —e así llelo comuniquéi ás voceiras dos grupos emendantes— para facilitar a aprobación desta lei. E —como expliquei na miña intervención no marco da Comisión 4ª— moitas das emendas quedan fóra de transacción por defectos de forma.

Queremos, unha vez máis, valorar positivamente, en todo caso, a aceptación de propostas de transacción no artigo 14, referido a engadir «a análise da información cultural en materia de xénero nas distintas áreas e centros culturais», no artigo 18, que engade a expresión «tanto dixitais como analóxicas» con respecto aos medios de difusión das programacións culturais, e, por último, no artigo 20 bis, que recolle «as accións de fomento de responsabilidade autonómica». Estas tres emendas son do Grupo dos Socialistas de Galicia. E os acordos de transacción por parte do Grupo do Bloque Nacionalista Galego no artigo 4, correspondente á planificación territorial e no artigo 11, no seu punto 3, sobre a participación na elaboración do Plan de accesibilidade e de inclusión cultural.

Polo tanto, ademais da aceptación directa da emenda 5 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, hai cinco textos transaccionados, que xa foron aceptados polos demais grupos e que, ademais da aceptación, foron xa engadidos ao texto final da ponencia que votamos hoxe; son transaccións que, no noso grupo parlamentario, agradecemos e consideramos importantes para establecer este marco de preacordos.

Como mencionaba a voceira do Bloque Nacionalista Galego, a señora Queixas, quedaron pendentes de posible revisión transaccións, co Grupo do Bloque Nacionalista Galego, nas emendas 24, correspondente tamén a ese artigo 11, sobre o Plan de accesibilidade e de inclusión cultural, que xa fora transaccionado en parte, e agora, chegando ao acordo de engadir explicitamente —como vostede dixo— o feito de que «a revisión do mesmo teña periodicidade, ao menos, bianual, co fin de proceder á revisión e actualización». Tamén na emenda 27, correspondente ao artigo 14, que fai referencia ao «pulo á investigación e á creación artística e



cultural das mulleres, así como ás políticas de impulso á promoción, á difusión e á visibilización das súas creacións mediante medidas acaídas e suficientes para o cumprimento destes obxectivos»; transacción que acaba de ser aceptada polo grupo propoñente e polos demais grupos. Polo tanto, este artigo 14 é froito de dúas transaccións: a 27 do BNG e a 32 dos Socialistas de Galicia. E tendo en conta que é un artigo correspondente ao xénero, valoramos este acordo de todos os grupos parlamentarios, e máis nunha semana como na que estamos.

En canto ao resto das emendas que foron rexeitadas —como tamén comunicamos dende o noso grupo parlamentario—, hai unha serie de propostas de emendas que restan claridade e sinxeleza ao texto, resultando obstaculizadoras nos procesos de comprensión, da conseguinte interpretación e da consecvente aplicación destas. Outras propostas engaden ao texto redundancias innecesarias, inexactitudes, ambigüidades e imprecisións, e algunhas reiteran aspectos xa recollidos noutros artigos, mentres que outras, pola contra, limitan a aplicación do artigo ao cal fan referencia para modificalo. Así mesmo, a proposta do Grupo Socialista estaría a alongar a exposición de motivos, que o BNG di que xa é moi longa, referíndose a estratexias *ad hoc* que non teñen cabida nesta norma ou á indeterminación de carácter xurídico.

En consonancia co que expuxen na miña primeira intervención, as demais emendas que non se refiren a criterios formais, mais a contido propiamente dito —insisto de novo—, é fundamental que entendan, señorías da oposición, cal é o obxecto deste texto lexislativo, así como o seu ámbito de aplicación e os seus obxectivos específicos. Insisto na necesidade de deixar claro que colectivos están realmente en risco de exclusión social e necesitan máis ca nunca un amparo legal coma este para non veren lastrada a súa condición como consumidores e consumidoras de cultura ou creadores desta. Aínda máis, estamos convencidas e convencidos de que servirá de exemplo para outras comunidades autónomas. Reiteramos que esta lei se focaliza no plano cultural, e non é unha norma de inclusión social. E por último, señorías, deben entender que esta é unha norma promovida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, cuxas accións, polo tanto, vense e veranse orzadas nesta consellería, e as cales atinxen á materia cultural.

Cómpre lembrarilles tamén, unha vez máis, que, na tramitación da norma, o anteproxecto foi obxecto de audiencia pública dúas veces.

Remato xa, presidente, non sen antes dar as grazas ás miñas compañeiras de ponencia: á señora Queixas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e á señora Longueira, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, polo ton dos debates, e, ao señor Ojea, por ter asistido a todas as xuntanzas de ponencia. Por suposto, tamén quero dar as grazas á letrada, a señora Rodríguez Carro, sen cuxa inestimable axuda, este texto non chegaría no tempo e na forma ao final deste proceso. Quero parabenizar de novo a equipa da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, na persoa do seu conselleiro, o señor López Campos.

E, por último, quero volver enfatizar o feito de que esta é unha oportunidade única para sumar esforzos, para deixar liortas estériles e para apoiar un texto normativo necesario, innovador, adaptado aos tempos e que suporá un avance de varios chanzos nun camiño que o Goberno galego trata de facilitar, dende hai xa anos, con iniciativas, con programas e con



proxectos, e que agora terá un marco completo, sólido, coordinado e planificado e, se vos-  
tedes son quen de apoialo, consensuado polos grupos políticos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pomar.

Turno de peche, neste caso, deste texto lexislativo, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xu-  
ventude.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos):** Moi bo día  
a todos e a todas.

Moitas grazas, señor presidente, por concederme este último turno en que pretendo, exclu-  
sivamente, facer unha intervención de agradecementos e de recoñecementos pola tramita-  
ción da aprobación da Lei de cultura inclusiva e accesible.

Quero empezar, por suposto, por aqueles que fixeron posible que hoxe poidamos votar esta  
lei, é dicir, quero agradecer, por suposto, a todo o equipo da Consellería de Cultura, Lingua  
e Xuventude. Quero agradecer tamén a todo o sector cultural —eu creo—, pois, aínda que  
algúns intervenientes puxeron en cuestión aquí a importancia e a relevancia desta lei, tivo  
unha resposta extraordinaria. Foron múltiples as reunións realizadas co sector, con máis de  
cincuenta e cinco entidades sociais e culturais que quixeron marcar e poñer a súa impronta  
nesta importante lei; polo tanto, quero agradecer a todo o sector cultural que participou na  
elaboración desta lei a súa implicación, o seu compromiso e as súas propostas enriquecedo-  
ras na elaboración deste texto. Quero agradecer, por suposto, tamén aos poñentes da Comi-  
sión 4ª, Educación e Cultura, e aos membros da propia comisión: a Armando Ojea, polo  
Grupo Mixto, a Silvia Longueira, polo Partido Socialista, a Mercedes Queixas, polo Bloque  
Nacionalista Galego e, por suposto, a Carmen Pomar, a voceira do Grupo Parlamentario do  
Partido Popular.

Quero agradecer tamén o ton das intervencións, que foi mellor ao principio que ao final.

A dona Silvia Longueira quero agradecerlle as súas palabras, ninguén pode estar en contra  
desta lei. Creo que todos estamos de acordo coa súa intervención. Creo que, ademais, si  
se fixo ese proceso participativo para que as asociacións, que son unha parte fundamental  
do tecido cultural, puidesen participar no propio desenvolvemento desta lei; polo tanto,  
que sexa de total aplicación. E quero agradecer profundamente o ton da súa intervención  
—creo—, que foi construtivo, con espírito crítico, pero positivo para mellorar a elabora-  
ción deste texto.

A dona Mercedes Queixas, por suposto, sen ánimo de entrar en turno de réplica, voulle dar  
resposta. Claro que a vontade negociadora do Grupo Parlamentario do Partido Popular se  
expresou na aceptación dunha emenda e de tres propostas de transacción. Creo que é unha  
bagaxe aceptable para unha lei que —creo— ten, desde logo, un impacto e vai ter un impacto  
importante no noso ámbito cultural.



Pódolle facer referencia, por suposto, a iniciativas e a concrecións que xa vai ter esta propia lei nos orzamentos do ano 2025. Entendo que vostede fixo un estudo da propia Lei de orzamentos deste Goberno, na cal aparece recollida unha parte importante dun proxecto importante, como é a Rede Adival. É unha das primeiras actuacións que se van derivar da posta en marcha desta Lei de cultura inclusiva e accesible; unha rede que vai permitir levar a nosa cultura, o noso tecido cultural, a todo o ámbito territorial. Sabemos que un dos motivos de exclusión máis importantes que temos no acceso á cultura é o lugar onde se vive, e, neste caso, a Rede Adival o que vai permitir é que todo o tecido asociativo —unha parte importante participou na elaboración desta lei— poida achegar as súas propostas culturais a todo o noso territorio. Ao igual que outra estratexia importante que tamén ten a súa dotación orzamentaria, que é o Plan de infraestruturas culturais. Acordamos, para este ano 2025, iniciar a elaboración dunha auditoría sobre o estado actual das infraestruturas culturais para saber as necesidades de actuación e para coñecer aqueles aspectos que temos que mellorar en relación co tema da accesibilidade. No que respecta aos orzamentos do ano 2025, estamos falando de que existirá, e existen, ao redor dun millón de euros de partidas orzamentarias para a aplicación destas dúas iniciativas e doutras moitas que van vinculadas coa aprobación desta lei.

Creo que debemos de ver en positivo a aplicación dunha lei importante e dunha lei ambiciosa. Xa sei que ás veces custa recoñecelo, pero Galicia segue sendo pioneira en moitos aspectos, e tamén, por suposto, este Goberno segue sendo pioneiro no aspecto cultural, no ámbito cultural, no ámbito da accesibilidade e no ámbito da inclusión social; segue sendo unha referencia nesas materias a nivel nacional e a nivel europeo.

E esta lei vainos permitir seguir desfrutando dunha cultura rica, dunha cultura plural, dunha cultura diversa, dunha cultura sen barreiras físicas, sen barreiras cognitivas, sen barreiras comunicativas, sociais...; e vainos permitir que o territorio non condicione o acceso á nosa rica cultura.

Facilitaremos a creación e a xeración de produtos culturais, non só para aqueles que queiran desfrutar da cultura en Galicia, senón para aqueles que queiran crear tamén en galego, polo que, por suposto, esta lei elimina as posibles barreiras daqueles creadores que queiran facer e que queiran construír cultura en Galicia. Facilitaremos a conciliación da cultura coa realidade dos colectivos en risco de exclusión social. Afondaremos na redución importante da fenda dixital. Fomentaremos a participación e o consumo de produtos dixitais.

E, desde logo, sentímonos especialmente orgullosos e satisfeitos de elaborar neste Parlamento, por parte deste Goberno do Partido Popular, unha lei que será pioneira non só en España, senón tamén en Europa.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Procedemos á votación deste texto lexislativo.

Pechen as portas, por favor.



Comezamos votando as transaccións propostas neste debate, coas emendas número 24 e número 27 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación das emendas 24 e 27 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.*

*Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada a transacción por unanimidade destas emendas a este proxecto de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora o resto das emendas mantidas.*

*Neste caso, comezamos votando as do Grupo Parlamentario Socialista.*

*Non fai falta que lea os números, pois xa os coñecen todos vostedes.*

Votamos.

*Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.

*Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*



**O señor PRESIDENTE:** E votamos o Ditame da comisión coas transaccións que foron incorporadas.

Votamos.

*Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 34.*

*O resultado da votación é positivo.*

*Polo tanto, queda aprobado o Ditame da Comisión e, consecuentemente, queda aprobado o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.*

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos coa orde do día.

Neste caso agora xa pasamos ás mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández, sobre a xestión da Xunta de Galicia dos fondos europeos para o sector agrario, concretamente da orde deste ano, que regula os plans de mellora e a incorporación da xente nova ao sector**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir dous novos parágrafos na parte resolutiva da moción, co seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

*— Agrupar o orzamento previsto para o 2024 e 2025 co fin de evitar que queden fóra en torno ao 80-90% das solicitudes.*

*— Reformular a orde do 2 de xaneiro de 2024 onde se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das explotacións agrarias:*

*- Para evitar criterios interpretativos, modificando criterios de priorización e aclarando criterios de accesibilidade.*

*- Modificacións das UTA (unidades de traballo agraria) para mellorar o reparto e fomento da contratación.»»*





**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Secundino Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Coñecen a expresión «arrincar a palabra», pois é unha expresión moi galega, moi do rural; debéranos coñecer, xa que vostedes farolean a miúdo en público de ser moi galegos, de ser moito do rural, aínda que despois ao saír pola porta xa non sexan tanto. *El gallego ya les parece algo..., mejor el español, que es el de Madrid. (Murmurios.)*

Por se non nos entenden, explícolles a que se refire esta expresión. Esta expresión refírese ao feito de que nunha discusión, nunha negociación ou nun debate, unha das partes consegue que se confirmen as súas pretensións pola parte da outra parte. Iso foi o que pasou no pasado 5 de novembro no pleno no que estivemos aquí.

Diante das dúbidas que manifestei na miña intervención ante a probable denegación das axudas pola incorporación de mozos e mozas e plans de mellora das explotacións, a conselleira foi rotunda na súa resposta. Vou reproducir textualmente as palabras da conselleira que están recollidas, por suposto, no *Diario de Sesións*. Dixo a conselleira —abro aspas—: «Voulle responder sen problema, porque é bastante sinxelo. Si, señores do BNG, claro que imos aprobar as axudas do ano 2024» —pecho aspas.

Estas foron as palabras textuais da conselleira á pregunta que formulabamos nós dende o BNG, que era —e vou recordala—: ¿vai a Xunta de Galiza aprobar todas as axudas solicitadas para a incorporación de mozos e mozas e melloras de explotacións na convocatoria de 2024?

A pregunta fora formulada ante as dúbidas existentes polo artigo que indicaba que o prazo de aprobación das axudas rematara o pasado 22 de outubro, e que, polo tanto, en virtude dese artigo quedaban todas esas axudas denegadas.

Señorías, repito: a resposta da señora conselleira non puido ser máis clara, dixo: «Si, señores do BNG, claro que imos aprobar as axudas do ano 2024». Por esta afirmación no pasado pleno, todos acabamos contentos. Nós no BNG pois saímos esperanzados dese debate pola resposta da conselleira. Ela víase incluso ao final tamén con boa cara e parecía que estaba contenta do desenvolvemento do debate. Os enxeñeiros agrarios e o persoal das oficinas rurais que tramitan os expedientes transmitíronme tamén a súa sorpresa positiva por este debate, e parecía que se esvaían eses temores. Por suposto, tamén mostraron e nos mostraron a súa esperanza as mozas e os mozos que se queren incorporar a unha explotación agraria e que teñen solicitado unha mellora conxuntamente coa incorporación, e as explotacións tamén máis activas e dinámicas que solicitaron unha mellora.

Polo tanto, hoxe iamos todos vir aquí a un debate no que todo estaba feito, un debate que era como darlle o visto e prace ao que falamos no pleno do pasado 5 de novembro, para certificar as palabras da conselleira do pasado pleno. Hoxe sería como ir ao notario despois de chegar a un acordo.



A conselleira dixo que todo estaba solucionado, e como ela é a máxima responsable da Consellería do Medio Rural, pois hoxe apróbase a proposta do Bloque Nacionalista Galego e vótase a favor das nosas propostas. Así, o Parlamento galego instaría a Xunta de Galiza a aprobar todos os expedientes de incorporación de mozos e mozas, as melloras e axudas tramitadas ao abeiro da Orde do 2 de xaneiro do 2024, a sacar a orde de axudas do ano que vén antes de marzo do 2025 e na que se contemplan como mínimo as mesmas liñas de axudas que no ano 2024, así como dotar as oficinas rurais e os servizos de explotacións agrarias de suficientes enxeñeiros para que poidan tramitar e resolver en prazo as ditas axudas. E isto sería o previsible despois do que pasou no pasado pleno.

Señoras deputadas, señores deputados do Partido Popular, dende o pasado pleno do 5 de novembro ata hoxe pasaron catorce días, e esta fin de semana ollamos nos medios de comunicación novas sobre a situación destes expedientes de axudas tramitados ao abeiro desta orde. En concreto, dos expedientes de mozos e melloras que se queren incorporar ao agro, e tamén das melloras das explotacións. E aí, ¡oh!, ¡a sorpresa! As novas son graves e sen paliativos.

Agora parece que todas as garantías que puxo a conselleira se esfuman, esváense todas. Parece que as garantías deixan de existir. ¿Que pasou de repente dende ese pleno? ¿Por que están a saír informacións periodísticas que indican que non se van aprobar o 90 por cento das solicitudes dos expedientes de plan de mellora? ¿Que pasa para que haxa informacións nas que nos indican que moitos plans de mellora asociados ás incorporacións van ser denegados? ¿Que pasa para que máis de mil expedientes de plan de mellora sexan denegados? ¿Que pasa para que queden practicamente fóra todos os expedientes de melloras das explotacións de vacún de carne, ovino e a orientación agrícola? ¿Que pasa para que as explotacións das zonas de montaña queden fóra destas axudas? ¿Por que se maltrata deste xeito ás mulleres e aos homes que quedan no sector nas zonas de montaña? ¿Que pasou para que se aprobe unha mínima parte dos expedientes de vacún de leite? ¿Por que estas informacións non as desmente a Consellería, ao contrario, corrobóraas implicitamente? ¿A que están xogando? ¿Por que se ocultou esta información no pleno do pasado 5 de novembro?

Señorías do Partido Popular, no pasado pleno advertiamos que había dous graves problemas con estas axudas:

O primeiro, un atraso na aprobación e unha incerteza nas persoas solicitantes, sobre todo as mozas e os mozos que se queren incorporar. Estamos a mediados de novembro e non hai data aínda de comunicación da resolución da aprobación destes axudas. Total, que vai fóra de prazo.

E o segundo problema, que é o máis importante, é a denegación das axudas. Numerosos solicitantes seguen no día de hoxe a recibir chamadas dende a Consellería, nas que lles advirten que non procedan a realizar ningún tipo de investimento, xa que as axudas pode ser que non sexan concedidas.

No pleno pasado, ante estas dúbidas que xa mostramos, a resposta da conselleira foi textualmente: «Vostedes empéñanse en poñer a Galicia ao bordo da histeria coas súas mensaxes catastrofistas». E quedou así tan pancha.



Estas advertencias extraoficiais dan por sentado que os nosos peores augurios se poden confirmar. Agora confírmanse as advertencias que fixo o BNG, o Bloque Nacionalista Galego, e o que é máis grave: non se arbitra ningún tipo de solución, non se anuncia ningunha solución para os centos de persoas que van quedar fóra das axudas. As mellores e máis activas explotacións do noso país parece que lles dan igual. Non lles preocupa que sectores enteiros do noso agro, como pode ser o vacún de carne, o ovino, o agrícola, queden sen axudas; que comarcas enteiras de Ourense, como pode ser A Limia, Viana e o Macizo Central, tamén queden fóra de axudas, ou comarcas da montaña de Lugo, por exemplo, tamén queden sen axudas.

Señorías, díxenlles o outro día na comisión...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...que vostedes están facendo un gran traballo, un gran traballo para que o noso rural vaia desaparecendo, quedando sen xente, para que a xente moza non poida quedar no rural, para que se concentre a produción en macroexplotacións de miles de cabezas sen presenza humana no territorio, para que as terras vaian quedando abandonadas e perdendo o seu valor, para que estas terras abandonadas se poidan dedicar a outros aproveitamentos máis vantaxosos,...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...—remato— para que poida inzarse de eucaliptos, encherse de parques eólicos e establecerse empresas mineiras; depredador do territorio.

Parece que vostedes non queren un territorio poboado, parece que están contentos con cada parroquia que queda deshabitada, parece que están felices con cada aldea que morre.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, porque emenda. Ten a palabra a señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas, presidenta.

Moi bos días a todos e a todas.

Hoxe estamos aquí novamente falando dun tema que lle preocupa moito ao sector, que é a tramitación das axudas da PAC, do atraso que leva na xestión de 47 millóns de euros, que deixan de chegar aos gandeiros e ás gandeiras do noso país. Poderíamos falar tamén desa porcentaxe que poden facer de adianto, que pode chegar ata o 70 por cento, pero aquí non vai nin chegar nin ao 30 por cento, porque a Xunta non fai o seu traballo, non xestiona e, polo tanto, non lle preocupa a situación dos nosos gandeiros e gandeiras.



Pero hoxe ímonos centrar nos plans de mellora e nas incorporacións dos mozos e mozas, así como tamén na incorporación de xente nova, que se quere incorporar ao rural independentemente da súa idade, que é nova por actividade.

E máis aló da problemática xa de por si importante, que xera para moitos inseguridade para o sector, xa que a resolución dos expedientes se podería prolongar ata a primavera, e, polo tanto, co risco e o problema que isto conlevaría, e tamén está en risco a convocatoria do próximo ano.

E, por desgraza, isto non é nada novo. O atraso na resolución convértese na tónica ordinaria de todos os anos. Por certo, como é habitual, di a conselleira: non se pode falar de atraso. O que é a normalización do anormal, que é o que está a facer a Consellería. Tamén é certo que como ía tarde sempre e como había moitas présas tamén por sacar esta convocatoria diante dunhas eleccións, que se sacou días antes de que estivésemos convocados as galegas e os galegos a ir votar, pois incorporáronse unhas modificacións que nin valoraron o alcance das mesmas.

Ademais, vese aínda máis agravado polo mal funcionamento e os fallos que está dando o programa Melles dende a súa implantación no ano 2020; catro anos despois non se foron subsanando estas anomalías. Pero o que é máis triste tamén é que este ano, con esas novas incorporacións, está a ter de maneira máis especial e máis incidente problemas no fallo e na función, porque —como digo— non se valoraron o alcance das mesmas.

Das modificacións, algunha podemos compartila, pero xeran unha carga maior burocrática, sen que se acompañen de reforzos, nin persoais nin técnicos, para poder solventar esta situación. A pesar dos avisos dos distintos funcionarios e funcionarias encargados da tramitación, que lle estaban a trasladar á Consellería do Medio Rural e estaban advertindo dos problemas, incluso por escrito, ao non poder gravar así os expedientes no programa, o que causa unha inseguridade xurídica tamén para os gandeiros e gandeiras, e unha presión tamén para os propios traballadores das oficinas agrarias, ademais de criterios que están a ter interpretacións contraditorias, incluso coa propia orde e coa finalidade da propia orde.

Temos un problema moi serio na remuda xeracional, na remuda de xente moza e de xente nova no sector agrario e gandeiro, o que supón o abandono do rural. Pero, pola contra, vemos como o Partido Popular baixa a partida de fixación da poboación no medio rural máis dun trece por cento, 8 millóns de euros. E, en moitos casos, a supervivencia do rural depende desa ansiada remuda xeracional, que non chega, e non chega por inacción e deixación de funcións por parte da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Nos próximos anos, nos próximos dez anos, dous de cada tres gandeiros xubilaranse. A finalidade da propia orde busca completamente o contrario; busca ese relevo xeracional, esa xestión do territorio, esas superficies territoriais abandonadas que poidan estar en produción. Pero a relación administración-administrado estase a perverter, por unha banda, polo programa Melles —como dicíamos— e os seus fallos, ao impedir non poder facelo de modo presencial e con fallos que están impedindo que se poidan cargar as solicitudes, e incluso nalgún caso houbo un funcionario que ata en seis ocasións reiterativas intentou cargar ese



programa e non foi capaz, tendo que pospoñelo durante horas ou incluso esperar ao día seguinte, o que supón a acumulación de traballo e máis presión para os traballadores, incluso co risco de que non poidan chegar a poñer as candidaturas en tempo e forma.

Nos últimos anos foron máis de doce mil explotacións pechadas e corenta mil hectáreas de concentración parcelaria que non se puxeron á disposición. E isto contribúe a que esa remuda xeracional tampouco sexa efectiva.

E, por outra banda, tamén vemos como o Partido Popular segue minguando os orzamentos, pois en infraestruturas, en equipamentos, descende máis dun dezaioito por cento. Iso si, a conselleira o outro día dixo que para as oficinas rurais ía dedicarlle 4 millóns de euros, pero olvidouse de dicir o que lle restaba do que ten que dedicar para que realmente funcionen.

Ou se falamos da partida de fomento do asociacionismo, esta baixa un 37,5 por cento, que son os que teñen que suplir moitas veces as carencias das oficinas rurais, porque están desmanteladas por parte da Xunta e porque lles falla persoal para poderen facer ese labor.

En todas estas rebaixas, a Xunta está realizando un brutal *Black Friday* nesas orzamentos do medio rural. Poderíámolo dicir en galego, un «venres negro», que diso saben moito tamén os da Radio e Televisión Galega, que venres tras venres están con esas mensaxes, e que nós nos sumamos a eles nas súas reivindicacións.

E por iso nós imos apoiar esta moción, pola necesidade de aprobar todos os expedientes e todas as solicitudes, ou na inmensa maioría, así como de reforzar os servizos das oficinas rurais, que — como dixen — están desmantelando conscientemente e desmantelando intencionadamente, sen infraestruturas e sen persoal.

Xa lles dixen noutra ocasión: os enxeñeiros vanos buscar ao colexio, porque hai necesidade, porque hai falla, pero, pola contra, vemos como case poñen en risco incluso as propias facultades formativas de enxeñeiros técnicos agrícolas.

Dende o PSdeG queremos ir un paso máis aló, e por iso presentamos esta emenda coa finalidade de complementar esta iniciativa, que esperemos que sexa aceptada. Nela pídese o agrupamento do orzamento do 2024 e do 2025, para así poder dar cobertura a todas esas solicitudes, e que non queden fóra arredor do 80-90 por cento das solicitudes, que afectaría moitísimo e de maneira moi especial a provincia de Lugo, onde ocupa o 60 por cento das solicitudes, e reformular a Orde do 2 de xaneiro de 2024, onde se establecen esas bases reguladoras das axudas destinadas ás melloras das explotacións agrarias, evitando criterios interpretativos, modificando criterios de priorización e aclarando criterios de accesibilidade. Porque pode darse o caso de que unha incorporación de mozos e mozas ou de xente nova poida quedar sen o plan de mellora, pois en moitos casos vense abocados a renunciar tamén ao de incorporación por non poderlle facer fronte, que é algo incongruente de por si e que vai en contra da propia finalidade — como dicía — da orde. Ou as modificacións das UTA para mellorar o reparto e fomento da contratación, que sería outro dos eixos.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Méndez.



**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** — Remato, presidenta. — O que buscamos é que estean eses criterios suficientemente definidos para ter un maior alcance no territorio, terras á produción e unha maior contratación do persoal, xeración de emprego, o que permitiría traballar na liña que promove a propia orde.

Así que, como digo, espero que conten con esa incorporación, que mellorará esta iniciativa. E o noso voto será a favor desta proposta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Da importancia de que o territorio estea ocupado sábeno, dende todos os tempos da historia, todos os estados. Cando nos Estados Unidos os ingleses foron conquistando terreo ata o oeste, pois ían facilitándolles as cousas aos pioneiros, dándolles parcelas para implantárense no territorio. Cando se iniciou esa chamada Reconquista na península Ibérica, pois tamén, as *cartas pueblas*, os reis e os señores feudais sempre facilitaban o asentamento no territorio. Coñecían a importancia de que o territorio estivese ocupado por xente, non soamente para defender as fronteiras, senón por motivos de xestión, da creación de riqueza etcétera.

Eu ás veces párome a pensar que a medida que se vaian despoboando sobre todo a provincia de Ourense e a provincia de Lugo, as provincias do leste, se non se estará achicando a fronteira real de Galicia, porque as fronteiras reais chegan ata onde hai xente. E se non hai xente, ¿que importa que haxa territorio?, ¿que se xestiona?, ¿sobre que se exerce a xurisdición?, ¿sobre as formigas e os saltóns?

Eu penso que o Goberno da Xunta debería tomar conciencia da necesidade de que sobre todo a parte despoboada de Galicia non termine de despoboarse, pero ademais por interese público, non por facerlle ningún favor a ninguén que decida asentarse alí.

Como dicía antes, os estados sempre entenderon a necesidade fundamental de que o territorio estivese poboado e de que se estivese a exercer a actividade económica nel.

Cando moitas veces, de xeito heroico, sobre todo no caso das persoas máis novas, que ao mellor tiñan oportunidades de desenvolver a súa vida noutros lugares, elas deciden asentarse no rural, á parte de estaren buscando a vida, á parte de estaren ao mellor xerando emprego ou creando riqueza, ou creando empresas, están facendo un favor público. É dicir, por debaixo dun nivel de densidade de poboación, o asentarse — como dicía antes — é un favor que se lle fai ao estado, á nación, ao goberno, como lle queiran chamar. Quero dicir que esa xente ten que precisar de axudas.





Loxicamente, hoxe en día, nunha parte da provincia de Ourense e da provincia de Lugo, a maneira fundamental de asentarse é a creación de empresas de tipo agropecuario, agrícolas ou gandeiras, con todas as dificultades que iso supón, sobre todo na provincia de Ourense, algo menos na provincia de Lugo, polo tema do minifundismo das parcelas, que algún día haberá que tamén abordar moi en serio, porque é un problema co que se enfrontan os emprendedores desa clase de iniciativas agrícolas ou gandeiras, e que moitas veces de xeito —como digo— heroico, ou case coma se fosen verdadeiramente *supermans* pois tratan de adquirir parcelas ou de xestionalas, algo menos nos sitios onde hai concentración parcelaria, a ver onde se segue traballando niso. Outras veces con outros problemas engadidos, como é o problema da zona da Limia, que —como saben vostedes— por problemas que non imos agora recordar está nunha situación de asolagamento etcétera.

Quero dicir con iso que é fundamental que o Goberno axude e despois, loxicamente, que desenvolva as axudas, digamos que xa poden estar en marcha, e sobre todo, se veñen de fondos europeos, que se axilicen, iso desde logo.

Eu iría incluso máis alá do que pide a propia moción. A moción pide unhas axudas moi concretas, cunhas características moi concretas, pero eu iso enmarcaríao —desde logo que imos votar a favor loxicamente— cun cambio de actitude que precisa o Goberno galego, moito máis xeral e moito máis amplo de loitar contra o despoboamento e loitar polo establecemento de empresas, sobre todo, agrícolas e gandeiras, porque esa é a calidade do terreo que temos en Galicia. Eu, como lles comentei algunha vez, teño algúns amigos da zona de África que me dicían: xa nos gustaría ter a nós alí esta terra que tedes, que non a habiamos de ter abandonada como a tedes vós.

O ideal sería que houbera empresas agropecuarias competitivas no mercado, que non precisasen de ningún tipo de axuda estatal, senón que fosen perfectamente competitivas e que tivesen unha viabilidade económica con independencia de todo tipo de axudas. Pero mentres non existe iso, e aínda que soamente sexa por esa necesidade fundamental por parte de calquera goberno de ter..., por cincuenta mil motivos. Entre outros e por poñer só un exemplo, a barreira que supoñen as zonas poboadas contra o control dos incendios forestais, porque a terra está máis traballada, porque hai xente que pode acudir a axudar nos primeiros momentos, soamente polo control dos incendios, que tantos recursos consomen cando chegan a manifestarse, e ao mellor moitos máis dos que van supoñer as axudas necesarias para esa clase de xente. E digo o dos incendios por poñer un só exemplo dos aspectos positivos do asentamento da poboación.

Entón, eu penso que o Goberno galego debe tomar, como se di habitualmente, o touro polos cornos e empezar a loitar de xeito proactivo contra o despoboamento da provincia de Ourense e da provincia de Lugo, fundamentalmente. Xa sabemos que hai moitísimos máis motivos, como o encarecemento dos servizos públicos nas zonas infrapoboadas etcétera.

Entón, eu penso que esa reflexión que dicía ao principio, de que a ver se as fronteiras de Galicia se van achicar, porque onde non hai xente... Como dicía o poeta Manuel María e despois lle puxo música o cantautor Suso Vaamonde: «Galicia somos a xente e máis a fala». Da fala estase falando moito, pero a xente tamén é Galicia. Se non hai xente non hai Galicia.

Grazas.



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Ojea.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra o señor Viso.

**O señor VISO DIÉGUEZ:** Moitas grazas, presidenta.

Moi bo día a todos e a todas.

Señor Secundino, teño que empezar falando do tema do idioma. A verdade é que vostede sempre nos deixa a pelota botando. Sabe perfectamente que no Partido Popular falamos de bilingüismo cordial, falamos de galego e falamos de castelán, e falamos en castelán, e iso témolo claro. E a verdade é que ás veces a vostedes o que lles pasa é que cando falan desde o papel falan dunha maneira, pero cando falan desde o sentimento falan doutra, e así lle pasou hai pouco a algún compañeiro seu. Polo tanto, non nos falen a nós no que temos que falar, se galego ou castelán. Nós falamos perfectamente o galego e o castelán, e non temos ningún problema.

Señor Secundino, á parte de que nos coñecemos ben, aclarado iso temos que seguir falando do tema que nos atinxe hoxe aquí. (*Aplausos.*) Hoxe tráenos aquí a moción dos fondos para o sector agrario, a moción onde debatemos dous piares fundamentais, como son os plans de mellora e a incorporación de xente nova.

Ben, hoxe, vostede, como vén sendo habitual e como xa foi o outro día na súa intervención coa conselleira, volveu falar da apocalipse rural. Eu creo que esa é a expresión que vostedes xa teñen dalgunha maneira interiorizada. Pois nós seguimos falando do mesmo, nós seguimos falando do que falaba xa o outro día a conselleira, de que por primeira vez temos por diante, como vostede ben sabe, unha convocatoria da PAC baixo a Estratexia da PEPAC 2023-2027. Esa convocatoria, como tamén vostede sabe, o que levou consigo é que pasamos de catro liñas de axuda que tiñamos no do PDR 2014-2020 a seis liñas de axuda que temos agora. Polo tanto, iso todo levou consigo a unha complexidade á hora de desenvolver as novas liñas de axuda e, por suposto, tamén a incorporación dunha nova aplicación, que esa nova aplicación leva consigo tamén esa adaptación.

Pero, ao final, do que estamos falando é que estamos cumprindo, e estamos cumprindo co que nós queremos facer e queremos falar. Galicia, como vostedes saben, é un pobo que se alimenta do traballo das súas xentes. O futuro do rural está no futuro de Galicia, e o futuro de Galicia está no futuro do rural. Iso témolo claro, e témolo claro todos os que falamos, vivimos, traballamos e pensamos dalgunha maneira no rural. Iso é algo que facemos sempre desde o Partido Popular.

E tamén é importante, señorías, que cando falemos, falemos de números; vostedes presentaron esta moción, pero hai que recordar os números. No 2024, chegaronse a dúas mil axudas, e temos tamén que falar de que neste caso a Consellería aporta o 28 por cento do financiamento do Plan de mellora, o 12 por cento apórtao o Estado e o 60 por cento veñen de fondos europeos. E, como ben se recordou aquí, ese incremento do 21 por cento, que nos



levou a case falar de corenta e sete millóns de euros. Polo tanto, estamos falando dunha realidade e dun compromiso desta consellería.

Pero tamén é importante recordar o que se leva feito nos últimos anos. Nos últimos vinte anos falamos case de dez mil quiñentas incorporacións, e falamos de case douscentos cincuenta millóns de euros que se levan dalgunha maneira incorporado ao sector agrario galego.

Polo tanto, creo que o compromiso é máis que real, e iso é algo que tamén é importante que recalquemos hoxe aquí. Iso representa, por suposto, a importancia das axudas, non só para nós senón para todos aqueles que cren e confían no rural.

Tamén é importante recordar, e neste caso tamén collendo as palabras un pouco da señora Lara, que cando se empezou e se tramitou esta solicitude, o prazo da solicitude en principio era de dous meses, pero por demanda do sector eses dous meses pasaron a tres, o que dalgunha maneira tamén fixo que se recortase nun mes o tempo de resolución. E iso é algo que temos que ter en conta.

Á parte tamén é certo —a señora Lara aproveitou aquí para facer unha pouca cuña publicitaria— de adiantalo por un tema electoral, e hai que recordar que sempre se fai esa convocatoria de axudas a principio de ano. (*Aplausos.*) Polo tanto, en principio, non creo que sexa iso o motivo.

E, por suposto, algo que é importante tamén recordar, e algo que é importante que todos teñamos claro, e aquí falouse moito, e o outro día a conselleira tamén o falaba: unha cousa é que se resolvan as axudas, e si que houbo compromiso de que se van resolver todas ata finais de ano, e outra cousa é que se aproben todas as axudas. E iso vostede ten que telo claro, porque vostede traballou nisto e sabe do que estamos a falar.

Cando se aproban as axudas, temos que ver sobre todo dúas cousas: primeiro, que se cumpran as condicións da convocatoria, e segundo, que teñen a puntuación igual ou superior á mínima. Iso é algo que temos que ter claro, e iso é algo que, como vén sendo habitual e como vostede tamén ben sabe, e como seguiremos facendo e os que estivemos en oficinas agrarias faciamos: sempre se traballa para que as axudas, sobre todo na incorporación, entren todas, e iso é onde se traballa basicamente.

Despois, no tema de incorporacións e no plan de mellora, en función da puntuación. Pero é máis: neste caso tamén se vai dalgunha maneira ter un compromiso con aqueles plans de mellora que por algún motivo non poidan chegar ou non dean chegado, pero si que estean ligados a un plan de incorporación, que si que vai haber posiblemente nas próximas convocatorias un compromiso de que eses van ter prioridade. Iso é pensar realmente naquela xente que quere chegar e naquela xente que quere estar no rural. Por tanto, insisto: vostedes aquí pouco nos teñen que dicir.

O outro día a conselleira falaba tamén do compromiso dos traballadores das oficinas agrarias e do compromiso do Servizo de Explotacións Agrarias; un dos servizos que estaba ao 92 por cento de ocupación e que dalgunha maneira viamos como estaban a traballar intensamente



neste tema. E iso é algo que dalgunha maneira temos que pór en valor, e iso é algo que tanto os técnicos como os veterinarios, como os administrativos en todas as oficinas rurais están pondo en valor, e dalgunha maneira están facendo que cheguemos a ese final de ano con todas elas resoltas.

E aquí tamén se falou do desmantelamento das oficinas agrarias. É imposible falar de desmantelamento ou non concorda moito con desmantelamento cando falabamos de que viñamos dun investimento de 6 millóns de euros e de que hai un compromiso de 4 millóns de euros para seguir reformando, seguir adaptando e seguir mellorando as oficinas agrarias. Entón, aquí é imposible falar de desmantelamento.

O outro día a conselleira tamén falou dese plan de estabilización de 155 persoas, enxeñeiros que todos eles se van dedicar na gran maioría ás oficinas agrarias, ou tamén da toma de posesión das prazas dos enxeñeiros agrícolas. Polo tanto, aí tamén estamos falando de que se apoian as oficinas agrarias. Ou a creación na lexislatura pasada, tamén do Partido Popular, deses técnicos nas catro provincias, que facían un pouco de coordinadores das oficinas agrarias.

Polo tanto, señorías, seguimos falando de compromisos, seguimos falando de que sabemos da importancia que ten o Plan de mellora da incorporación, e iso estámolo a demostrar. Como o estamos a demostrar cando sacamos a liña de axudas para maiores —maiores non, que son xoves— entre 41 e 55 anos, xente que tamén se quere acercar ao rural e xente que tamén quere estar traballando no rural. Unha liña de axudas que foi pioneira.

Ou tamén cando falamos do Banco de explotacións, poñer en contacto a xente que queira abandonar unha explotación con xente que quere a explotación, e á parte pode alugar ou comprar. ¿E que estamos facendo nese caso? Pois coa garantía da administración poñendo en contacto as dúas partes. Algo que tamén estamos a pensar no rural.

Ou tamén estamos a pensar no rural, por suposto, cando falamos de titorización; outra ferramenta importantísima onde un técnico da oficina agraria leva consigo o que é o seguimento de calquera tipo de axudas.

Polo tanto, señorías, volvemos ao mesmo: non falemos de desmantelamento, non falemos desa apocalipse rural, da que vostede está falando sempre, senón que falemos do que é o compromiso que ten este partido co rural.

E, xa para ir rematando, gustaríame falar tamén de algo que alguén comentou de cara ao ano 2025. No ano 2025 vai haber tamén unha liña de axudas, vai haber un compromiso con esa liña de axudas. É ben certo que imos encontrar un ano posiblemente diferente, porque, como ben saben, rematan as axudas do PDR 2014-2020, que teñen que estar pagadas antes de finalizar o 31 de decembro do 2025, e así mesmo tamén é o segundo ano da PEPAC. Polo tanto, posiblemente vaia haber unha carga de traballo e penso que vai ser posiblemente un ano de retos, pero para iso sempre está esta consellería.

Eu creo que non deberíamos permitir que o noso rural quede coas diferenzas de opinión. Temos un rural que demostrou en momentos difíciles —e aquí gustaríame facer tamén un



pequeno guiño aos momentos sobre todo da pandemia e da covid— que estaba á altura, e eu creo que nós aquí debemos demostrar que estamos á altura, e debemos demostrar que seguimos traballando para estar á altura dese rural.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Viso.

**O señor VISO DIÉGUEZ:** Polo tanto —remato xa, presidenta—, a moción que hoxe presentan non ten en conta o esforzo real, o traballo titánico e a responsabilidade coa que estamos a xestionar estas axudas.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Para o peche ten novamente a palabra o autor da moción, o señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Señora presidenta, señorías.

Vostedes coñecen o que significa no rural a expresión «ter palabra», ¿non? A palabra, sobre todo diante de testemuñas, era como unha escritura ante notario. Pois a conselleira deu a súa palabra ás preguntas do Bloque Nacionalista Galego en sede parlamentaria e ante todos nós, e indicou que se ían aprobar as axudas, todas as axudas solicitadas e todos os expedientes.

Señor Viso, agora veñen con escusas, se hai unha nova aplicación Melles; nova, nova xa non é, que é do ano 2020. Eu coñézoa ben, que traballo nunha oficina agraria, e leva sen funcionar catro anos. Tamén de que o orzamento é limitado. Que se houbo moitas solicitudes porque hai catro liñas. Quitaron unha, jeh!; do ano anterior quitaron unha para pequenas explotacións, precisamente que beneficiaba as explotacións de vacún de carne, que eran —recoñecido pola propia conselleira— as que máis solicitaban esa axuda. Tamén, que ese artigo e que se ampliou o prazo. Vexamos: ampliouse o prazo pero o artigo di dende que se finaliza o prazo, co cal o prazo aumenta ao mesmo tempo que aumenta; é dicir, aumentou ata o 22 de outubro. Son escusas e escusas e máis escusas.

O problema é que as mozas e os mozos que teñen unha solicitude de incorporación e un plan de mellora asociado puxeron toda a súa ilusión, todas as súas ganas nun proxecto de vida no rural. Incluso xa investiron diñeiro na elaboración do plan empresarial e na xestión telemática das axudas a través dunha asesoría, porque realmente xa sabe vostede que lles impiden facelo directamente nas oficinas agrarias, porque tamén votaron en contra dunha proposta do BNG para que a xestión se puidera facer presencialmente, e agora non a hai.

En definitiva, tiñan un plan de vida previsto e pedían o apoio da Xunta de Galicia. ¿E que fai a Xunta do Partido Popular? Pois acáballes coas súas perspectivas de quedaren no rural dunha atacada.

Señorías, para Altri removen ceo e terra para que veñan 250 millóns de euros, removen o que faga falla para rebentar a nosa terra; para os parques eólicos, aos que se nega a xustiza,



fan modificacións lexislativas, todo o que faga falta por todos os lados; para as mulleres e os homes que viven no agro, para estes centos de persoas que teñen a ilusión de permaneceren nas súas parroquias, de formaren unha vida arredor do sector agrario, de melloraren as súas explotacións, para estes non hai solución. *(Aplausos.)*

A explicación de que hai demasiadas solicitudes... Deberían estar incluso orgullosos de que houbera moitas solicitudes, deberían estar buscando fondos debaixo das pedras para que houbera diñeiro e perspectivas para estas explotacións. E tamén digo que se había moitas solicitudes...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...—remato— e non chega o orzamento, ¿por que incrementan o máximo de 150.000 euros de investimento por outro de 300.000 euros por explotación?

Señorías, aquí fálase do rural dende o punto de vista do nacemento, dos valores das mulleres e dos homes do rural, e, como se fala tanto, seguro que coñecen tamén a mesma expresión de «non ter palabra».

Entón, quero dicirlles...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A emenda, ¿vai aceptala?

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ¿Que?

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A emenda, ten que contestar, se quere.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Con respecto á emenda, quero dicirlles que non desvirtúa a proposta do BNG e non aceptamos a emenda do Grupo Socialista por ese motivo.

Nada máis.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** ¿Non a acepta, dixo?

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Non. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Grazas.

Continuamos coas mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández, sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, que leva o número 14629.





*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a alínea 3 da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*«3.- Destinar os recursos do FEMPA no exercicio orzamentario de 2025 e seguintes preferentemente a accións de investigación sobre a perda de produtividade das rías galegas e para facer fronte ás consecuencias do cambio climático, así como á posta en marcha de medidas e todas as infraestruturas de investigación e produción propias que melloren e reforcen o actual modelo produtivo de xestión sostíbel dos recursos pesqueiros e marisqueiros.»)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para formular a moción ten a palabra dona Rosana Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Moitas grazas, presidenta.

Señorías, bo día a todas e a todos.

No último pleno, con ocasión da interpelación ao conselleiro do Mar, manifestamos aquí unha fonda preocupación pola falta precisamente de actuacións da consellería a respecto da situación produtiva da pesca, da miticultura e, sobre todo, do marisqueo galego.

É unha situación crítica que o BNG ten constatado en moitas ocasións; pero o máis importante é que a situación está constatada polos datos, os datos de perda brutal de capturas nos últimos anos de bancos marisqueiros, que eran ricos e hoxe son desertos, e da sangría de postos de traballo que todo isto vén producindo, sen que a Consellería do Mar reaccione e tome medidas de calado que dean sinais de querer recuperar un sector, que hai bastantes anos que xa vén vindo a menos.

Xa dixemos dende o Bloque Nacionalista Galego en moitas ocasións que a Consellería do Mar leva anos facendo oídos xordos ás advertencias e ás solicitudes do propio sector. A última hai menos dun mes, cando aquí mesmo se votaba por parte do Partido Popular en contra da iniciativa lexislativa popular do propio sector, que pretendía, para salvagardala, declarar de interese xeral a actividade pesqueira, marisqueira e a acuicultura de bivalvos. Aproveito e fago unha paréntese para repetir outra vez que por moito que o Partido Popular nos diga que a consideración do interese xeral da actividade pesqueira, marisqueira e da miticultura está incluída na Lei do litoral é absolutamente mentira, que nos quede claro.

Ademais de non escoitar o sector, a Consellería leva tamén moitísimos anos desprezando as propostas deste Grupo Parlamentario do BNG, que son propostas todas elas, mellores ou peores, gústenlles máis ou gústenlles menos, que tratan tamén de contribuir a reverter a situación da que estamos a falar. Ás veces, de cando en cando, moi de tarde en tarde, o Partido Popular fai aquí o paripé de votar a favor iniciativas do Bloque Nacionalista Galego, por-



que a situación é tan límite que non lles queda outra precisamente que apoialas, pero por máis que o fagan así —insisto— de tarde en tarde, os orzamentos para o ano 2025 evidencian cada vez con máis claridade a escasísima importancia que a Xunta de Galiza lle concede a un sector que é precisamente a verdadeira columna vertebral da economía de moitas comarcas costeiras do noso país.

Ontes, no debate das emendas dos grupos aos orzamentos, o señor Corgos, conselleiro de Faccenda, recoñecía, valorando as emendas da oposición respecto da proposta que presentou de orzamentos da Xunta de Galiza, que non é que teñamos —dicía el— razón en todo, o Partido Popular, o Goberno galego, pero dicía o señor Corgos: si que queremos manter as nosas prioridades. É evidente.

E as prioridades, tamén as da Consellería do Mar, están moi claras. Por un lado, temos un sector extractivo cada vez menos apoiado, que ve como as promesas que se lle fixeron dun plan de competitividade e sostibilidade dotado disque con 123 millóns de euros para os anos 2024 e 2025 non aparecen agora reflectidos por ningún lado nos orzamentos que se presentan. Uns orzamentos que contemplan cero euros para o seguro de produción marisqueira; por certo, un seguro de produción marisqueira que vemos como se fai cada vez máis necesario e que xa fora anunciado pola propia consellería no ano 2021. Tamén cero euros para a promoción de sementeiras públicas ou mixtas, mentres se importa masivamente doutros países europeos. Partidas testemuñais para a investigación sobre a perda da produtividade das rías ou para comezar a actuar nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, que veñen sendo un fracaso constatado ano tras ano, e cero euros tamén para comezar a súa rexeneración.

Isto por un lado, por resumir. E, polo outro, nos orzamentos, unha drenaxe imparable de millóns de euros dedicados a feiras e eventos, á promoción, que pasan nada máis e nada menos que de 11,5 millóns no ano 2024 a 20,3 millóns no ano 2025, é dicir, máis nove. E a todo isto teríamos aínda que incrementarlle case aproximadamente dezasete millóns de transferencias directas de capital a empresas privadas para investimentos, tamén en comercialización e transformación.

Polo tanto, efectivamente, as prioridades e as intencións están claras: primar a promoción dos produtos, primar os eventos, as feiras e os chiringuitos e estas cousas; primar antes todo iso, primar toda esa promoción e todas esas feiras e todos os eventos antes precisamente que a quen produce os produtos, quen produce eses teóricos produtos que vai promocionar a Consellería do Mar e as empresas privadas, que disque que tamén promocionan.

O abandono do sector extractivo, a falta de apoio aos produtos propios de calidade, que nos diferencian dos de calquera outra parte do mundo, e o impulso a unha comercialización e a unha promoción de non se sabe —insisto— que produtos, porque os autóctonos, os propios, os orixinais de Galicia están en caída libre dende hai moito tempo, é o que prima a Consellería.

E fíxense vostedes: é unha situación nestes orzamentos, igual que nos anteriores e nos anteriores, absolutamente esquizofrénica, ¿non? Porque resulta que se dedican millóns de euros a promocionar produtos que nós non somos capaces de producir, precisamente pola falta de coidado e polo abandono da consellería cara ao sector produtivo.



Por certo, millóns de euros que se dedican á promoción de produtos cando Galiza está importando produtos, en concreto marisqueiros, máis que nunca. Entón, a pregunta é: ¿que produtos e por que dedica tantos millóns de euros a Consellería a promocionar produtos que, en teoría, non son produtos galegos?

Por iso, esta é a razón pola que agora as industrias da cadea, que, claro, tamén están afectadas pola perda de produtividade das rías, pois resulta que agora, despois de todos estes anos, alzan a voz e reclaman, como fixeron diante do propio conselleiro no mes de xullo, a súa parte do pastel. Xa non lles chega con todos estes millóns que hai nos orzamentos para promocionar produtos, e cualifican a xestión marisqueira da Consellería do Mar de —textual— «deficiente e ineficiente». Pero o que queren é ser eles agora...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...—vou rematando— diante precisamente da incapacidade manifesta da Consellería do Mar, queren ser eles os que teñan máis recursos orzamentarios e neste caso facerse cos bancos marisqueiros.

Ben, pois diante desta proposta da cadea mar-industria, diante do agrado que lle produce á Consellería do Mar esta proposta, nós traemos aquí unha moción —permítame, presidenta, resumila— que o que pretende é blindar os orzamentos da Xunta de Galiza para favorecer precisamente a pesca, o marisqueo e a miticultura tradicional,...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Sabe que ten unha segunda quenda.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...—remato— para primar e para protexer precisamente eses orzamentos e os investimentos do FEMPA para investigación a respecto do problema das nosas rías. Isto é o que lle propoñemos, que agardo evidentemente que apoiem.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda agora do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra don Julio Ernesto Abalde, que vai intervir dende o seu escano, e pido que se lle dea voz.

Antes de que empece, imos darlle a benvida e saudar os alumnos e alumnas e persoal docente dos cursos quinto e sexto de primaria do Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe de Domaio e do CEIP A Guía, de Moaña. ¡Benvidos ao Parlamento!

Agora si, ten a palabra o señor Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** Bos días, presidenta.

Pois nada máis acaído que un colexio de Moaña estea hoxe aquí cando estamos falando do marisqueo das nosas rías.



Unha vez máis, estamos falando da situación do noso sector marisqueiro e ademais, como dicía literalmente a proposición do BNG, era tratar do grao de eficiencia do modelo actual de xestión marisqueira da Xunta de Galicia.

A esa pregunta só hai unha posible resposta: non pode ser peor o grao de xestión e a eficiencia da xestión da Consellería do Mar tendo en conta os resultados. Os resultados que ano a ano, día a día, estamos vendo que se está producindo un empeoramento radical da produción do marisqueo, da miticultura e da pesca artesanal na nosa comunidade autónoma.

E non é cuestión de que se busquen elementos exóxenos sobre esa cuestión, é unha cuestión relativa fundamentalmente á xestión que se está facendo deses bancos. Estase comprobando este ano que se fixeron peches preventivos para garantir a produtividade destes bancos, e resulta que agora, que se están abrindo eses bancos, nos atopamos con que non hai produción suficiente. Hai pouco, a principios do mes de outubro, na zona de Ribeira, as propias mariscadoras reclamaron que non eran capaces de conseguir o número de capturas necesarias para poder seguir funcionando e poder ter ingresos suficientes; polo tanto, incluso con declaracións como dicindo que os moluscos están desaparecendo das nosas rías. De feito, hai algunhas zonas e nalgúns bancos marisqueiros que, practicamente, o berberecho está nuns niveis de poboación absolutamente residuais, e polo tanto está desaparecendo unha riqueza das nosas rías.

Ante iso, ¿que fai a Consellería? A Consellería o que fai é anunciarnos o famoso plan de competitividade e sustentabilidade, ese plan que soamente figura nas declaracións da consellería, pero que despois non ten plasmación nin sequera nun documento, nin sequera nas actuacións, nin sequera nunha planificación estratéxica do que se está facendo. É curioso —como dicía a representante do BNG— que sendo un plan que vai ocupar os anos 2024 e 2025 non aparece nos orzamentos do ano 2025. É máis: algunhas partidas que son fundamentais neste plan, como é a loita a favor da diversidade e a recuperación dos bancos, resulta que nos orzamentos do ano 2025 non só non se incrementan senón que diminúen.

Polo tanto, creo que é unha política absolutamente..., pois afirman que está baseada na investigación e no coñecemento, nas relacións co sector, na cogobernanza co sector deste proceso, e vemos día a día que están neste momento sacando —digamos— concesións de convenios de investigación, que a min me parece perfecto, pero neste momento xa hai un corpus de coñecemento. En outubro, houbo unha reunión en Vigo onde xa se poñía enriba da mesa coñecementos científicos para tomar medidas sobre a situación en que se atopan os nosos bancos, relativas á temperatura, á salinidade, aos cambios de correntes. Polo tanto, a Consellería xa ten datos científicos que ten enriba da mesa, a Consellería xa ten coñecementos necesarios para tomar esas medidas.

E respecto da relación co sector, pois estamos vendo continuamente que o sector acusa a Consellería de non estar aberta ás súas proposicións, acúsaa de que incluso as convocatorias que se sacan de axuda son tan complexas e están tan complicadas desde o punto de vista de xestión que fan que sexa imposible acceder a elas.



A práctica normal desta consellería de non executar os seus orzamentos xa está acreditada. É dicir, a mesma consellería declarou que o FEMPA, que finalizou o ano 2023, deixou o 16 por cento deses fondos sen executar. Iso supón máis de corenta millóns de euros. ¿Que fariamos se eses corenta millóns de euros se investisen realmente no que se necesita e para que o vén o FEMPA, que é para a rexeneración, para a biodiversidade e para a sustentabilidade do marisqueo e da acuicultura?!

Polo tanto, tememos que a Consellería vai seguir exactamente igual. Para o ano 2025 —repite— non hai proxecto, porque non hai ese proxecto representado nos orzamentos. Pero tememos que os orzamentos da Consellería do Mar levan un peso moi importante do FEMPA, e tememos que vai ter ese mesmo problema de xestión. Polo tanto, se xa é preocupante que nos orzamentos non aparezan determinadas partidas, aínda vai ser moito máis preocupante pensar que non van ser capaces nin sequera de executar as que están aí.

E mentres tanto, o sector ¿que está? O sector está esperando, entre outras cousas, as medidas que tome a Consellería e sobre todo aquelas medidas de apoio aos traballadores e ás traballadoras do sector, porque é moi importante o sector marisqueiro, porque ten un número importantísimo de postos de traballo. Polo tanto, a Consellería ten que ser capaz de facer que ese sector, eses traballadores e traballadoras poidan seguir desempeñando a súa actividade.

E como se comentou aquí e dixemos moitas veces na Comisión do Mar: ¿onde está ese seguro para a actividade marisqueira?, ¿onde están as axudas para que eses traballadores e traballadoras poidan permanecer coa súa actividade no mar? Porque se desaparecen os traballadores e traballadoras do sector marisqueiro, vai desaparecer o sector marisqueiro.

E, mentres tanto, ¿que está facendo a Consellería? Aumentando os fondos para a promoción de produtos marisqueiros, como dicía. ¿Que produtos marisqueiros imos ter se non temos produción de produtos marisqueiros? Estamos importando unha cantidade importante de produtos marisqueiros.

E, ao mesmo tempo, estruturas e infraestruturas de investigación e de desenvolvemento que temos dentro da propia consellería, como poden ser as redes que teñen de *hatcheries* para a produción de semente, están neste momento paradas por parte da consellería, están neste momento absolutamente subutilizadas.

Polo tanto, o que pedimos —e por aí vai a emenda que presentamos á proposición non de lei do BNG— é que a Consellería poña todos estes recursos a funcionar, a traballar; recursos públicos para traballar, para facer posible a rexeneración dos bancos, para axudar as asociacións de mariscadores e mariscadoras para que dispoñan de semente suficiente para facer esa rexeneración.

Pero iso non é suficiente. Estámonos atopando con que nos bancos marisqueiros, independentemente de que se engada semente, esas sementes non chegan a ter o tamaño comercial. Algo ten que facer a Consellería para que iso sexa posible. Ten que traballar, ten que poñerse a actuar, ten que deixar publicidade, ten que deixar anuncios e poñerse a pé de praia a traballar xunto co sector, cóbado con cóbado, para facer posible a recuperación dese sector, que



—repito— dá postos de traballo para sete mil persoas en Galicia. Nalgunhas zonas, nalgunhas vilas e lugares de Galicia é unha das fontes de riqueza máis importante.

Non podemos deixar que esa fonte de riqueza quede en mans de sectores que lles dá igual producir aquí, producir noutros lados e que van utilizar produtos marisqueiros e pesqueiros que non veñen da nosa comunidade autónoma.

Polo tanto, imos apoiar a moción do BNG, porque ademais coincide con múltiples mocións que presentamos tanto o BNG como o Partido Socialista, tanto en comisión como en pleno. Esperemos que, dunha vez por todas, nalgunhas ocasións co apoio e co voto do Partido Popular, pero ese voto tense que transmitir en accións, en actuacións e, sobre todo, en que a Consellería dunha vez tome o mando do sector marisqueiro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fidalgo.

**O señor FIDALGO IGLESIAS:** Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Señora Pérez, saudabamos antes os alumnos do colexio de Moaña que nos acompañan hoxe. Señora Pérez, vostede vén aquí dar leccións, pero —dígollo con toda a educación e con todo o respecto— non está en condicións de darlle leccións ao Partido Popular de nada, e menos despois do que dixo o pasado martes na Comisión 8ª, porque ese día cubriuse de gloria. Foi lamentable a súa intervención e quedaron retratados. O BNG aí quedou retratado, quitouse a careta ao falar do marisqueo. Quitouse a careta e quedaron retratados criticando o propio sector, indirectamente, iso si, pero cargaron as tintas contra a asociación que estivo a xestionar o plan específico de xestión da ría de Arousa. Porque no debate político non vale todo. Unha cousa é confrontar ideas, opinións, facer críticas do que se pode mellorar, e outra é facer demagogia, mentir e manipular, e facerlle crer á xente que está gobernada por uns inútiles e uns incompetentes. E iso non llo imos permitir, señora Pérez, ¡non llo imos permitir! *(Aplausos.)*

Señorías, o Partido Popular é moi consciente da grande importancia económica, social e ambiental que ten a actividade do marisqueo en Galicia, xa que estamos falando de máis de tres mil seiscientos permisos de marisqueo a pé, case dúas mil quiñentas embarcacións na modalidade de marisqueo a flote e máis de setecentos permisos con algunha das modalidades de recursos específicos. É unha actividade que é desenvolva por máis de setenta entidades asociativas, que no último exercicio alcanzou unha produción superior ás 5.100 toneladas, alcanzando un valor de 62,6 millóns de euros. Datos que fan de Galicia un referente.





Por iso e por todo ese traballo do sector, Galicia é unha rexión única en ofrecer un sistema real de cogobernanza a través de plans de xestión elaborados polo propio sector, que incorporan obxectivos tanto biolóxicos e ecolóxicos como de carácter socioeconómico.

E por iso non lle imos permitir que se poña en dúbida o traballo e a axuda que lle está prestando a Xunta ao marisqueo, cando para a Xunta o marisqueo é estratéxico. E por iso o presidente Rueda e o conselleiro Villares puxeron en marcha o Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo en Galicia 2024-2025.

Este é o plan, un resumo. (*O señor Fidalgo Iglesias amósalle á Cámara un folio A3 cunha exposición de datos numéricos.*) Este plan está dotado de 123 millóns de euros. Oíu ben: 123 millóns de euros. Froito de meses de traballo, deseñado e consensuado co sector, representado polas federacións de confrarías de pescadores. Un plan que tamén se vai adaptando, claro que si, en función do estado dos recursos e dos datos científicos e técnicos dispoñibles en cada momento.

Porque o mariscador e a mariscadora non queren vivir de axudas, queren vivir do seu traballo. E por iso e non por outra cousa a prioridade é recuperar a produtividade dos bancos marisqueiros, que é o que está a facer a Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Pero se falamos de axudas, a Xunta é a única administración que está dando axudas ao sector: axudas aos mariscadores afectados pola paralización da actividade extractiva nos bancos marisqueiros; axudas para fornecer a actividade das entidades mediante a mellora dos seus equipamentos e infraestruturas e o apoio á diversificación das actividades; axudas tamén á formación como vía de mellora; axudas para contribuír a conservar e restaurar a biodiversidade e os ecosistemas mariños, a través da vixilancia dos bancos marisqueiros e asistencia técnica; axudas para protexer e recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mediante a recollida do lixo mariño, e axudas tamén para planificar, adecuar e mellorar as zonas de produción mediante a rexeneración dos bancos marisqueiros.

Só no último ano —oía este dato— publicáronse trece ordes de axudas relacionadas directamente co marisqueo no marco do Plan de competitividade e sostibilidade —ese que di que non existe—, que superaron os cincuenta millóns de euros.

E outras medidas que están na consellería destinadas a mellorar o equipamento, que suman preto de tres millóns de euros. Por non falar do reforzo do labor do Intecmar, do Cima, do Servizo de Gardacostas, así como o fortalecemento da colaboración entre os sectores pesqueiros e os organismos científicos, Redemar. Así que, leccións, ningunha. (*Aplausos.*)

Por iso, non lle podemos permitir que se negue o traballo da Consellería do Mar, porque podemos afirmar alto e claro que a Xunta non só exerce as súas funcións, senón que está ao lado e en permanente diálogo cos nosos profesionais, adoptando medidas e sempre valorando accións en beneficio do noso sector marisqueiro, e sempre tamén desde o consenso e a comunicación constante cos profesionais. Consenso e comunicación, iso é o que lles falta ao BNG e ao PSOE para falaren de marisqueo.



Polo tanto, as súas críticas son totalmente inxustificadas. ¿Ou é que teñen mala fe, ou é que descoñecen absolutamente o funcionamento do propio sector? Porque hai cousas que propoñen na súa moción que nos parecen simplemente surrealistas.

É surrealista que queiran baixar o orzamento da Consellería do Mar en case trece millóns de euros, porque queren baixar o orzamento da Consellería do Mar en 13 millóns de euros, pero despois pidan no punto 2 priorizar os investimentos dirixidos a blindar a máxima protección ao sector pesqueiro e marisqueiro tradicional.

É surrealista que queiran baixar o orzamento da Consellería do Mar en 13 millóns de euros de fondos FEMPA, e despois pidan no punto 3 destinar os recursos FEMPA preferentemente a accións de investigación sobre a perda de competitividade das rías galegas.

E é surrealista tamén que queiran baixar o orzamento da Consellería do Mar e critiquen o gasto en promoción pesqueira, e despois pidan no punto cuarto medidas de promoción dos produtos do mar galegos, fronte á competencia dos importados e das etiquetaxes enganosas e fraudulentas.

Señora Pérez, ¿en que quedamos?, ¿aclarámonos ou non nos aclaramos?, ¿queremos máis orzamentos ou queremos menos orzamentos para a Consellería do Mar?, ¿queremos máis fondos FEMPA ou queremos menos fondos FEMPA?, ¿queremos promocionar os nosos produtos ou non os queremos promocionar?

¿Non ve como non lle podemos facer moito caso? Porque isto parece a película de *Airbag*, da cal me declaro moi fan. *El BNG lo mismo te dice una cosa que te dice la otra. (Risos.) (Aplausos.)*

Señorías, desde o Partido Popular imos reiterar o noso total e absoluto apoio ao sector marisqueiro galego, pero tamén exiximos un compromiso do Goberno de Sánchez, que co apoio do BNG lle segue a dar a espalda ao marisqueo.

Por iso, non temos ningún problema en votar a favor desta iniciativa, porque a Xunta xa está facendo o que depende dela; outros asuntos dependen do Goberno de España, como a declaración de zona catastrófica das rías de Galicia, que a seguen a negar mentres a declaran noutras comunidades con situacións similares á nosa. A declaración de zona catastrófica permitiría, entre outras cousas, exencións das cotas á Seguridade Social. E por iso non se entende que veñan reclamar aquí o que non reclaman en Madrid.

Porque xa quedou demostrada a nula preocupación do BNG pola pesca e o marisqueo cando estes asuntos quedaron fóra do acordo de investidura co PSOE. Quedaron retratados cando o grupo do BNG no Parlamento Europeo se manifestou en contra de que o marisqueo a pé puidera ser cuberto por axudas durante a etapa máis dura da pandemia. E quedaron aínda máis retratados PSOE e BNG cando na crise dos *pellets*, mentres a Xunta traballaba para arranxar o problema, a oposición vertía bulos que danaron a imaxe de Galicia.

Señorías do BNG, non se equivoquen, nós estamos aquí para defender os intereses do galego... (*Murmurios.*) Digo: «dos galegos», e tamén do galego. Polo tanto, estamos aquí para defender a xente do mar.



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FIGALDO IGLESIAS:** Tampouco do Partido Socialista imos esperar a que fagan como di o seu señor, o seu líder, *el número uno*: «*Si necesitan ayuda, que la pidan*». Nós imos axudar o marisqueo, aínda que non pidan axuda porque a necesitan. (*Murmurios.*)

Resumo, señores da oposición: apoien a quen está a traballar polo futuro do marisqueo en Galicia e reclamen ao seu Goberno amigo en Madrid...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FIDALGO IGLESIAS:** ...que boten unha man. Galicia agradeceráello.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FIDALGO IGLESIAS:** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da moción, señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Señor Fidalgo, ¿a vostede non lle parece que neste momento da lexislatura vén sendo hora xa de deixarse de facer chascarrillos, de intentar facerse o simpático, e de poñerse a falar en serio do que hai que falar? ¿A vostede non lle parece que é un auténtico insulto traer aquí un papel, iso si, cunha chea de tóner bestial, onde pon... —¿como pon?— «123 millóns de euros», e dicir que ese é o plan de competitividade e sostibilidade da Consellería do Mar para o ano 2024 e 2025? (*Aplausos.*) ¿A vostede non lle parece un auténtico insulto ao sector? É unha burla, señor Fidalgo; é unha burla aos grupos parlamentarios presentes nesta Cámara —que case é o de menos— e é unha burla ao sector que leva anos pasándoo moi mal, precisamente pola falta de responsabilidade da Consellería do Mar.

En todo caso, déixenme que agradeza hoxe ao Partido Popular, evidentemente tamén ao Partido Socialista, o seu apoio a esta moción. Por favor, déixenme que sinceramente agradeza ao Partido Popular tamén o seu apoio a esta moción. E déixenme que o agradeza, porque fíxense se son previsíbeis os deputados e as deputadas do Partido Popular —a política, no fondo, do Partido Popular é absolutamente previsíbel, e, cando non é previsíbel, son capaces de darlle volta a unha emenda da emenda, e aparece unha lei nova, como nestes orzamentos e nestas emendas a estes orzamentos— que o primeiro punto da nosa moción é —e diso non dixo nada vostede, claro; ¡que vai dicir!— dar cumprimento ao acordo unánime deste Parlamento —por proposta do BNG— do mes de maio. Agora o van apoiar cando estamos no mes de novembro, ¿non? ¡Bueno!, vén o Nadal, imos aí tal, pero, imos empezar a contar en xaneiro. Ben —pois non sei—, en novembro do ano que vén estaremos pedindo que dean cumprimento ao que van votar agora a favor. Insisto, seguen vostedes sendo un riso, señor Fidalgo, non fan máis que burlarse dos demais.



E claro, veñen aquí dicir que nós queremos facer crer á xente do sector o que dixo vostede: «A Consellería do Mar está formada» —díxoo vostede— «por inútiles e incompetentes». Nós non queremos facer crer iso á xente, señor Fidalgo. A xente xa cre iso dende hai moito tempo, (*Aplausos.*) pero é que, ademais, señor Fidalgo, están as declaracións públicas, incluso das súas empresas amigas —¿verdade?—, que viñeron dicirlle ao señor conselleiro no mes de xullo, na reunión da Confederación de Empresarios de Galiza —¡co conselleiro alí de corpo presente!—, que a política e a xestión do marisqueo era «ineficiente e deficiente». Entón non somos nós. Non busque, precisamente, como culpábel o BNG porque nós nisto non temos ningunha culpabilidade. Os méritos, precisamente, desa inutilidade e desa incompetencia son exclusivamente do Partido Popular e da Consellería do Mar. (*Aplausos.*)

Remato, presidente. A emenda.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acéptaa?

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Remato, presidente.

Primeiro, lea de novo os acordos e, máis que lelos, diga á Consellería do Mar que os cumpra, xa que, igual que non cumpriu os de maio, agora a ver se cumpre todos xuntos: os de maio e os de novembro.

**O señor PRESIDENTE:** A emenda..., ¿acepta a emenda?

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** E respecto da emenda do PSOE, entendemos que non aporta absolutamente nada á moción, señor Abalde, e, polo tanto, non a imos aceptar.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Trasláddolles un rogo do Centro de Transfusións, que hoxe está aquí no Parlamento.

Acabo de estar con eles, e estamos hoxe nun índice moi baixo de doazón; entón, se se pode facer un esforzo, pois agradácese. (*Murmurios.*)

Se se pode facer un esforzo. Eu non digo que vaia ninguén obrigatoriamente. ¡Por favor! Iso é voluntario.

Continuamos coas mocións.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey, sobre o modelo de desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Grazas, presidente.



Bos días a todos e a todas.

Estes días seguimos observando, co corazón encollido, as mortes e os danos causados pola DINA na zona do Levante, situacións dramáticas en consecuencia do cambio climático, que mata; e observamos tamén, preocupadas, como algúns partidos e dirixentes políticos non están a amosar estar á altura para asumir con dignidade a súa responsabilidade política, senón que esconden as súas propias incompetencias.

O PP, de Madrid, non está amosando altura institucional de ser un partido da oposición do Estado, aquí e en Europa, e ten tamén repercusión aquí na nosa terra, en Galicia, porque o que se lexisla en Europa, evidentemente, ten repercusión aquí. Por exemplo, os europarlamentarios do PP afondaron no seu achegamento á ultradereita, apoiando a semana pasada a extrema dereita, que nega o cambio climático na política contra a deforestación. Tamén votaron, curiosamente, en contra da terceira directiva sobre renovables, que intentan traspoñer mal na Lei de medidas; esa que autoemendaron este sábado —autoemendándose o propio Goberno autonómico—.

E sorprendeume tamén aquí, como, no anterior pleno, que a conselleira de Economía e Industria cuestionase os obxectivos do PNIIEC, do Miteco, para lograr a neutralidade carbónica, que tamén vén marcada por Europa para o ano 2050 para que sexa unha realidade o Pacto verde europeo, por certo, liderado por unha titular do Miteco, do Ministerio de Transición Ecolóxica, agora proposta tamén como vicepresidenta da Comisión Europea.

Pregúntome eu de que lado estarán as señorías do PPdeG aquí, en Galicia. Pregúntome que queren ser de maiores coa transición ecolóxica e co desenvolvemento eólico no noso país, porque o que cremos os socialistas é que dan bandazos —máis bandazos— e, sobre todo, mostran unha falta de estratexia e de política no desenvolvemento das enerxías renovables no noso país. E iso, aos socialistas de Galicia, nos preocupa moito —moito—.

Hoxe non temos unha política de desenvolvemento da enerxía eólica recoñecible aquí, en Galicia. A política do Goberno galego converteuse hoxe nun Frankenstein moi deforme e insolvente en incoherencias e en ocorrencias sen rigor técnico que incrementan a inseguridade xurídica no sector. Houbo catorce —¡catorce!— modificacións da Lei do sector eólico, con esa lei ómnibus que —como dixen— autoemendou o PPdeG este sábado. E que realmente non se sabe moi ben —os promotores, entendo eu, sitúanse nese lado— que lei van aplicar. Realmente, pódese solicitar autorizacións para parques eólicos cun Plan sectorial do ano 1997 —abriron agora a man. Poderían retransmitir eses parques eólicos que están suspendidos, con cerca de setenta parques eólicos suspendidos, fóra do Plan sectorial eólico do 1997—. A aplicación da Lei de recursos de Galicia que, por certo, se modificou hai quince días, pero que a autoemendaron este sábado, tamén para as novas autorizacións, ou ben a modificación do canon eólico, con esas [inaudible], tamén programadas en dezaioito meses. E as zonas de aceleración renovable que, evidentemente, se tiña que facer —así o obriga a Directiva de renovables— cando tivésemos un novo plan sectorial eólico; un novo plan sectorial eólico que, como moito —e díxoo aquí a conselleira— veremos —¡veremos!—, como moi pronto, en catro anos.

Evidentemente, toda esa transitoriedade —todo metido nun saco— amosa un gran gali-matías de inseguridade xurídica que, de verdade, eu pensaba que ía ter unha aprendizaxe



política en sede parlamentaria, ¿non?, ese proceso construtivo de elaboración de normas, pero o que está máis ben a ser é unha deconstrución do que aprendín en primeiro de Dereito Constitucional e en Dereito Político na facultade. Evidentemente, poden tamén ser, os deputados e as deputadas do PP, os alicerces dunha nova teoría que se podería estudar na Facultade de Dereito: «Tácticas Parlamentarias» —Tácticas Parlamentarias—, (*Aplausos.*) como ben expresou Pedro Puy nesta fin de semana. (*Aplausos.*)

Esta forma de proceder do PP amosa un *modus operandi*, como aconteceu tamén coa conselleira de Medio Ambiente, nesa xornada que organizou de transición ecolóxica e desenvolvemento da enerxía eólica no noso país, que se burlou e se mofou dun maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Iso é intolerable nun Estado de dereito; (*Aplausos.*) ¡é intolerable — intolerable, intolerable—! (*O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

¡Bueno!, eu invito —non está presente— a conselleira de Medio Ambiente, pero podía tamén invitar os voceiros de Enerxía e Industria da oposición, pois, ao mellor, tamén teríamos que opinar sobre o desenvolvemento caótico da enerxía eólica que se está a desenvolver no noso país, isto é, con bandazos e con improvisacións continuas. Isto non é serio, non é rigoroso e non é bo, sobre todo para o noso país; é nefasto.

Pasamos de primeira potencia eólica á cuarta posición en España, e para lograr a neutralidade de carbono é urxente aumentar o ritmo de despregamento das enerxías renovables, sen dúbida, pero non así. As présas nunca son boas. Autorizáronse máis parques eólicos no último ano que nos últimos dez anos. Hai que construír a casa polos cimentos e non polo tellado.

Evidentemente, a pesar de que tampouco lle gusta á señora conselleira, á señora Lorenzana, ler as sentenzas e tamén ler os autos de suspensión cautelar que dita o Tribunal Superior de Xustiza... —como digo eu— Suspendíranse por algo, xa que son o resultado dunha política de desenvolvemento desordenado da enerxía eólica no noso país, sen criterios de sustentabilidade ambiental, porque —digo— moitos autos de suspensión son por motivos medioambientais e non pola consulta pública formal, que pende a cuestión prexudicial do TJUE.

Evidentemente, todas as medidas que se autoemendaron este sábado na orixinaria Lei de medidas amosan unha autoemenda do Goberno galego á súa propia política enerxética, que recoñece o seu propio fracaso. E segundo, estas medidas chegan tarde, mal e a rastro e amosan un desprezo absoluto do Goberno galego polo funcionamento do Parlamento. E —como dixeran— se fixesen política en maiúsculas, negociando para chegar a acordos, as cousas irían de forma diferente, e seguro, ao cento por cento, que non habería sesenta parques suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O PP é o principal responsable de que Galicia non teña unha boa planificación do seu potencial enerxético —o Plan sectorial do ano 1997 e a ampliación da Rede Natura metida nun caixón—. Mentres tanto, ¿que pasa? Pois, un novo plan sectorial proxectado, como moi pronto, para catro anos. E mentres, ¿que temos? Inseguridade xurídica, e —como dicía—, xa todo vale nesa autoemenda, xa que, realmente, os parques eólicos suspendidos poderán retransmitirse e declararse o interese público superior, incluso fóra do Plan sectorial eólico





de 1997. ¿E por que o fan? Para que primen sobre os riscos medioambientais detectados nos autos de suspensión. De verdade, señorías, ¿creen que isto é facer política en maiúscula? Eu, sinceramente, penso que é nefasto.

Tamén é importante mencionar que, en moitos dos autos de suspensión, se fai referencia a un documento técnico do Miteco, —que si fixo os deberes, que si planificou a enerxía eólica terrestre dos parques eólicos que dependen do Ministerio, da eólica mariña, da eólica terrestre, e zonificou— que data do 1 de decembro de 2020, no cal se zonifica e se clasifica en «zonas aptas» e en «zonas non aptas» con criterios de sensibilidade ambiental. ¿Que fixo a Consellería con ese documento técnico? Non telo en conta e mirar para outro lado. E menciónase, precisamente, nos autos de suspensión.

Por iso lle falaba eu á conselleira desa colaboración institucional —zonificación que colleu Castela-León; zonificación do Ministerio que colleu Aragón. E, por certo, sácanos van-taxe— e de abrir as portas para que realmente se fagan as cousas ben.

Por tanto e polo exposto, solicito o apoio de todos os grupos parlamentarios para que a Xunta de Galicia promova unha política de transición ecolóxica que sexa recoñecible no noso país e para que, dende o ano 2025 —que queda moi pouco tempo—, o desenvolvemento eólico teña en conta, para as autorizacións de parques eólicos, as condicións de sustentabilidade medioambiental integral e de equilibrio, para o cal se poderá ter en conta o documento de zonificación ambiental...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora IGLESIAS REY:** ...aprobado polo Miteco en decembro de 2020 —¡decembro de 2020!; é dicir, catro anos perdidos—, e para que se comprometa a que, no vindeiro 2025 —dentro dese galimatías de disposicións transitorias que temos e que non sabemos que se vai aplicar—, se inicien os traballos para a ampliación da Rede Natura no noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Ola de novo.

Os que hai trinta e pico anos estabamos estudando algo sobre a enerxía eólica, sobre o motor de regos, o rotor Savonius —motor de eixe vertical, réxime de eventos etcétera, etcétera. Eu, polo menos, non pensaba que a cousa chegaría a ter a importancia que ten hoxe e a influencia social que ten, e o impacto que ten. Naquel momento parecía case ciencia ficción futurista e hoxe témolo aquí, e estamos empezando a ver as consecuencias do seu desenvolvemento desordenado ou non controlado.



Efectivamente, a enerxía fai falta, e calquera forma, das cales tivo o ser humano, de extraer enerxía do medio ambiente sempre tivo o seu impacto; sempre, nas súas orixes, creou moitísimos problemas, desde a propia electricidade que, ao principio, causou moitísimas mortes e incendios, ata a extracción do carbón etcétera, etcétera. Nas xéneses dunha forma de enerxía que se empeza a controlar, a comercializar e a utilizar sempre hai moitísimos problemas, e esta loxicamente non vai ser unha excepción. Por iso imos ter que ter moito coidado.

A influencia que teñen os parques eólicos, sobre todo cando se fan de forma masiva —non é o mesmo ter un ou dous aeroxeradores que ter trescentos nunha montaña—, e as consecuencias son enormes e de moito tipo.

Onte falaba unha portavoz da altura que gañan os aeroxeradores; falaba de que podían ser, ao mellor, da altura de varios edificios. Iso faise así precisamente porque canto máis alto é, o aire máis velocidade ten. Vostedes saben que a velocidade do aire aumenta coa altura moitísimo e altera o réxime dos ventos. Digamos que bloquea a velocidade do aire, e, cando son moitos, alteran substancialmente o réxime dos ventos, co cal, despois alteran o réxime dos meteoros e das chuvias, coa correspondente influencia no desenvolvemento da botánica, da agricultura etcétera, etcétera. Ou sexa, o impacto ambiental vai ser difícil de avaliar a curto prazo, pero, a medida que iso se vaia avaliando, deberase normativizar e deberase cumprir escrupulosamente coas leis: desde a alteración das rutas das aves migratorias ata —como digo— a alteración da climatoloxía.

Vostedes coñecen o famoso «efecto mariposa»: o aleteo dunha mariposa —non sei onde— provoca un tornado no outro lado, moi alonxado. Pois agora, imaxinen que, en vez das alas dunha mariposa é o aleteo de cen, douscentos ou trescentos aeroxeradores de grande altura nunha montaña. Loxicamente o impacto para os efectos do clima e da actividade meteorolóxica ten que ser enorme e tamén difícil de computar porque —vostedes saben— a atmosfera é un sistema que ten tantas variables e é tan incontrolable que é moi difícil, a priori, saber como se vai comportar, pero, a medida que se vaia coñecendo, terase que normativizar e terase que cumprir coas leis de xeito estrito.

Hai outra cuestión, que é a influencia de tipo internacional, ou sexa, —digamos— a influencia na parte climatolóxica non se limita ao propio territorio próximo, onde están instalados os aeroxeradores, senón que, ao mellor, un sistema —e xa non vou falar dun aeroxerador illado, senón dun sistema de aeroxeradores— ten unha influencia noutra comunidade autónoma ou noutro país que, ao mellor, acaba pedindo responsabilidades, como pasa, por exemplo, co caso dos embalses contaminados etcétera.

Canto á altura... Por exemplo, cando estamos nun sistema urbano e controlamos a altura dos edificios, e dicimos que nunha determinada zona urbana os edificios teñen que ter un máximo de equis altura ou de equis máis un, é por algo; é por algo, porque hai un impacto visual que inflúe en moitos aspectos da vida. Entón temos que controlar a altura.

Hai, por exemplo, outra cuestión a considerar, que é, no caso de Galicia, as montañas, que son un recurso turístico. En moitos casos, prodúcese, por exemplo, a instalación de aeroxeradores en zonas turísticas, e iso vai ter impacto nos negocios e nas empresas do sector tu-



rístico. Eu non concibo, por exemplo, que en Suíza, no Monte Cervino, permitan un, ou dous, ou tres aeroxeradores, ou un sistema neste monte, que é un monte icónico —por certo, chámase de distinta maneira, segundo de onde se mire, porque ten diferentes nomes ao falarse diferentes linguas alí—. Puxen o Monte Cervino como exemplo porque me veu agora á cabeza, pero, quero dicir, en Galicia temos moitísimas montañas e zonas, onde habería un impacto visual e un impacto turístico importantes, de instalarse alí. Por iso existen os informes de impacto ambiental, sobre os cales —xa digo—, eu son bastante escéptico en canto á valoración exacta porque é difícil de saber. Un informe de impacto ambiental pode estar moi estudado e pode estar feito con moita boa vontade, pero probablemente o impacto sempre acabe sendo maior do previsto, incluso podemos falar de prazos. Un pode prever un impacto a curto prazo ou un impacto a medio prazo, pero é moi difícil calcular o impacto a medio prazo. Iso quere dicir que temos que ter unha sensibilidade á hora de cumprir a normativa, que vaia sendo vixente, e estou seguro de que cada vez vai ser máis fina e máis restritiva con estas cuestións. E temos que ter unha sensibilidade e o Goberno ten que ter unha sensibilidade neste sentido. Non se poden poñer aeroxeradores a alturas indeterminadas ou de calquera tipo, en calquera sitio, de calquera maneira... porque as influencias poden acabar sendo maiores das que pensamos.

¿E todo iso para que? Se é para xerar enerxía que —digamos— aínda fose consumida ou aproveitada por nós, pois ata tería unha certa lóxica, pero, se aínda por encima, é unha enerxía para vender de xeito que os beneficios non fosen os suficientes, neste caso, para a nosa autonomía, contrarrestada coa perda de recurso visual, ecolóxico etcétera, etcétera, que podería ter, pois, a verdade, é que non compensaría.

Entón, nesta cuestión xenérica, case filosófica da cuestión, apoiaremos a moción do PSOE, pero querendo dicir, efectivamente, que o tema dos eólicos non se pode tratar á lixeira, como o doutras moitas enerxías renovables ou de incipiente aproveitamento. Temos que regulalo moito desde o primeiro momento, conscientes de que non imos ser capaces de controlar todas as externalidades que se vaian ir manifestando, pero, polo menos, mantendo certas sensibilidades, desde o primeiro momento, para que a cousa non se desboque ata o momento en que os seus efectos sexan irreversibles.

Nada máis e grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Golpe.

**O señor GOLPE ACUÑA:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Falamos novamente de eólica. Un tema estrela neste remate de ano; un tema estrela porque, por fin, se fai algo e porque, por fin, se emenda o emendable. Durante quince anos, o máis destacable que se fixo ata agora foi destruír emprego. Simplemente vou poñer dous exem-



plos: a fábrica de Gamesa, nas Somozas, ou a de Vestas, en Viveiro. Ese é todo o resumo de quince anos de xestión da eólica do Partido Popular.

Pero agora, súmase, por unha banda, o rexeitamento social e, por outra banda, a inseguridade xurídica a que tanto apela sempre a señora Iglesias, do Partido Socialista. Unha inseguridade xurídica, da cal o Goberno, o Partido Popular, e a patronal eólica, culpan sistematicamente as asociacións ecoloxistas e o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. As primeiras, por impugnar autorizacións, e o Tribunal, por poñer en dúbida as avaliacións ambientais executadas pola propia administración e por non outorgar prevalencia ao interese público relativo ao desenvolvemento eólico.

Entenderán vostedes, señorías do Partido Popular, que por propia definición, a inseguridade xurídica non pode derivar nin de que os lexitimados a impugnar impugnen nin de que os tribunais cumpran as súas funcións. Acaba de dicilo o presidente Rueda aquí, hai un ananquiño: «Máximo respecto á legalidade». Pois, ¿en que quedamos entón? Esta inseguridade deriva de varias cuestións directamente imputables á Xunta de Galiza e ao partido que a sostén, pero a ninguén máis, e, entre as cales, deberemos salientar as seguintes.

Canto á primeira cuestión: levan anos considerando que resulta irrelevante ter un plan sectorial eólico desfasado; ter un plan eólico obsoleto, remendado e de aplicación xestionada, e nunca sometido a avaliación ambiental, malia que agora se pretenda facer un novo plan, as présas e correndo. Ás présas e correndo xa era antes porque a autoemenda xa fala de tres ou catro anos porque saben o traballo que dá facer un plan ben feito.

Tres anos para redactar un plan que non vai ter aplicación. Engádense tantas excepcións e tantos condicionantes que o plan queda sen efecto mesmo antes de redactarse. Ás excepcións iniciais —que xa viñan contempladas na lei de acompañamento—, tales como as «modificacións substanciais dos parques en funcionamento», os «proxectos que teñan unha clara incidencia territorial» ou as famosas «zonas de aceleración eólica», agora hai que sumarlles todo o que deriva da aplicación da Lei de beneficios. En fin, é unha norma que recolle moitas excepcións ou máis excepcións incluso que requisitos. Iso xa non é unha norma, senón que iso é papel mollado; e así nace o novo plan eólico: un papel mollado abocado á discrecionalidade da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*)

Canto á segunda cuestión: o desprezo polo feito refutable de que Galiza ten unha Rede Natura 2000 moi limitada e a nula vontade por ampliála; falta de vontade por ampliar a Rede Natura, recollida e recoñecida pola Xunta de Galiza en distintos escritos relativos aos preitos do eólico. Neses escritos, a Xunta insiste, unha vez máis e incluso con letras maiúsculas, en que non está prevista a modificación da Rede Natura 2000. Na iniciativa, señorías do Partido Socialista, pídenlle que se comprometa a iniciar, no ano 2025, unha ampliación desta rede. Obvian que xa hai un acordo parlamentario, do ano 2017, que pedía esta ampliación, pero, señorías do Partido Socialista, non o van facer. Non van ampliar a Rede Natura; non o van facer porque os *lobbies* enerxético e mineiro impídenllo. Non llelo deixan facer. E a clave está dentro da propia Lei do sector eólico. Esta lei recolle que «a publicación do trámite de ampliación da Rede Natura é suficiente para suspender a tramitación de parques eólicos nas zonas afectadas». É dicir, só con publicar a ampliación da Rede Natura queda suspendida



toda a tramitación eólica. A patronal non vai comungar con isto. (*Aplausos.*) Primeiro legislan a favor do territorio e logo recúan; logo dan marcha atrás.

Canto á terceira cuestión: a modificación, ano tras ano e pola parte de atrás, na Lei de acompañamento, da normativa aplicable ao sector eólico. Deben ir catorce modificacións —con esta, sobre a cal estamos falando agora mesmo—, incidindo, unha vez máis, niso que chaman vostedes «desburocratizar»; desburocratizar ou o que toda a vida se chamou «fuxir do dereito administrativo», coas conseguíntes implicacións desa fuxida que derivan para os dereitos da cidadanía e incluso para os dos propios promotores.

Canto á cuarta cuestión: a proposta de ideas absurdas contrarias ao dereito —e ese libre mercado que vostedes tanto defenden—. E hai que dicilo así de claro: anuncios absurdos e cortinas de fume, co claro obxectivo de mudar a opinión que, agora mesmo, existe na Galiza respecto dos proxectos eólicos, que é claramente contraria e estes. E podemos citar estas últimas, relativas ás repotenciacións obrigatorias, á venda obrigatoria de parte da produción enerxética ou á idea de que a comercializadora de Recursos de Galiza vai vender a enerxía por debaixo dos prezos do mercado. Aínda que ¡bueno!, hai que ser honestos e recoñecer que neste capítulo vostedes recuaron; neste capítulo deron marcha atrás ou, canto menos, tiraron do freo de man. E isto vese na autoemenda á Lei de acompañamento, no relativo á repotenciación obrigatoria, na cal fan un exercicio de literatura rebuscada para dicir ou articular que, entre unha cousa e a outra, queda artellada unha especie de moratoria, que vai ir dos cinco ata os oito anos. E aínda hai máis —e abro comiñas, (*O señor Golpe Acuña representa cos dedos da man a apertura de comiñas.*) «Debidamente xustificada polo promotor» —pecho comiñas—, (*O señor Golpe Acuña representa cos dedos da man o peche de comiñas.*) e a saber que quere dicir iso; é dicir, se o promotor o xustifica debidamente, pode incluso paralizarse a repotenciación. Iso si, de distancias mínimas ás vivendas —como se dixo onte aquí— non modifican nada; a distancia mínima á vivenda nunha repotenciación vai ser a mesma que a que estaba decretada hai 25 ou 30 anos. Explíquenlle vostedes a un veciño dun proxecto de repotenciación que vai ter unha máquina de douscentos metros de altura ao lado da súa vivenda, cando nun parque eólico dos novos esa máquina estaría a un quilómetro. Iso chámase discriminación, señorías do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Seguindo coa autoemenda e cos anuncios rimbombantes, a señora conselleira, Lorenzana Somoza, anunciou, *a bombo e platillo*, que os novos proxectos eólicos van ter a obriga de vender o cincuenta por cento da enerxía a empresas e a particulares do contorno dos proxectos. Unha vez máis atopamos fume; non é máis que fume porque o anuncio concrétese nunha nova excepción, máis ben nunha nova condición indispensable para seguir a tramitación eólica. É dicir, só se van admitir proxectos a tramitación que leven asociados un PPA cunha comercializadora con empresas da contorna, e esa é toda a excepción. ¡Menos mal, menos mal!, porque xa tiñamos medo de que esta era unha deriva marxista do Partido Popular. En fin...

Quinta cuestión. ¿Que vai pasar cos proxectos paralizados xudicialmente, que perden os dereitos á rede eléctrica, os dereitos de conexión? ¿Canto nos vai custar ás galegas e galegos indemnizar os proxectos? ¿Canto nos leva custado paralizacións de proxectos como o de Fergo, na serra do Oribio? ¿Ou canto nos leva custado a anulación do concurso eólico? ¿Por





que non dan esa cifra, por que non veñen aquí e contestan iso? ¿Queren que lles dea eu unha aproximación? 48 millóns de euros. Logo se di. Pero a iso nunca fan vostedes referencia.

Señorías do Partido Socialista, voules solicitar a votación por puntos, porque non podemos entender ou non podemos admitir esa defensa do centralismo que fan vostedes facendo referencia ao documento de zonificación ambiental aprobado polo Ministerio de Transición Ecolóxica, por certo documento que ten un montón de grallas, que foi aprobado sen avaliación ambiental, sen consulta aos sectores, co cal non entendemos esa defensa, cando a Xunta ten plenas competencias no sector eólico para poder sectorizar e para poder legislar.

E voulle dar máis gasolina ao interveniente do Partido Popular, para que nos volva dicir iso de que *se nos caen los mantras, que sopramos e sorbemos á vez e que pola mañá collemos unha faixa e pola tarde collemos outra*. Entón, voulle dar máis gasolina e voules anunciar que o vindeiro domingo estaremos agarrando unha vez máis unha faixa, esta vez no concello de Moeche, en contra de tres proxectos eólicos, tres proxectos eólicos que se tramitaron a través do Ministerio de Transición Ecolóxica, baseados nese documento de zonificación ambiental, que se aprobaron coa discrecionalidade da Xunta de Galiza, dándolles prevalencia por ter firmados PPA con empresas con proxectos de interese estratéxico, que non se van construír, e que tristemente van cambiar a forma de vida e a fisionomía de ata dez concellos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal. Aí estaremos o próximo domingo 24 para apoiar a veciñanza.

Eólica, si; non así.

Boa tarde e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Lorenzo Gómez.

**O señor LORENZO GÓMEZ:** Grazas, presidente.

Ben, logo desta cuña publicitaria, patrocinada polo Bloque Nacionalista Galego, para unha das súas mobilizacións, quérrolles aclarar unha cousa. Señora Iglesias, o señor Puy non ten culpa ningunha da súa falta de comprensión lectora, (*Risos.*) porque, mire, o artigo do señor Puy —sábeo perfectamente ou debería sabelo— refírese ás tácticas parlamentarias que fai o seu partido no Congreso dos Deputados. (*Aplausos.*) E non fai falta que me refira a elas, porque todos os aquí presentes sabemos a que se refería o señor Puy.

Mire, 6 de maio, os Socialistas presentan unha proposición non de lei na Comisión 6ª; 23 do mesmo mes, a deputada Iglesias preguntanlle ao director xeral de Planificación Enerxética e Minas sobre a política eólica do Goberno galego; cinco días despois, o 28 de maio, presentan en pleno unha proposición non de lei sobre a normativa que se debe impulsar por parte da Xunta; 4 de xullo, levaron á Comisión 6ª outra proposición non de lei sobre o eólico; 6 de setembro, presentan outra proposición non de lei sobre a normativa; o 6 de novembro debateuse a interpelación que deu consecuencia a esta moción, unha iniciativa, por certo, coa





mesma exposición de motivos, puntos e comas, as tres mesmas preguntas que lle formularon ao director xeral o 23 de maio.

Polo tanto, o modelo eólico galego non cabe dúbida de que é un asunto cun longo debate parlamentario e control político por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia. Tanto debate e control, señora Iglesias, que nin se molestan en cambiar as iniciativas. Rexistran a mesma para o pleno, para a comisión. Dálles igual, dálles igual, e vostedes incorpóranas unha e outra vez ás ordes do día, como se nada. Iso é práctica parlamentaria, señora Iglesias, e debería de aplicarse un pouquiño máis niso.

Mire, eu o que lle diría, señora Iglesias, é que deixe traballar ás consellerías competentes no que respecta ao eólico, e, como di aquel, se non aporta..., xa sabe como continúa.

Estamos de acordo con que hai que descarbonizar a economía, e para iso hai que pasar, si ou si, por unha electrificación. Obrigatoriamente temos que pasar por potenciar o mix enerxético de renovables do noso país. Evidentemente, en Galicia temos o recurso e debemos aproveitalo, porque non cabe nin o inmovilismo nin tampouco os paus nas rodas a quen quere avanzar.

En todas esas ocasións enumeradas anteriormente vostede fala, unha e outra vez, de deixadez, de falta de estratexia do Goberno galego nas políticas de transición ecolóxica, e, por outra banda, fala dunha planificación sen rumbo e sen orientación. Agora pide nesta moción que se promova unha política de transición ecolóxica «recoñecible» (entre aspas). Eu preguntolle, señora Iglesias: ¿recoñecible para quen? ¿Para vostede, que pide ter en conta o documento de zonificación do Miteco, ao que o señor Golpe lle acaba de dicir que foi feito sen consenso e sen ter en absoluto en conta os aspectos ambientais?

Voulle dicir o mesmo que lle dixó a conselleira o outro día na interpelación. Se vostede cre que a solución á problemática que temos en Galicia coa eólica é facerlle caso ao Miteco, vive vostede nun mundo de ciencia ficción, señora Iglesias. Repítollo, porque llo dixó o outro día a señora Lorenzana.

Mire, no resumo executivo do propio documento fala de que é unha aproximación metodolóxica obxectiva, pero en ningún momento fala de que non se teña que complementar coas regulacións establecidas naqueles instrumentos de planificación e ordenación aprobados polas comunidades autónomas.

Polo tanto, señora Iglesias, ciencia ficción, se vostede cre que o documento do Miteco ten que ser —digamos— a nosa biblia para facer a política eólica deste país. Fala, como lle digo, dunha aproximación orientativa, e, como lle dixó agora o señor Golpe, non ten nin avaliación ambiental estratéxica nin moito menos.

Vostedes pretenden que utilicemos isto como o sistema de avaliación ambiental ordinaria. É que na nosa comunidade iso xa se fai, xa se está sometendo calquera proxecto a unha avaliación ambiental exhaustiva.



Señoría, o problema aquí non é que vostede viva no seu Matrix particular. O problema é que pretende vostede facer crer aos galegos e ás galegas que coa zonificación do Miteco se resolve a paralización xudicial do sector eólico en Galicia. E vostede queda tan ancha, e vostede queda tan ancha.

Evidentemente existe unha preocupación pola inseguridade xurídica que xerou a suspensión dos parques eólicos por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pero non podemos olvidar que o Supremo deu a razón e Galicia en canto á tramitación dos parques. Mais a cuestión fundamental está no TXUE. Xa llo dixó tamén a conselleira o outro día.

Agora, con ese novo instrumento de planificación anunciado —por certo, para poñelo en marcha hai un orzamento de 1,2 millóns de euros—, onte díxose aquí que ata dentro de tres anos non se ía facer nada, e hoxe xa se di que ata dentro de catro. Eu invítoa a que lea de novo os orzamentos, onde vai unha partida para esa planificación eólica. Evidentemente é un proceso que comeza agora e que vai levar uns anos, pero, mentres tanto, non podemos esperar de brazos cruzados. Por iso, mentres que non chega o novo plan, hai que continuar traballando en paralelo. Co seu voto en contra da Lei de recursos naturais, vostedes quedan desacreditados pola súa incoherencia para dar leccións e moito menos para acusar o Goberno da Xunta de falta de estratexia.

Mire, con esas medidas transitorias vostedes no seu discurso desacreditan e ata semella nalgúns casos —¡ cousas veredes! — que están preocupados por esas eléctricas tan demonizadas por parte da oposición en Galicia, especialmente pola parte dos nacionalistas.

É moi reveladora a forma de pensar do nacionalismo: crer que as medidas son boas ou malas segundo a quen molestan. A nós xa nos gustaría que as reaccións dalgunhas empresas non fosen as que foron, pero para nós as políticas boas son as que reverten en beneficio da xente, e esta é unha delas.

Pero non deixa de ser curioso que as empresas eléctricas do espolio, como vostedes din, ás que molestan algunhas destas medidas, atopan amparo no seo do BNG. Mire, vólle ler unha emenda do BNG á Lei de medidas. Emenda número 12, artigo 16, bonificacións na cota: «Cando, como consecuencia dun proxecto de repotenciamento teña lugar unha redución efectiva das unidades aeroxeradoras, a contía da cota que debe satisfacerse terá unha redución do 15 por cento durante os cinco primeiros anos de funcionamento do parque repotenciado». (*Murmurios.*) Semella que o lobby eléctrico, ese tan malvado, chamou á porta do seu Goberno na sombra, señor Golpe. (*Aplausos.*)

Porque mire, vostedes con esta emenda o que pretenden é retraer un 15 por cento do canon eólico que ingresan os concellos en favor desas eléctricas do espolio. ¿Quen pon aquí a alfombra vermella? Vostedes acusan pero despois fan o contrario. Nada menos que durante cinco anos lles retraen un 15 por cento do canon eólico aos concellos. Explíquenllelo aos concellos onde gobernan. ¡Que non estarían vostedes dicindo se esta medida a trae o Grupo Popular! Habería que escoitalles absolutamente de todo. E, unha vez máis, o seu discurso queda anulado polos feitos.



Miren, no Partido Popular estamos convencidos de que as empresas comprenderán que é imprescindible que a poboación dos lugares onde se instalen parques enerxéticos perciban os seus beneficios.

Seguen vostedes, unha e outra vez, coa teima de defender o plan eólico do Bipartito, e digo eu: ¿vostedes son conscientes de que aquí o único Goberno que autorizaba instalar parques eólicos en Rede Natura foi o seu, o dos socialistas e o dos nacionalistas? (*Murmurios.*) ¿Sabem quen defendeu a Rede Natura? O Goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O Goberno do Partido Popular foi o que prohibiu instalar novos parques en Rede Natura. Con ese magnífico plan do Bipartito, ata seis parques se autorizaban en Rede Natura. E veñen vostedes nunha moción a pedir que se amplíe a Rede Natura. O seu de verdade que non ten nome. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LORENZO GÓMEZ:** Xa remato, presidente.

Galicia conta cun alto nivel de protección da biodiversidade, xa que o 42 por cento do territorio está amparado por algunha figura de protección, e ademais vaise impulsar en 2025 a candidatura para a oitava reserva da biosfera. Con isto, a metade do territorio galego estará baixo algunha figura de protección.

Sinceramente, señora Iglesias, debería de coidarse antes de facer certas afirmacións sobre o atopelo da democracia e o ninguneo desta Cámara. Foi vostede a número un do Partido Socialista na nosa provincia, do Partido Socialista, ou deberíamos de dicir do Partido Sanchista, con todo o que iso conleva.

**O señor PRESIDENTE:** Remate xa, por favor.

**O señor LORENZO GÓMEZ:** Remato xa.

Cada día que pasa queda máis claro que vostedes están máis preocupados por armar un relato para desacreditar todo o que fai o Goberno da Xunta que por aportar algo positivo para mellorar Galicia. Evidentemente, no Partido Popular non imos esperar a súa aprobación, porque temos a responsabilidade de gobernar este país, avalados pola confianza que depositaron en nós as galegas e os galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da moción, señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Grazas, presidente.

Señor Lorenzo, os meus pais, de pequena, dicíanme sempre, porque era eu moi teimuda, sempre, en defender o meu criterio e as miñas ideas: «non hai mellor desprecio que non



facer aprecio». Ben, pois eu vou intentar conterme e dicir realmente que non vou entrar a esa demagogia pura, e evidentemente non estamos á mesma altura institucional neste Parlamento. E o que vive nun mundo de ciencia ficción é vostede.

Evidentemente que proteste porque no Partido Socialista sexamos traballadores e presentemos na Comisión 6ª eu penso que cerca de seis iniciativas sobre o tema do caos e paralización da enerxía eólica no noso país, que, por certo, moitas iniciativas, como o Plan sectorial eólico, copiose mal, porque se vai proxectar en catro anos na Lei de medidas, que, por certo, votaron sempre en contra por parte do Partido Popular, señor Lorenzo. (*Aplausos.*) Iso tamén o debería explicar.

E non temos a culpa de ser traballadores e teimudos, como lle dixen, e volvo reiterar. O Regulamento desta Cámara non conculca e prohibe que se poidan presentar iniciativas en distintas comisións. Ademais, diríalle máis: é un dereito constitucional e político protexido polo artigo 23.2 da Constitución e que ten amparo ante o Tribunal Constitucional. ¿Vale? Aclárollo, porque, evidentemente, segue vivindo nos mundos de Yupi.

Hai que converter a industria galega en máis sustentable e verde, pero tamén debe ser máis competitiva, nun contexto xeopolítico moi complexo e cheo de incerteza, co auxe da extrema dereita, negacionistas do cambio climático. Por certo, ese Partido Popular en Europa estase situando moi ao seu carón, que volvo dicir que votaron en contra da terceira directiva de renovables, que se ten que traspoñer tamén no noso país, e votaron e achegáronse á extrema dereita en temas de política de deforestación.

Claro que disto vai o debate, do cambio climático, da transición ecolóxica e do desenvolvemento ordenado e planificado da enerxía eólica no noso país. É urxente que se comece a facer política enerxética recoñecible. ¿Como vai ser recoñecible se realmente temos catro ou cinco disposicións transitorias da Lei do sector eólico, na que nin os promotores saben a que aterse?

Por unha parte, as repotenciacións, obrigatorias, operadas en dezaoto meses segundo a Lei de medidas. Por outra parte, temos autorizacións suspendidas de setenta parques eólicos, que poden re tramitar, evidentemente fóra do Plan sectorial eólico do 1997. Se te acolles á aplicación da Lei de recursos de Galicia, ben, pois realmente as novas autorizacións pode ser que teñan a obriga de ceder ese 50 por cento da enerxía producida. Despois temos as ZAR, as zonas de aceleración renovable, con criterios de sensibilidade ambiental baixa. E todo sen planificar, sen ordenar, sen zonificar.

Evidentemente, eu dicía ese documento de zonificación que se pode ter en conta transitoriamente, que evidentemente ten en conta criterios de zonas aptas e zonas non aptas, con criterios de sensibilidade ambiental, que aprobou o Miteco en decembro de 2020, e que se menciona, señor Lorenzo, nos autos de suspensión dos parques eólicos de Serra Liñares, de Serra da Piñeira, de San Cristovo, de Neboada, de Penas Boas, de Orballeira, do parque eólico do Fial. En todos eses autos se menciona o documento de zonificación do 1 de decembro do Miteco, porque son zonas declaradas non aptas, zonas declaradas non aptas, e aquí a casa sen varrer, ja casa sen varrer!



E sempre o direi: o sector eólico claro que arrastra esa decisión nefasta, partidista, do señor Núñez Feijóo, ese galego en Madrid que se nega a comparecer nesta Cámara para responder desas contratacións millonarias con familiares ou vínculos familiares ou persoais, ese galego en Madrid que, cando chegou ao Goberno en 2009, pois paralizou o concurso eólico, deses 2.325 megavatios...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**A señora IGLESIAS REY:** ...que moitos responden a autorizacións agora suspendidas, e que tamén deixou fóra 5.000 millóns de euros de investimento, por unha decisión partidista e non pensando no interese xeral dos galegos e galegas. Eu teño máis cómputo de 48 millóns de euros desas responsabilidades patrimoniais que tivemos que pagar con cartos públicos, por unha suspensión partidista do señor Feijóo, que foi confirmado ese concurso como legal no Tribunal Supremo.

Nada máis pola miña parte, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Rematado o debate...,

*(O señor Golpe Acuña pide a palabra.)*

Si, señor Golpe, ¿para que quere a palabra, por favor?

*(O señor Golpe Acuña pronuncia palabras que non se perciben.)*

Perdoe un momento. 76. ¿Cal é exactamente a inexactitude? *(O señor Golpe Acuña pronuncia palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano do señor Golpe.

**O señor GOLPE ACUÑA:** Se non, vou deixar a gorxa.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Perdón?

**O señor GOLPE ACUÑA:** A imprecisión radica na afirmación que fixo o voceiro do Partido Popular a respecto da permisibilidade que tiña o Bipartito, en permitir —valla a redundancia— parques eólicos dentro da zona de Rede Natura.

**O señor PRESIDENTE:** Pero esa é unha afirmación nun debate. *(Murmurios.)* Un momento, un momento, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor Bará, por favor. Non, xa está, xa entendín, pero vostede... Un momento, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non ten vostede a palabra, non o están escoitando.

Imos ver, iso valórao a Presidencia, pódese estar de acordo ou non estar de acordo. Non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdón, perdón, calma, un pouquiño de



calma. Este señor no debate el fai unha afirmación coa que vostedes poden estar de acordo ou non estar de acordo. *(Murmurios.)* Non, non, tranquilos. Non é a cousa para tanto. ¡Tranquilos, tranquilos! É como cando eu aquí escoito «*el hospital Cunqueiro es un hospital privado*» *(Murmurios.)* ou que son amigos das eólicas os deste lado. ¿Que? ¿Iso que é? ¿Que é iso? *(Murmurios.)* Cada vez que eu escoito eu iso aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é. Polo tanto, non vou conceder ese turno.

Imos votar, que é o que corresponde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Votamos.

Non, non. Está claro, forma parte do debate parlamentario, e non hai outra cousa que dicir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Votamos. Si, eu sei ben de que vai isto; si, sei ben de que vai. Veña, votamos.

### ***Votación das mocións.***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Secundino Fernández.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que non foi aceptada.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández, sobre a xestión da Xunta de Galicia dos fondos europeos para o sector agrario, concretamente da orde deste ano, que regula os plans de mellora e a incorporación da xente nova ao sector.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que tampouco foi aceptada.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández, sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta moción.*





**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Iglesias.

Foi solicitada a votación por puntos polo señor Golpe. ¿Acéptalle vostede a votación por puntos, señora Iglesias? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non. Mala sorte. (*Risos.*)

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey, sobre o modelo de desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 38; abstencións, 24.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

*Suspéndese a sesión ás dúas e dezasete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Boa tarde. Reanudamos a sesión coa alteración da orde do día consistente en substanciar a continuación o punto 2, coa comparecencia co documento número 14313.

***Alteración da orde do día.***

**Comparecencia da conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre a igualdade e a loita contra a violencia de xénero**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para desenvolver a súa intervención, ten a palabra a señora conselleira, dona Fabiola García.

**A señora conselleira de POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Moitas grazas, presidenta.

Deputadas e deputados, moi boas tardes a todos.

Comparezo hoxe por petición propia como conselleira da área de Igualdade para facer balance e dar conta tamén das medidas postas en marcha para loitar contra a violencia de xénero. Pero tamén para continuar camiñando cara á igualdade real na nosa comunidade. Fágoo xusto unha semana antes do 25N, unha data que busca xerar conciencia sobre as múltiples violencias que sofren as mulleres polo mero feito de selo. É unha data na que o mundo enteiro volve a súa mirada cara a unha cuestión central, que debe estar na axenda diaria de todas as administracións públicas.



Antes de comezar, permítanme que en primeiro lugar lembre hoxe nesta Cámara a Andrea, de 25 anos, a Mercedes, de 76, a Fadua, de 41, e a Estela, de 36. Son as catro mulleres que este ano foron asasinadas en Galicia. Desde aquí quero enviar un recordo para as súas familias, para os seus amigos e para os seus achegados e un recoñecemento para elas e para todas as mulleres que son vítimas de violencia de xénero. (*Aplausos.*) Neste sentido, quero amosar a miña condena e total rexeitamento ante o último e brutal acontecido en Baiona. Un acto brutal que nos conmociona como sociedade, que nos demostra que aínda queda moito traballo por facer e que nos fai continuar incrementando os esforzos e os recursos á disposición de todas as mulleres en Galicia.

Son casos que non deben deixarnos indiferentes e que deben impulsar a necesaria unidade de acción das distintas administracións e tamén a mobilización de toda a sociedade en xeral. Debemos estar unidas fronte a unha violencia machista que ten diferentes caras, que pode presentarse a calquera idade e en calquera estrato social e que ten diferentes xeitos de presentarse: violencia física, psicolóxica, sexual, económica ou dixital. E precisamente por iso a debemos afrontar de xeito integral; con apoio social, con respaldo xurídico, con apoio económico, con atención psicolóxica e cun reforzo moi importante a nivel educativo dende as primeiras etapas.

E isto é o que leva facendo a Xunta de Galicia, traballando día a día na loita contra a violencia de xénero. Por iso, Galicia é a comunidade con máis e mellores recursos en materia de violencia de xénero, (*Aplausos.*) que se suma ao feito de que contamos dende o ano 2007 cunha lei propia e que fomos modificando para garantir cada vez máis protección. Máis protección ás vítimas de trata de seres humanos, mulleres e nenas, para recoñecer a violencia vicaria e tamén a violencia dixital.

O certo é que debemos seguir actuando principalmente en torno a tres eixos: tolerancia cero ante todos os tipos de violencia; resposta conxunta de administracións e de sociedade; e tamén a atención especializada, apostando pola sensibilización e poñendo o foco nos máis novos. E esta será unha das principais liñas de actuación no ano 2025. Porque nos preocupa a detección de roles machistas entre a xente moza e porque estamos vendo comportamentos que se reproducen e que non podemos, en ningún caso, normalizar.

Con todo, pese a que Galicia é a comunidade con máis e mellores recursos nesta materia, a valoración da Xunta de Galicia desta lacra nunca será positiva mentres haxa un só caso; mentres haxa unha soa muller que sufra calquera tipo de violencia machista. O que temos é que seguir traballando, e así nolo demostra a realidade do noso día a día. Precisamente por iso, neste 2024 creamos unha dirección xeral específica de loita contra a violencia de xénero que permite atender mellor todas as vítimas, pero sobre todo traballar na prevención de episodios e de escenarios machistas.

Como dicía, os feitos e os datos revelan que nos últimos tempos se produciu un aumento no número de denuncias. Isto é así porque as políticas de concienciación están motivando que as vítimas confíen na Administración e que dean un paso moi importante e imprescindible, pero un paso sempre moi difícil, que é o de denunciar. E poñen os seus recursos en mans das forzas e corpos de seguridade do Estado, reducindo desta forma os posibles niveis de



infradenuncia que puidese haber. Unha circunstancia na que teñen moito que ver medidas como a asistencia legal gratuíta ou o asesoramento como o que ofrece a Xunta de Galicia.

Os datos demostran que cada vez hai máis mulleres que cren no sistema, que máis mulleres están informadas dos seus dereitos e que máis mulleres denuncian aquelas situacións machistas que viven no seu día a día. Para atender todas estas realidades, o vindeiro ano destinaremos un orzamento de 28,3 millóns de euros á loita contra a violencia de xénero. Un orzamento que medra un cinco por cento con respecto ao do ano anterior e que nos permitirá manter, reforzar e ampliar os recursos, os servizos e as distintas prestacións coas que conta a Xunta de Galicia, ofrecendo esa abordaxe integral e personalizada en cada caso. Un orzamento que nos permitirá, como vimos facendo, darlle independencia e darlle autonomía a todas as vítimas, axudándoas a iniciar unha nova vida.

Cómpre lembrar que Galicia conta con recurso económico propio, a prestación económica que mantemos dende hai dezaioito anos, e facémolo de forma ininterrompida. E somos a única comunidade que ofrece unha achega entre douscentos e oitocentos euros ao mes durante un ano; unha axuda coa que apoiamos xa máis de sete mil setecentas mulleres dende o ano 2006 e un total de 376 nos seis primeiros meses deste ano 2024 e que en 2025 contará cun orzamento de 4,3 millóns de euros. (*Aplausos.*) Contamos, ademais, cunha prestación de pago único, que é compatible coa primeira e que, ademais, conta con outras prestacións: unha prestación que equivale como mínimo a seis meses de subsidio por desemprego, que se incrementa en función da situación concreta de cada vítima e que en 2025 verá incrementados un sesenta por cento os seus fondos, ata chegar aos 2,7 millóns de euros. A estas prestacións sumarase unha nova liña de axudas de pago único, destinadas especificamente a vítimas de violencia sexual, que contará cun orzamento de 1,2 millóns de euros. Ademais, imos continuar mantendo outros apoios. Apoios como as axudas á mobilidade xeográfica para todas esas mulleres que teñen a necesidade de cambiar a súa residencia habitual. Ou tamén as axudas para vítimas gravemente feridas e a orfos.

E, como se trata dunha materia de ámbito transversal, buscamos a implicación de todo o Goberno galego nas distintas medidas. Estoulles falando de casos como o bono Alugueiro social, que é unha axuda anual que pode chegar ata os tres anos, e tamén todos eses programas que temos en colaboración con Xustiza, para ofrecerlles asistencia gratuíta e garantir a presenza de traballadoras sociais nas oficinas de atención ás vítimas.

Ademais de recursos económicos, ofrecemos formación, integración, acompañamento e, como non, atención. Para a Xunta de Galicia a atención psicolóxica ás vítimas é prioritaria. Podemos dicir que contamos cun dos servizos de tratamento psicolóxico máis completos de toda España. Non en van, ofrecemos un recurso de asistencia psicolóxica de xeito integral, non só para a vítima, senón tamén para os seus familiares. Trátase dun programa de intervención terapéutica, a través de profesionais acreditados e formados na atención ás vítimas de violencia, que acompañan as mulleres na adquisición desas habilidades necesarias para afrontar as consecuencias da violencia e diminuír as condicións de vulnerabilidade. Este ano xa se beneficiaron deste programa preto de mil cincocentas persoas, sendo máis de trescentos menores os que foron asistidos con estas terapias. Por outra banda, a quenda de garda psicolóxica atendeu oitenta mulleres, unha quenda que está en todos os partidos xudiciais



de Galicia as 24 horas ao día e os 365 días ao ano. A estimación é que este plan de atención, que desenvolvemos en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Meniños, atenda neste 2024 máis de mil oitocentas mulleres, fillas e fillos.

Cómpre lembrar que tamén se presta atención integral ás mulleres en situación de explotación sexual e vítimas de trata. Esta atención integral e especializada será reforzada coa apertura dos cinco centros de crise 24 horas para mulleres vítimas de violencia sexual, un máis dos exixidos pola Unión Europea. *(Aplausos.)* Centros de crise e 24 horas que xa están rematados e que poremos en marcha en poucas semanas. Desta forma, Galicia contará con estes centros de crise antes do prazo establecido. Estarán situados nas áreas hospitalarias de Santiago, de Ferrol, de Lugo, de Ourense e de Vigo. Estes centros ofrecerán servizos de atención psicolóxica, atención xurídica e atención social e darán apoio e asistencia en situación de crise para as vítimas, familiares e tamén a moitas persoas da súa contorna. De aí a nosa decisión de situalos a carón dos hospitais para evitar a súa revitimización.

Ademais, inclúen o acompañamento, unha información telefónica e presencial as 24 horas ao día todos os días do ano. Este novo recurso, que estará —como lles dicía— operativo ao en breve, súmanse ao feito de que somos a primeira comunidade en posuír unha rede de acollida adaptada ás vítimas que padecen ademais patoloxías mentais. Unha rede que ampliaremos coa apertura en breve dun centro especializado na atención a mulleres con adiccións no Concello do Porriño, ao que destinamos un millón de euros para a súa creación e que será o primeiro da nosa comunidade específico para a atención de vítimas con problemas graves de adicción ao alcohol ou outro tipo de sustancias. Estas medidas pioneiras permitirán seguir consolidando a rede galega de acollemento; reforzando a rede de casas de acollida, que lles permite iniciar a todas esas mulleres unha vida afastada e alonxada do maltrato e que contan con máis de oitenta prazas en sete centros de acollida, situados na Coruña, en Ourense, en Ferrol, en Vigo, en Burela, en Chantada e Lugo.

A transversalidade desta loita tamén nos leva a colaborar, estreitamente e dende hai moitos anos, cos que están moi preto das vítimas; falo dos concellos e falo das entidades do terceiro sector. Eles son os que están no día a día, os máis achegados á realidade e son a primeira porta á que chamar. A eles quero agradecerlles hoxe o seu traballo e a súa entrega. *(Aplausos.)* No caso dos concellos, contamos dende hai anos coa Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, con 224 municipios e mancomunidades adheridos e no marco da que xa se teñen constituído 112 mesas locais de coordinación.

A colaboración con concellos e entidades pasa tamén por apostar por axudar as vítimas a incorporarse ao mundo laboral; por darlles esa saída a través da formación profesional e de brindarlles un plan de traballo e, polo tanto, darlles a chave da independencia. Un eido no que seguiremos traballando o vindeiro ano, cun orzamento de máis de 3,8 millóns de euros.

Neste punto de colaboración tamén quero destacar hoxe o traballo conxunto que realizamos coas universidades galegas. Traballamos con elas para desenvolver medidas de sensibilización e de prevención, como poden ser cursos, xornadas, actividades ou mesmo a tarefa da investigación. Un traballo que vai acompañado do necesario reforzo das campañas de sensibilización, onde quero facer unha especial mención aos máis de trescentos actos progra-



mados pola Xunta de Galicia ata o mes de decembro no marco da conmemoración do 25 de novembro.

Como dicía ao principio, sabemos e somos moi conscientes da importancia de sensibilizar e de concienciar os máis novos. Demos xa os primeiros pasos co deseño e a implantación do protocolo de actuación contra as violencias sexuais LGTBifóbicas nos espazos de lecer nocturno. Unha completa ferramenta que inclúe pautas para previr, para detectar e para actuar ante situacións de violencia. Contamos tamén cada vez con máis establecementos adheridos en toda Galicia. Pero o que buscamos é a súa implantación efectiva e total, animando o maior número de hostaleiros.

E como nos preocupa a sensibilización da mocidade, e especialmente o impacto que poden ter as novas tecnoloxías, en 2025, tal e como anunciou esta mesma mañá o presidente da Xunta de Galicia, comezaremos a deseñar e elaborar a que será a primeira Lei de violencia dixital de Galicia e de España. *(Aplausos.)* A que será, como dicía, a primeira normativa nacional en regular unha materia que nos preocupa e tamén que nos ocupa, e que virá completar o actual marco normativo galego, co obxectivo de establecer medidas de sensibilización, de prevención e de detección do acoso no ámbito dixital, prestando especial atención ás mulleres, aínda que tamén prestándolle especial atención a outros colectivos vulnerables. Queremos fomentar unha convivencia respectuosa nas contornas dixitais, con protocolos de actuación, con ferramentas de denuncia e de protección e dando ás vítimas un respaldo legal cando se vulnera, por exemplo, a súa intimidade sexual. Da man desta pioneira lei, impulsaremos campañas de información e de sensibilización sobre o uso respectuoso das TIC. Fomentaremos mecanismos de denuncia, especialmente no ámbito educativo, e tamén loitaremos para previr estas situacións en todos os sectores sociais posibles.

Como xa dixeran, esta é unha loita que nos ten que implicar a todos e a todas. Non só precisa do traballo e o esforzo da Xunta de Galicia, senón tamén doutras administracións, especialmente do Goberno central; en función cada un das súas competencias. Un Goberno central ao que volveremos solicitarlle unha vez máis a revisión e a actualización do sistema Viogén, xa que en moitos casos as valoracións de risco das vítimas non son as correctas. Pero, ademais, o sistema debería gañar sempre en transparencia. Volveremos solicitarlle a renovación e a necesaria actualización do Pacto de Estado, a necesaria dotación a Galicia de máis xulgados de violencia de xénero e a promulgación, dunha vez por todas, da Lei contra a trata de persoas.

A realidade demóstranos que eliminar a violencia de xénero é un camiño longo; un camiño longo que pasa, entre outras cuestións, por garantir a igualdade entre mulleres e homes. E por facelo en todas as esferas da vida, apostando por un feminismo inclusivo, reivindicativo e dialogante, no que cabemos todas e no que caben todos. *(Aplausos.)* Con este obxectivo destinamos nos orzamentos do ano 2025 máis de vinte e oito millóns de euros para a promoción da igualdade. Máis ca nunca antes, polo que o vindeiro ano tamén seguiremos avanzando na igualdade de xénero, que debe ser a base da nosa sociedade. Un ámbito no que Galicia tamén foi pioneira, apostando dende hai moitos anos pola corresponsabilidade e pola sensibilización.





Entre as medidas previstas en materia de igualdade, cómpre destacar a elaboración en 2025 do Plan integral de actuación para a renovación e o impulso dos centros de información á muller, como xa tiveron ocasión de explicarlles ás súas profesionais o pasado venres. Porque é un recurso prioritario para todas as vítimas, pero tamén é un recurso prioritario para a promoción da igualdade. Por iso elaboraremos unha diagnose pormenorizada, preguntándolles ás profesionais, pero tamén preguntándolles aos responsables de igualdade de todos os concellos galegos.

Pero non hai tempo que perder, e o vindeiro ano o aumento do apoio aos CIM será unha realidade, co maior investimento da historia: un aumento do 30,6 por cento, ata superar os 6,5 millóns de euros. (*Aplausos.*) Tamén aumentaremos un 13,6 por cento o apoio aos concellos para o pago do persoal dos CIM, o que supón 605.000 euros máis, e incrementaremos un 30 por cento os fondos para o programa destinado á promoción da igualdade e á prevención da violencia, ao que se sumará unha liña de apoio para a mellora dos equipamentos de todos estes centros. Este plan integral de actuación permitirá reforzar unha rede que atende unha media de 17.000 mulleres cada ano, conta con 84 centros e dá atención a máis de douscentos concellos.

Pero, ademais, tamén imos seguir apostando pola concienciación e pola sensibilización, situando, como xa dixen, os mozos como ese público obxectivo de todas as nosas medidas, impulsando unha maior educación e tamén investigación en clave de igualdade.

Tamén seguiremos blindando a corresponsabilidade, como xeito de avanzar cara a unha igualdade real. De feito, en 2025 investiremos máis de 10,5 millóns de euros en dar ese pulo necesario, concretamente con 9,3 millóns de euros para apoiar a tan necesaria conciliación; non soamente nos meses de verán, senón durante todos os meses do ano. E con axudas específicas, coas que buscamos un maior reequilibrio na repartición dos tempos, das tarefas e dos coidados no fogar.

Ademais da concienciación e do apoio á conciliación, tamén seguiremos poñendo recursos á disposición das mulleres que buscan poñer en marcha os seus propios proxectos, apoiando todas aquelas que queren emprender a través de distintas axudas para o fomento do emprendemento feminino. Tamén imos continuar apoiando todas as mulleres na súa incorporación ao mercado laboral. Porque traballar significa maior empoderamento e maior independencia económica das mulleres.

Seguiremos apoiando as entidades de iniciativa social para a realización de programas para a protección das mulleres que están en situación de especial vulnerabilidade, con axudas que tamén incrementarán a súa dotación en máis dun seis por cento. Con apoios de máis de 1,3 millóns de euros con cargo ao 0,7 do IRPF para actuacións de promoción da igualdade e de loita contra a violencia machista dirixidos a todas as mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade.

Señorías, os datos dinnos ás claras que en materia de violencia queda moito camiño por percorrer; que o camiño que temos por diante como sociedade é aínda moi superior ao que levamos avanzado. O bo é que Galicia ten un Goberno comprometido coa erradicación da





violencia contra as mulleres. Estamos e estaremos sempre ao seu lado. Por iso seguiremos poñendo á súa disposición esa axuda mensual, única en España e financiada cen por cento con fondos propios, para que conten cun apoio permanente para poder refacer a súa vida.

Seguiremos ampliando e reforzando os centros de acollida, de información á muller e de atención, para que ningunha muller en Galicia se sinta soa. *(Aplausos.)* Seguiremos ofrecendo apoio psicolóxico para reparar o dano feito, tanto a elas como a súa contorna e a todos aqueles homes con condutas violentas. E seguiremos actuando en todos os ámbitos da nosa sociedade que nos permitan previr, frear e erradicar sempre calquera tipo de violencia. *(Aplausos.)* Un avance no que precisamos do compromiso e da colaboración das distintas administracións públicas e, ogallá, tamén das distintas forzas políticas. Un compromiso que contribuirá, sen dúbida ningunha, a facer de Galicia un lugar libre de violencia, unha comunidade feminista e unha comunidade segura para todas as persoas que aquí vivimos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(O señor Ojea Bouzo declina o uso da palabra.)* Tería a palabra o voceiro do Grupo Mixto, que renuncia á súa intervención. Ten entón a palabra a voceira do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Paloma Castro.

Teñen vostedes dez minutos.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidenta. Boa tarde.

Boa tarde, conselleira.

Estamos ás portas do 25 de novembro e creo que todos e todas centramos as nosas forzas en visibilizar a violencia contra as mulleres, coa necesidade de mellorar e implementar políticas de prevención, protección e asistencia ás vítimas. Nós dende o Grupo Socialista sumámonos a ese recoñecemento que fixo vostede desas catro mulleres asasinadas este ano en Galicia. É unha cifra terrible. A realidade é esa: catro mulleres asasinadas, unha media de 19 denuncias ao día no ano 2024 e 448 ordes de protección solicitadas; que son 448 mulleres que están en risco de ser agredidas pola súa parella ou exparella. E 584 sentenzas, das cales o 84 por cento foron condenatorias neste ano. Uns datos que nos din que temos que seguir poñendo o foco e mellorando as políticas en relación á violencia de xénero.

Un incremento de denuncias que, como dicía vostede, pode supoñer ese aumento da confianza no sistema xudicial e na protección social que se dá ás vítimas unha vez denuncian. Pero tamén nos reflicte que existen moitos casos de violencia de xénero dentro da nosa sociedade e que necesitamos, polo tanto, un cambio estrutural. E digo estrutural, porque a violencia machista non a podemos concibir de forma illada, senón que é consecuencia da desigualdade. Por iso, nós reprochabámoslles ao inicio da lexislatura que vostedes separasen igualdade e violencia e que non existise un nexa común cunha secretaria xeral, porque cremos que unha é o xerme da outra.



Polo tanto, hai moitos sinais de desigualdade aínda na nosa sociedade, empezando pola actitude do Goberno galego cada vez que ten que organizar un foro, un congreso, un comité de expertos; cada vez que ten que organizar algo disto... Póñolle exemplos: o comité que ía xestionar os fondos Next Generation, as ponencias do congreso sobre a reforma municipal de Galicia ou incluso a semana pasada, nesas xornadas sobre violencia dixital, todos ou a meirande parte son homes. Non sei, máis da metade da poboación somos mulleres, o sesenta por cento das tituladas universitarias, e para a Xunta de Galicia non sabemos nada, non somos expertas en nada, porque nunca nos ten en conta á hora de organizar. E, señora conselleira, se non estamos, non contamos. *(Aplausos.)*

Falaba vostede de varios aspectos e varias liñas políticas que ía implementar o ano que vén. Nós queremos comezar pola prevención. A prevención é o máis importante se queremos acadar unha sociedade igualitaria. E non valen campañas publicitarias; non chega con charlas nos centros educativos ou coa vontade dun equipo directivo comprometido coa igualdade. Señora conselleira, estamos a ver que non chega. Ten que poñerse de acordo co seu homólogo de educación, o señor Román Rodríguez, e incluír a educación afectivo-sexual nos proxectos curriculares dos centros de ensinanza obrigatoria, en Primaria e na ESO. É importantísimo. *(Aplausos.)* Non podemos deixar en mans da pornografía a educación sexual dos nosos fillos. Porque a última enquisa dinos que o primeiro contacto é aos oito anos, pero é que aos doce xa o cincuenta por cento das nenas e nenos visionaron frecuentemente e aos quince esa cifra chega ata o noventa por cento. ¿E que fan? Pois recibir unha información totalmente distorsionada, violenta e profundamente machista das relacións afectivas. E somos nós os que temos que darlles ferramentas e respostas aos distintos niveis educativos e adaptados aos mesmos, para que saiban ter relacións afectivas baseadas no respecto. Temos que darlles respostas para xestionar as súas emocións, as relacións interpersoais e a súa sexualidade. É necesario, polo tanto, insistir. E nós insistiremos. Se non é aquí, a través dunha proposición de lei que traeremos tamén ao pleno, para insistir nesta necesidade urxente.

Tamén hai que poñer o foco nas mulleres rurais. Moitas veces a gran silenciada é a violencia machista nos contornos rurais. Uns contornos que teñen menos servizos, nos que hai moitos máis vínculos familiares e unha obriga máis forte coa casa, cos animais, coa horta... que moitas veces ocasiona que estas mulleres leven sufrindo maltrato en silencio anos e anos. E, polo tanto, temos que ampliar a rede de CIM por todo o territorio, para que non exista un CIM a máis de quince quilómetros de ningunha poboación e tamén ampliar o persoal dos CIM e a formación do mesmo. E, para iso, fan falla máis fondos.

Falabamos tamén da necesidade de formación en igualdade. É gravísima a falla de información en igualdade de diversos colectivos. E dígolle unha cousa: cantos máis ollos vexan en materia de igualdade, máis posibilidades temos de detectar a violencia de xénero. Isto salva vidas. Refírome aos profesionais da sanidade, ao profesorado, forzas e corpos de seguridade, letrados da quenda de oficio... porque son o primeiro contacto dunha vítima, onde ela vai pedir axuda. Unha mala decisión ou un mal asesoramento pode ter consecuencias terribles. É fundamental, señora conselleira, que vostede esixan neses pregos de licitación de todos os servizos de asistencia e coidados, que están todos externalizados en Galicia, esa necesidade de formación en igualdade para os centros de menores, para os centros que traballan con familias, como os puntos de encontro familiar, e para os centros de maiores. Porque é a forma de detectar a violencia de xénero, e isto salva vidas.



Esa rede de casas de acollemento que dicía vostede ten que ampliarse tamén a Pontevedra e Santiago, as únicas dúas cidades que non contan con este recurso.

E falaba vostede do persoal dos centros de crise 24 horas. Uns centros que se crean grazas a esa Lei de garantía da liberdade sexual, e que se envían fondos dende o Goberno de España. Pois estes centros tamén teñen que ter o persoal suficiente e sobre todo, señora conselleira, suficientemente formados. É importantísimo.

Falaba tamén vostede na súa comparecencia de protección ás vítimas. É necesario, porque é a resposta para que estas poidan comezar, unha vez que dan o difícil paso de denunciar, a construír o seu futuro. Polo tanto, nós aplaudimos esa nova medida aprobada en Consello de Ministros e derivada ás comunidades autónomas; eses fondos, por primeira vez, de prestacións para vítimas de violencia sexual. Porque consideramos que a violencia económica é outra manifestación da violencia de xénero, que crea o mesmo impacto terrible tanto na muller como nos seus fillos, porque tamén é unha forma de violencia vicaria. Para contrarrestar isto teñen que dar unha prestación suficiente e, polo tanto, —aínda que mañá falaremos polo miúdo disto— teñen que incrementar as axudas.

A Rede galega de acollemento. Vostede falaba de que reivindicaba ao Estado esa lei estatal de trata. ¡Pero se non temos ningún balance da prostitución e da trata que existe en Galicia! Non temos unha imaxe real, non temos ningún tipo de informe nin ningún tipo de estatística. Vostedes abandonaron ese primeiro plan galego contra a trata. Non implementaron medidas, non sabemos o balance de execución e o peor é que meteron un tesoirazo terrible no Orzamento 2025. Miren, mentres aquí debatemos sobre a loita contra a violencia de xénero, portas a fóra, a uns metros, nas rúas de Santiago e arredores, hai detectadas polas ONG máis de vinte vivendas dedicadas á prostitución e á trata. Mulleres que están metidas en cárceres e explotadas sexualmente día e noite. Polo tanto, se falamos de violencia, non podemos esquecernos delas. Non podemos abandonalas, tampouco, e non podemos deixar de implementar políticas para axudalas e para protexelas.

Falaba vostede tamén da protección psicolóxica ás vítimas. A protección psicolóxica vemos que está a fallar, porque a estatística nos di que o dez por cento das denuncias non son ratificadas en xuízo; as vítimas acóllense a ese dereito de non declarar. Iso é un fiel reflexo de que é necesario implementar a asistencia psicolóxica ás vítimas. Tamén teñen vostedes que poñer o foco neses programas dirixidos aos maltratadores, ese programa Fénix ou ese denominado «Abrir o círculo».

A coordinación é fundamental. Coordinación para dar resposta multidisciplinaria dende o eido social, laboral, económico e habitacional.

Falaba vostede da repartición aos concellos. Para esa coordinación é fundamental incrementar os fondos: 3,8 millóns de euros non son suficientes para axudar os concellos a loitar contra a violencia de xénero. Ese sistema Viogén —foi moi grave o que dixó— é transparente, ten transparencia para a xente que ten que traballar nel. Eses ítems non poden ser coñecidos por todo o mundo. É un sistema, ademais, que se actualizou o 22 de outubro con esa entrada



en vigor do Viogén 2, que introduce moitos máis ítems para protexer as mulleres vítimas de violencia.

E o Pacto de Estado que se está a traballar no Senado e no Congreso para que esperemos sexa renovado antes de final de ano, aínda que todos sabemos que os seus socios de goberno a nivel estatal, os negacionistas de Vox, serán un escollo na tramitación e en poder acadar novamente un consenso nese Pacto de Estado. Esperemos que esta conduta e deriva á ultradereita que leva o seu presidente Feijóo e que leva o Partido Popular a nivel estatal non faga que tamén sexa o Partido Popular un escollo na renovación dese Pacto de Estado, que coincido que é necesario. Temos que adaptarnos a determinadas manifestacións de violencia que non están contempladas no primeiro e temos que ampliar o foco cara a esa violencia dixital da que falabamos antes, cara á violencia vicaria e, por suposto, tamén cara á violencia económica que sofren as vítimas.

Por agora, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra dona Noa Pressas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señora presidenta.

Boa tarde.

Boa tarde, señora conselleira, a vostede e tamén ao seu equipo, que andabamos uns e outros a correr polos pasillos e vinos antes.

Ben, eu creo que todas hoxe nos sentimos na obriga de comezar da mesma maneira: recordando que o pasado 8 de novembro volvemos ver un feminicidio no noso país, neste caso o de Estela Blach Silva en Baiona. Son xa catro, entón, os feminicidios en Galicia no ano 2024. Antes as feministas tivemos que saír ás rúas en marzo ante o asasinato de Andrea Iturria, de 25 anos, que deixaba tamén, como Estela Blach, unha vítima e unha crianza sen nai. Antes as feministas saímos tamén ás rúas en agosto ante o asasinato de Mercedes Ríos Muñiz, de 74 anos, e antes en outubro ante o asasinato de Fadoua Akkar, que tamén, como Andrea e como Estela, deixaba orfa unha crianza sen nai. Para todas elas tamén a nosa homenaxe, que sirva o seu nome no *Diario de Sesións* para recordalas e comprometernos con combater cada un dos feminicidios que haxa no noso país e evitar que haxa máis. *(Aplausos.)*

Catro asasinatos machistas fan que, por desgraza, en novembro de 2024 teñamos xa superado as cifras dun 2023 que foi intenso canto á violencia machista, que nos deixou tamén máis de mil catrocentas ordes de afastamento, case oito mil casos en Viogén e máis de novecentos delitos contra a liberdade sexual, a cifra máis alta desde que hai rexistros, desde o ano 2016, e cun aumento dun vinte por cento. Datos que son terribles e que só podemos combater con compromisos; con comprometernos ademais, como poder lexislativo, con poder poñer en marcha as máis melloras posibles do marco do que nos temos dotado. Un



marco, o marco galego, que temos dito moitas veces e que queremos reafirmar hoxe que é absolutamente referencial; non só no conxunto do Estado, senón tamén a nivel europeo, e que nos adiantamos con moito á aplicación de Istambul e a outras cuestións nas que se ten avanzado recentemente. Só por poñer un exemplo, o propio Parlamento Europeo, que tan áxil está para legislar sobre outros asuntos, aínda hai apenas seis meses que lexislou en materia de violencia machista.

Como digo, ante esta barbarie, barbaridade e barbarie, e ante algo que nos preocupa enormemente desde o BNG, que é a normalización da violencia machista. Dános a sensación de que cada vez máis se reciben estes datos con certa indiferenza, incluso na propia sociedade. Algo que nos preocupa enormemente e pensamos que ante isto só hai unha resposta posible, que é asumir que a prevalencia da violencia machista require de nós sermos autoexixentes e de ter un cuestionamiento permanente de que cuestións podemos mellorar. Desde logo esa é a nosa vontade dende o BNG, comprometidos co feminismo e como líderes da oposición.

Eu referireime fundamentalmente a cuestións que teñen que ver co marco galego, e agrázolle a vostede que así o fixera. Pero si que quería referirme a unhas cantas cuestións que teñen que ver co Estado, algunhas nas que podemos coincidir, e que son prioridades que nós entendemos que vostede, como máxima representante das políticas de igualdade neste país, debería defender.

Canto á primeira, eu quería deixar tamén aquí claro o posicionamento do BNG respecto desta cuestión da renovación do Pacto do Estado da que se está a falar tanto ultimamente. Nós, por suposto, estamos de acordo con que se renove ese Pacto de Estado. Entendemos que hai un marco económico plurianual que afortunadamente vai ata 2027 e que, polo tanto, hai marxe. En todo caso, insistimos, falar de renovalo e de engadir propostas está moi ben, pero nós tamén apelamos a que se cumpra, a que se acaban de desenvolver cuestións que están pendentes. Pedímoslle que nese sentido vostede insista tamén como Goberno. Hai cuestións pendentes de reforma do Código penal ou da Lei de axuízamento criminal nas que é fundamental avanzar. Tamén algunhas como as referidas á introdución de máis criterios reais á hora de determinar as ordes de afastamento, que non sexan pechados. Polo tanto, aí, tanto pola súa responsabilidade do Goberno como pola responsabilidade tamén do Partido Popular na aritmética no Estado, pedímoslle un esforzo. Nós, desde logo, estaremos aí e tamén xa adianto que, por parte do BNG, máxima disposición a que neste Parlamento galego unha vez máis nos sentemos a falar as diferentes forzas políticas e poidamos remitir ao Congreso das e dos Deputados, e tamén ao propio Senado, propostas específicas, como xa se fixo no seu día.

Non quero singularizar tampouco en ningún dos feminicidios que houbo no noso país neste ano nin no anterior, nin tampouco no conxunto do Estado. Pero é certo que todas e todos somos conscientes de que en moitos casos había ordes de afastamento e había mulleres que estaban dentro de Viogén. Iso lémbraunos o debate permanente, que non é novo, que non é de hai uns meses, de que Viogén hai que complementalo con informacións, con valoracións forenses e valoracións desde o ámbito psicosocial. Iso é fundamental. Nós apostamos porque se reforme Viogén. Parécenos lamentable que a estas alturas, desde xaneiro que se anunciou, non estea operativa a segunda fase de Viogén, o Viogén 2. Pero, en todo caso, apelamos tamén a que desde o Goberno galego, no marco do autogoberno, aposten por reforzar o





Imelga e, polo tanto, poidamos conxuntamente aí avanzar. Propoñemos tamén estender eses mecanismos de xeolocalización do agresor a partir daqueles casos que son valorados como risco medio, para incrementar a protección.

En terceiro lugar, unha última cuestión que quería achegar respecto das cuestións que son máis de ámbito estatal, que creo que vostede non mencionou, e é que nós pensamos que tamén hai que mellorar os dispositivos dixitais de protección; singularmente todo o que ten que ver cos dispositivos Cometa, que en numerosas ocasións se teñen trasladado por parte de asociacións de mulleres as dificultades de cobertura, as dificultades de falta de modernización dos dispositivos e outras cuestións que entendemos que son fundamentais e que deberíamos atender entre todos e todas.

Todo caso, o tempo é limitado, e quería facer fincapé en varias cuestións de ámbito galego; de verdade, señora conselleira, que con todo o ánimo de sinalar puntos de mellora e contribuír en positivo a este debate. Pero antes, eu teño que dicir aquí nesta Cámara que estou un pouco estupefacta polo que levamos oído, desde a pregunta do señor presidente á primeira hora da mañá ata agora vostede mesma. Porque eu cando escoitei o señor presidente da Xunta falar desta cuestión, da futura lei de violencia dixital, a verdade é que mirei a miña compañeira Rodil con certa estupefacción, porque as dúas xa levamos algúns anos nesta Cámara e sinceramente creo que deberían vostedes recordar que foi no ano 2021, ademais por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, cando modificamos entre todos e todas a Lei galega de violencia, para incorporar como unha forma de violencia machista a violencia exercida contra as mulleres no ámbito dixital en liña.

Polo tanto, nesta modificación da lexislación, hai aspectos que vostedes non desenvolveron, como todo o que ten que ver coas sensibilización ou a intermediación, que en teoría como Goberno galego ían facer con plataformas dixitais que teñen aínda no tinteiro, que de feito eran cuestións que eu traía tamén a modo de suxestión de ámbitos nos que hai que pisar o acelerador. Preocúpame especialmente que na súa nota de prensa e nas súas declaracións se diga por parte do presidente que ten moito que ver coa violencia machista. Efectivamente, a violencia dixital ten moito que ver coa violencia machista, pero espero que aí non haxa un intento de banalizar a violencia machista ou de diluír a violencia machista dixital no marco doutras violencias. Desde logo, estaremos á expectativa de que dá de si ese novo anuncio lexislativo do Partido Popular, pero esperemos que non pase como esta modificación da lei, que quedou finalmente en papel mollado porque non impulsaron as medidas que aquí comprometeron. Desde logo, nós estaremos moi atentas ante esa cuestión.

En todo caso, eu quería insistir noutros aspectos. Hai pouco interpelaba o meu grupo e eu puña tres cuestións enriba da mesa. A necesidade de avanzar en sensibilización, porque aí os datos que vostedes mesmas nos remiten no informe de violencia machista son máis ben escasos, especialmente en ámbitos como o ensino. Falaba vostede da preocupación sobre o ámbito da mocidade. Nós estamos preocupadas por que se eliminase esa materia de igualdade; por que a educación sexoefectiva non forme parte realmente do currículo de maneira efectiva e do día a día dos centros. Estamos preocupadas por que a formación en materia de violencia machista non chegue nin a un terzo do profesorado, vendo os datos que vostedes facilitan entre plan Proxecta e outros programas.





Preocúpanos tamén, e xa o dixemos aquí, todo o que ten que ver coa rede de CIM e o seu reforzo. Estamos á expectativa de que dá de si o plan que anunciaban o pasado luns no Consello da Xunta, pero desde logo aparentemente iso vai ir máis a investimentos reais. Que non dicimos que será necesario, seguramente si, pero necesitamos tamén un novo marco para mellorar as condicións laborais e estender os perfís profesionais destes CIM e que poida estar cando menos o persoal que traballa, como mínimo, para se constituír a xornada completa.

Preocúpanos tamén todo o que ten que ver coa atención psicolóxica. Insistimos, ese artigo 25 da lei segue sen estar desenvolvido. Os programas que hai en activo son importantísimos, son moi valiosos, pero non chegan nin ao vinte por cento das vítimas de violencia machista e de violencia sexual, singularmente. E hai programas, como o de «Abramos o círculo», que teñen un potencial enorme, pero que temos que aspirar a que cheguen a máis homes.

E hai máis cuestións que temos que poñer enriba da mesa e nas que nós queriamos insistir. Respecto ao plan da trata, volvemos pedir que se remita canto antes a avaliación e que nos sentemos a falar do novo plan, xa que comeza 2025 en apenas mes e pico e non hai novo plan enriba da mesa.

Tamén, respecto das axudas de violencia —e disto debateremos máis mañá—, insistimos en que hai que aumentar a súa contía. E hai outras cuestións que temos que abordar, ademais, se queremos mellorar realmente a nosa capacidade de actuación. Unha delas, desde logo, é ampliar os programas existentes e que cheguen a máis mulleres.

Poño outro exemplo: programa Reincorpórate, que é un dos máis recentes que impulsou o Goberno galego, que combina a atención psicolóxica con defensa persoal; que nos parece moi positivo, pero que no 2023 tiña quince mulleres e, no 2022, quince mulleres. Se funciona, ¿por que non invisten máis aí? ¿Por que non se amplían programas deste tipo?

Hai outras cuestións tamén importantes, como facer unha auditoría dos puntos de encontro familiar, por todos os problemas que está habendo coas menores e coas queixas constantes que está habendo por parte dos colectivos feministas. E moitísimas outras cuestións que mellorar.

Para iso, nós seguimos insistindo. Alégrome de que recoñece vostede que o orzamento para a violencia machista son 28 millóns de euros, tal e como reflicte o orzamento. É unha cifra importante. Nós valoramos positivamente que se amplíe ano a ano e que programas específicos como o de axudas sigan aumentando. Pero, insistimos, a propia ONU acaba de dicir que a violencia machista é algo que mata unha muller no mundo cada dez minutos. ¡Cada dez minutos! É un problema de dimensión absoluta. E nós insistimos: segue sendo, aínda que aquí non teña a intensidade doutras latitudes, o problema máis importante das mulleres galegas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Polo tanto, ¿por que non dedicar un de cada cen euros á protección e á loita contra a violencia machista? Outra vez máis, esta comparecencia vén no



marco do debate orzamentario e nós seguimos insistindo. Algún día, como en tantas outras cousas, recoñeceranos que tiñamos razón e que era importante avanzar neste sentido.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias Rodríguez.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Conselleira, en nome propio e en nome do Grupo Popular, quero agradecer a súa presenza hoxe aquí para dar conta das políticas no que ten que ver coa igualdade e a loita contra a violencia de xénero da súa consellería e tamén da totalidade da Xunta de Galicia. Porque, como vostede ben dixo, é unha materia absolutamente transversal.

Igual que fixo vostede e que fixeron as miñas compañeiras dos outros grupos, non podo máis que empezar amosando un rexeitamento absoluto contra a violencia de xénero e todo o afecto ás vítimas e aos seus seres queridos. (*Aplausos.*) Porque contra a violencia de xénero necesitamos tolerancia cero e necesitamos transmitir unha mensaxe de unidade e de seguridade para as mulleres; tal como vostede fixo hoxe aquí, conselleira. Hoxe vostede veu coa man tendida, veu ofrecer propostas, propostas construtivas. Unhas propostas que, dende o noso punto de vista, teñen moito que ver coa actualidade e teñen moito que ver con esa posición que ten Galicia de ser punteira na loita contra a violencia de xénero.

Este é un día para ter esa unidade, pero tamén é un día para reflexionar sobre como a loita contra a violencia de xénero, e todo, ten que ver coa igualdade. Hai que facelas sempre e non hai que facelas só coas pancartas fóra, senón tamén aquí dentro, neste Parlamento. Eu quería denunciar hoxe, precisamente, as verbas dun deputado do BNG acusando ou mofándose dunha conselleira á que dicía que era conselleira simplemente porque tivera padriño. Creo que manifestacións dese tipo non se deben producir aquí nunca, porque realmente non nos levan a nada positivo e non fan nada bo pola igualdade. (*Aplausos.*)

Eu non vou ser triunfalista —tampouco vostede o foi, señora conselleira, e tampouco o foi o presidente esta mañá—, porque mentres haxa unha soa vítima non podemos estar satisfeitos. Pero creo que si que hai que ser realistas, e como hai que ser realistas creo que as mulleres galegas merecen saber que non están soas; que están acompañadas neste camiño e que Galicia é un referente na loita contra a violencia de xénero. Somos a segunda comunidade coa menor taxa de violencia de xénero interanual. Temos unha lei de violencia de xénero que é das máis avanzadas e progresistas do Estado, grazas á reforma de 2016 e 2022. Fomos unha das primeiras comunidades autónomas en tipificar a violencia dixital como unha das formas de violencia de xénero. Efectivamente, señora Presas, ¿a vostedes non lles parece ben que sexamos a primeira comunidade que vai ter unha lei contra a violencia dixital? Por iso que di vostede de «imos ver como sae». Pois mire, iso chámase prevención. Pero vostede vai ter a oportunidade de propoñer as súas apostas, o que vostede queira. Vostede vai poder traer aquí propostas, igual que o Partido Socialista, igual que o Partido Popu-



lar. E seguro que será entre todos como poderemos sacar a mellor lei. Temos que poñernos a traballar nela.

Hoxe vostede tería que estar aplaudindo, dicindo que imos ser a primeira comunidade en ter esa lei, mentres no Goberno do Estado, efectivamente, non se fixo nada neste sentido. É algo que están reclamando todos. Estao reclamando insistentemente Ángeles Carmona, a presidenta do Observatorio contra a Violencia de Xénero. Porque ten que ser o Goberno do Estado quen poña en marcha os mecanismos que permitan modificar o Código Penal, co fin de perseguir axeitadamente estes delitos. (*Aplausos.*) Por iso reclamamos que se renove o Pacto de Estado, que leva dous anos conxelado e do que só se cumpriu o sesenta por cento das propostas que tiña que facer o Goberno estatal, mentres que as da Xunta están case completas no cen por cento. Alégrame que aquí tamén se falase desa necesidade urxente de renovar o Pacto de Estado, que inclúa a violencia dixital, que inclúa a violencia vicaria e mellorar tamén o sistema Viogén.

E, falando de xulgados, vanme permitir que me deteña un momento na grande fazaña do Bloque Nacionalista Galego e os xulgados de violencia de xénero. Porque se non fose que é algo que prexudica gravemente as mulleres galegas, sería para poñerse a rir e non parar. Mire, a Xunta de Galicia, nunha reivindicación conxunta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, leva tempo pedindo xulgados específicos de violencia de xénero para Pontevedra, Ferrol, Ourense, Santiago e Lugo. Vostedes, o Bloque, puxérono no seu pacto para apoiar a Sánchez. Como todo o que puxeron nese pacto, non se cumpriu. Pero a gran noticia saltou, sacárona vostedes —sacouna o señor Néstor Rego o pasado día 13— dicindo que xa non quería cinco; primeiro, que con tres lle era suficiente, e dicindo ademais que ían apoiar a lei estatal de eficiencia xudicial porque lles ían dar eses tres xulgados. Iso foi o día 13, pero é que o día 15 o Ministerio contesta unha pregunta do Grupo Popular no Senado onde di que non se vai poñer ningún xulgado de vítimas de violencia de xénero en Galicia —ningún xulgado específico— e que unicamente se van reforzar os ordinarios. ¿Pero de verdade pode haber maior tomadura de pelo? ¿Pero ata cando van vostedes manter o señor Néstor Rego en Madrid? ¿Ou é que é el o que decide onde está cadaquén? Ao mellor o que pasa é que vostedes non poden decidir; ten que ser el, non é a lideresa a que o decide. Debe de ser iso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E falabamos aquí dos centros de información á muller, e pedíase tamén que se puxeran en marcha máis centros de información á muller. É moi curioso que o diga o Partido Socialista, que cerrou o de Ponte Caldelas cando gobernou e que en Lugo teno case sen persoal. Mentres, en Galicia estamos entre as tres comunidades con maior número de CIM. Temos en total 84, que dan atención a preto de douscentos concellos e a 16.700 persoas cada ano. Como dicía, quen pechou aquí os CIM é o Partido Socialista. Cando menos resulta simpático que hoxe pidan a súa apertura.

Eu estaba recordando esta mañá cando dicía o señor Besteiro que se acabara, que non tiñamos en marcha os centros Quérote... Pensaba: ¿pero como pode dicir iso? E logo pensei: claro, é que el confúndeos cos CIM. Como eles cerraron os CIM, pensan que eran os Quérote os que estaban cerrados e nos os CIM. Estaba equivocado. Pois mire, señor presidente, se me permite voulle deixar toda a información que hai sobre as actividades que fan os centros



Quérote, para que vostede lla pase ao Partido Socialista. Porque é unha pena que non lles poidan dicir ás súas bases e ás xentes coas que están que se beneficien dos servizos que dan os centros Quérote. *(Aplausos.)*

En canto aos centros de crise 24 horas, felicidades, conselleira. Imos ter un máis dos que nos pide Europa e, ademais, estarán a carón dos hospitais. Iso vai ser bo para as vítimas, porque evitarán unha dobre criminalización e ademais estarán cerca dos servizos sanitarios, se son precisos. Ademais, serán uns centros de titularidade pública. Uns centros nos que, entre toda a atención que haberá, haberá tamén atención psicolóxica. Porque si é importante destacar que Galicia conta cun dos servizos de tratamento psicolóxico ás vítimas máis completos de España, e que se reforzará o vindeiro ano no rural. Reforzarase precisamente tamén en todos os xulgados que teñen máis de cen vítimas de violencia de xénero ao ano, que van empezar xa o próximo ano. É dicir, que as vítimas de violencia de xénero en Galicia, como dixo a conselleira, teñen unha amplísima asistencia integral, tamén proporcionada polo Colexio de Psicoloxía de Galicia e pola Fundación Meniños.

Falábase xa, por último, da lei de trata. Efectivamente, desde o PSOE reclamaban á conselleira que vostede nos traia aquí un informe do primeiro plan galego contra a trata, que remata no ano 2024. Ou sexa, pídenos que se faga un informe antes de que remate o ano; cando en Madrid non se fala para nada de trata, porque vostedes non foron sequera capaces de poñerse de acordo entre os socios de goberno para sacar adiante unha lei. Unha lei que están reclamando absolutamente todas as asociacións e toda a sociedade. Póñanse a traballar aquí. En vez de criticar leis porque se van facer, póñanse a facer propostas e póñanse a traballar para que o Goberno de Madrid cumpra coas mulleres galegas, como está cumprindo o Goberno de Galicia. Porque todos facemos falta e porque isto non sae adiante se non sumamos todos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, conselleira de Política Social e Igualdade.

**A señora conselleira de POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Moitas grazas, presidente.

Señorías.

As administracións, as asociacións, as organizacións e a sociedade en todo o seu conxunto debemos —penso eu— permanecer unidas, facendo fronte á violencia de xénero, e debémolo de facer porque é a única forma de avanzar e a única forma de acabar contra a violencia. Por iso queremos que as mulleres que están a pasar por unha situación de violencia de xénero saiban que nunca van estar soas, que saiban sempre que teñen ao seu lado un Goberno comprometido e un Goberno concienciado, que teñen ante elas unha sociedade que di claramente «non» e que dispoñen de recursos aos que dirixirse e cos que comezar esa nova vida que merecen e que desexan. *(Aplausos.)* Porque ese é precisamente o traballo que levamos facendo



dende o Goberno galego, dende a Xunta de Galicia dende hai moitos anos, con políticas transversais que implican a todos os departamentos, con orzamentos específicos que medran cada ano e tamén con medidas concretas que nos permiten actuar e traballar de forma integral.

Polo tanto, estamos comprometidas, e seguiremolo estando sempre, e así o demostran —como lles dicía— estes orzamentos para o ano 2025. Uns orzamentos que suman máis de 56,1 millóns de euros na loita contra a violencia de xénero e na promoción da igualdade, que é un 10 por cento máis que neste ano 2024. É un ano no que investiremos máis de 180 millóns de euros en medidas de conciliación, de igualdade e de loita contra a violencia de xénero, máis do triplo do que destinaba o seu Goberno do bipartito.

Pero miren: non hai ningunha cifra aceptable en materia de violencia de xénero, senón que a única cifra que eu podería aceptar é cero. Por iso, dende a Xunta de Galicia imos seguir reforzando unha área que precisa todo o noso traballo, toda a nosa implicación, tal como constatan tamén os datos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, aos que algúns de vostedes e eu mesma noutras ocasións fixemos referencia. Uns datos que evidencian, por un lado, que hai máis denuncias nestes momentos por violencia de xénero, e que iso require dun esforzo xudicial cada vez maior e tamén require de máis recursos neste ámbito, e, por outro lado tamén, no que cada vez hai máis mulleres que afortunadamente cren no sistema, que están informadas dos seus dereitos, que confían na administración pública e que denuncian, que denuncian todas esas situacións machistas que aínda viven no seu día a día.

Señora Castro, eu estou de acordo con vostede, pois nós estamos traballando moi estreitamente nestes momentos coa Consellería de Educación, coa consellería do señor Román. Eu mesma esta mesma mañá acudín en Oroso a un centro educativo. Acudín a ese centro educativo para poder visibilizar cos nenos pequenos unha curtametraxe da directora Chelo Loureiro. É unha curtametraxe que lles daba esa formación, e facía reflexionar os máis pequenos no ámbito da igualdade, porque cremos que os mozos e os máis pequenos son ese ámbito da poboación no que queremos intensificar os nosos traballos de sensibilización e de concienciación.

Tamén estou de acordo con vostede hoxe, señora Castro, en que hai que continuar traballando polos centros de información da muller. Xa fixen referencia a todos eles, e de feito imos intensificar o noso apoio de todos estes centros de información á muller, un 30 por cento máis. Acabamos de lanzar un plan destinado a todos estes centros con máis orzamento, con 6,5 millóns de euros, que seguirán con máis fondos para todo o persoal dos centros de información da muller e tamén con máis fondos para os distintos programas que se levan a cabo nestes centros, que cremos que son unha referencia, que hai que apoialos, consolidalos e reforzalos. *(Aplausos.)*

Pero, señora Castro, eu pedinlle colaboración ás distintas forzas políticas, e o que entendo, e creo que non é admisible, é que ningún deputado ou deputada suba a esta tribuna dicir unha falsidade, porque é unha falsidade o que vostede dixo nesta tribuna. A xornada de violencia dixital á que vostede facía referencia, e que dicía que case non había mulleres, iso non é certo. A xornada de violencia dixital tiña dúas partes: unha primeira parte, que eran tres homes, tres mulleres e catro homes, e unha segunda parte na que había unha conversa entre





dúas mulleres. Polo tanto, nós o que sempre imos facer é contar coas mulleres, porque cremos na súa capacidade, e aquí ten tamén unha conselleira na área de igualdade, que me sinto moi orgullosa de representar todas as mulleres e de seguir loitando sempre polos seus dereitos. (*Aplausos.*)

E, señora Presas, non é o mesmo a incorporación da violencia dixital dentro da Lei galega de violencia de xénero que contar aquí en Galicia cunha ampla e nova lei de violencia dixital. Unha lei que, ademais, ten ese foco concreto en loitar contra a violencia dixital, como un espazo no que se están dando nestes momentos —eu penso que vostede ben o sabe— situacións moi desagradables e nos que as mulleres son maioritariamente as afectadas.

Polo tanto, eu penso que nos enorgullece a todos como sociedade continuar traballando e elaborando unha lei, unha lei que non hai practicamente regulación a nivel mundial, e moito menos regulación a nivel nacional. Polo tanto, Galicia quere seguir sendo sempre unha referencia, quere seguir sempre poñendo en marcha medidas únicas, medidas pioneiras, pero, sobre todo, medidas que axuden e que protexan todas as mulleres.

Pero, señores deputados, de nada serven os esforzos que estamos facendo na promoción da igualdade e na loita contra a violencia de xénero se non hai esa necesaria coordinación e colaboración, unha coordinación que ten que ser clara e que ten que ser eficaz entre as distintas administracións.

Por iso, dende a Xunta de Galicia vimos reclamando dende hai tempo un cambio e unha revisión no sistema Viogén, porque entendemos que se trata dunha ferramenta artificial, que se creou para a toma de decisións administrativas no Ministerio do Interior e que se basea nun algoritmo que avalía o risco de cada unha das vítimas. E, señorías, pese aos diferentes intentos de modificar o sistema, vemos fallos cada día, e fallos de extrema gravidade, que poñen en risco a vida de moitas mulleres; moitas mulleres ás que se lles asigna un nivel máis baixo ao que realmente deberían ter. E por iso instamos unha vez máis, e non nos imos cansar de instar o Goberno central a revisar o protocolo e a modificar todos eses criterios de risco, e ademais debe ser unha revisión que debe facer un equipo de carácter multidisciplinario.

Teñan moi claro que o que nunca fará o Goberno galego será revitimizar as vítimas de violencia de xénero, reabrir vellas feridas e abandonalas á súa sorte, senón que nos últimos anos imos seguir traballando, como vimos facendo, consolidando ese sistema de atención e ese sistema de prevención da violencia de xénero, que imos seguir neste ano 2025, ampliándoo e imos seguir reforzándoo. E ímolo facer potenciando as casas de acollida, dotándoas de máis servizos, creando máis programas específicos para as mulleres con adicións, poñendo en marcha eses cinco centros de crise vinte e catro horas, reforzando a atención psicolóxica ás mulleres nas contornas rurais, ás que tamén fixemos referencia aquí antes por parte da deputada socialista, onde nós tamén cremos que é necesario continuar blindando todas esas actuacións, e, por suposto, seguiremos reforzando a coordinación cos distintos organismos e corpos e forzas de seguridade do Estado, co obxectivo de poder identificar con máis facilidade os posibles casos de violencia de xénero.





En definitiva, señorías, o Goberno galego sitúa como unha prioridade da súa acción política a loita contra a violencia de xénero, como unha prioridade continuar traballando na promoción da igualdade, e así o confirman todas as medidas que eu lles acabo de relatar. E nesta liña é na que imos seguir traballando, protexendo as vítimas, dándolles recursos e axudándooas a que encaucen de novo a súa vida.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Nunha rolda de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

A verdade, señora conselleira, non dou crédito ao que vostede acaba de dicir. ¿Vostede como pode dicir que o sistema Viogén dá moitísimos fallos? É unha irresponsabilidade total, señora conselleira, que vostede diga iso. ¿Como o pode dicir? É moi perigosa esa mensaxe. As mulleres que denuncian están protexidas; a xustiza protexe as mulleres que denuncian. O sistema Viogén está protexendo todos os días no xulgado as vítimas. A policía realiza uns informes detallados, mete os ítems das vítimas e están protexidas. Son mínimos os fallos. E claro que necesita ser revisado cada día, pero son mínimos os fallos comparado con todas as vítimas que protexe o sistema Viogén. *(Aplausos.)* Ademais, para que vostedes o saiban, tanto vostede como a voceira do BNG, o sistema Viogén II leva operativo dende o 22 de outubro deste ano, e o sistema Viogén II foi feito con ese equipo multidisciplinario, que amplía o seu radio e que contempla moitos máis supostos dende diferentes ámbitos. Polo tanto, por favor, non sexamos tan irresponsables.

E o sistema Cometa é verdade que fallaba moito, porque era un sistema que non estaba actualizado e os dispositivos perdían cobertura no rural. Pero o contrato Cometa actualizouse antes do verán, un novo contrato con máis fondos e cuns dispositivos electrónicos novos e actualizados, que xa teñen cobertura en todo o territorio e un tipo de pulseiras moito máis pequenas. Son uns dispositivos móbiles dun tamaño normal, non como aqueles que eran moito máis grandes; polo tanto, totalmente actualizados.

E a verdade, señora Arias, vostede non sei se tampouco ten os datos actualizados ou mente deliberadamente cando di que non se cumpriron as medidas do Pacto de Estado, porque non son certos eses datos. Pero como mañá falaremos diso, e non quero perder tempo agora con mentiras, xa llos actualizarei eu mañá na miña intervención.

Conselleira, coincido con vostede na necesidade de prevención, pero a prevención pasa pola educación; a educación é necesaria. De nada serve a lei de violencia dixital se non lle damos



aos nenos e nenas os instrumentos para saberen xestionar as TIC, e neste momento os nenos e nenas non acceden eles ao porno, senón que o porno os busca a eles a través dos xogos *online*, a través das redes sociais, que son utilizadas por esta industria da prostitución para atraer e atacar os nosos fillos sen que eles teñan instrumentos para defenderse. E, polo tanto, é necesario implementar a educación afectivo-sexual.

E falaba dos datos do balance do primeiro Plan contra a trata; xa sei que remata este ano, pero temos que facer un balance, unha radiografía da situación real no noso país da prostitución e da trata. Porque, señora Arias, a min dáme moita vergoña que vostede fale e critique o Goberno central con esa lei de trata que di vostede que non acaba de sacar, porque o Partido Popular por desgraza e con moita lástima digo que se afastou do camiño que estaba compartindo. Evita falar da palabra «prostitución», e sen prostitución non hai trata, porque unha abastece a outra, son dúas caras da mesma moeda. E gustaríame insistir nisto porque falamos da violencia de xénero, de violencia física, de violencia psicolóxica, e non estamos nunca falando da violencia sexual que están a sufrir todas esas mulleres. E dígolles, señorías, que quero insistir nisto porque é imposible falar de violencia machista.

Isto non vai de ideoloxías, ou polo menos non debería ir de ideoloxía, senón que vai de dignidade, do que ninguén queremos para as nosas fillas, para as nosas amigas ou para as nosas familiares, porque ningún corpo de ningunha muller pode ser cousificado, porque non hai elección libre cando non hai opcións, e porque abolir non é prohibir, senón é poñer a carga da culpa nos que demandan prostitución. Non vou dicir o nome, porque o presidente igual mo veta, pero todos sabemos a quen me refiro, e ninguén pode considerarse feminista mentres mira cara a outro lado coa mercantilización dos corpos das mulleres.

E, señora conselleira, ten vostede unha gran responsabilidade á fronte da Consellería de Igualdade. Ten vostede que garantir que en Galicia, nos próximos anos, a metade da poboación teña os mesmos dereitos e estea en plano de igualdade coa outra metade, e para iso ten que fiscalizar a tarefa dos seus compañeiros conselleiros, pero tamén fiscalizar como se des-tinan os fondos nos diferentes concellos.

E remato dicindo que non podemos falar de violencia de xénero como un fenómeno illado, senón que é unha consecuencia dunha estrutura social patriarcal na que se basea a nosa sociedade, que se está adaptando e transformando para non perder a súa eficacia. Polo tanto, poñamos o foco nisto, nas redes sociais, que traslada mensaxes negacionistas, bulos e *fakes*, que reforzan a violencia.

En definitiva, creo que todos temos que ter claro que un cambio no modelo actual non se acada só coas mulleres sensibilizadas, senón que necesitamos tamén homes implicados, para poder illar e abolir os modelos que perpetúan o machismo e, por ende, a violencia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Pois eu, unha vez máis, teño que dicir desde esta tribuna que si, que isto vai de ideoloxía e que vai de pancartas, e que eu estou moi orgullosa da miña ideoloxía feminista, que me fai defender o avance de posicións nesta materia. Agora ben, que vaia de ideoloxía e de pancartas, das que cada unha de nós lexitimamente defendemos desde os nosos ámbitos políticos e persoais, non é óbice para que non teñamos altura de miras.

Entón, da mesma maneira que eu critico o Partido Popular cando focalizan só no Estado e nas cuestións que dependen do Estado, pois a verdade tamén, señora Castro, eu lamento cando o Partido Socialista se escuda en parapetarse e defender absolutamente todo do Estado, porque lamentablemente hai cuestións que mellorar, moitísimas no ámbito da Xunta e moitísimas no ámbito do Estado. E recoñecer cadaquén, desde as nosas posicións, que hai vontade de avanzar e que hai cuestións ás que podemos chegar é o que nos pode permitir chegar a acordos e avanzar. Polo tanto, imos seguir denunciando aquí os defectos que ten o sistema de protección.

E xa o dixen na miña primeira intervención que non ía poñer ningún caso enriba da mesa, pero é que vendo os datos galegos ou vendo os datos estatais dos últimos anos é evidente que hai cuestións que non funcionan e que temos que avanzar nesa liña.

En todo caso, indo xa ás outras cuestións que saíron, e respecto da lei, a min, señora voceira do Partido Popular, señora conselleira, non me parece en absoluto mal que queiran facer unha lei de violencia dixital. A min o que me parece mal ou regular é que o presidente da Xunta fale desa promesa da lei como se ignorase que existe xa dentro da Lei de violencia machista a denominación da lei da violencia dixital como tal e unha serie de medidas para poñer en marcha. Porque ou o ignora, que eu non creo que o ignore, porque ademais votou esa lei, ou é un pouco... ben, imos aproveitar que estamos ás portas do 25 de novembro, que temos que anunciar algo e que xa non se nos ocorren máis cuestións que poñer enriba da mesa, para anunciar outro proxecto lexislativo, *que es gratis*, porque rexistrar unha lei *es gratis*, non investimos en máis recursos e logo non a aplicamos. Logo non a aplicamos e lavamos un pouco a conciencia. E iso é o que me parece mal. En todo caso, tempo haberá de discutilo.

Varias cuestións: ¿que canto tempo vai estar Néstor Rego en Madrid? Pois por parte do Bloque Nacionalista Galego, todo o que queira, porque estamos moi orgullosos do seu traballo; mentres a xente o vote, alí estará. (*Aplausos.*) E eu vivo máis tranquila, porque eu, como ourensá que non ten aínda un xulgado especialista en violencia machista, pois tivo que chegar Néstor Rego, mentres outros levan vinte anos quentando a silla, a defender o xulgado exclusivo e excluín-te de Ourense. ¡Claro! (*Aplausos.*)

Fagan vostedes o seu traballo. Porque co Partido Socialista no Estado pasa como co Partido Popular en Galiza, hai que obrígalos a que actúen, hai que presionar para que actúen; entón, presionen connosco. Vaian á Comisión Mixta desde o Partido Popular, desde a Xunta exixir eses xulgados. Presionen cos seus votos connosco, pois estaban vinculados aos orzamentos do 2024. Parece que non vai haber, pero traballen os deputados e as deputadas do Partido Popular da man do Bloque Nacionalista Galego, e conseguiremos entre todos e todas que



eses xulgados, aos que vostedes votaban en contra e logo rectificaron afortunadamente, poídan ser unha realidade.

Miren: falan aquí de realismo, que hai que ser realistas. A min que me rexistren, que digan que proposta fixo o Bloque Nacionalista Galego aquí que non fose realista. ¿Pedir que o programa Reincorpórate, que é unha idea do Partido Popular, que funciona, que ten cada ano a quince mulleres, poida mellorar e avanzar? Nin sequera me atrevín a propoñer aquí que se duplique. Oían: é que a vostedes non lles vale nada. ¿Por que non é realista avanzar en dotar a saúde mental no noso país, en aumentar, como se comprometeu hai dezasete anos, esa dotación psicolóxica en atención primaria?

Ou ¿por que non é realista que os 7 millóns de euros de fondos europeos que van destinados aos centros de crise, no futuro se reverta esa decisión de privatizalos e formen parte do sistema sanitario? Nós dixemos: é un acerto crear cinco e non catro, é un acerto vinculalos ao sistema sanitario, pero, de verdade, fagámolo como parte do sistema público sanitario e de protección social que temos en Galiza. É realista. E ata lle digo se quere de onde pode sacar os cartos: quiten esa condonación de impostos ás taxas do xogo, e en vez de darlles eses 7 millóns de euros para o beneficio do xogo, aproveiten eses 7 millóns de euros todos os anos para dotar os centros de crise no sistema público. *(Aplausos.)* É así.

É evidente que os retos son inmensos, que hai cuestións que nos diferencian, pero eu estou convencida de que hai moitas cuestións concretas nas que podemos estar de acordo se o Partido Popular decide volver aos consensos nos que estaba e se poñemos a altura de miras enriba da mesa.

Nós somos conscientes de que hai cousas que no curto prazo se poden mellorar e, desde logo, seguiremos facendo propostas en positivo nese ámbito. A comezar por mañá, no Parlamento galego teñen vostedes a oportunidade de votar a favor da proposta do BNG, de que se actualicen conforme o IPC dos dous últimos anos unhas axudas de violencia machista, que nalgún tramo están conxeladas desde o ano 2009. É unha alternativa, por exemplo, que se pode orzar, que se pode prever, que podemos pactar incluso a súa aplicación progresiva.

Medidas concretas, porque como dicimos sempre en cada 25 de novembro: menos discursos e máis recursos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señora Presas, díxollo a conselleira, díxenllo eu: unha cousa é que nunha lei se fale dun tema concreto, que é violencia de xénero, e outra cousa é que se faga unha lei específica sobre ese tema concreto. Estamos a falar da lei de violencia dixital. É que son dúas cousas absolutamente diferentes.



Pero é que lle digo máis: o Partido Popular somos un partido da palabra, e resulta que no noso programa electoral estaba a creación da lei de violencia dixital, e os galegos, dous de cada un case, votaron o noso programa. Polo tanto, esa lei debémosllela aos galegos. E vostede ten a oportunidade de demostrar aquí se iso do consenso que vostedes racharon, e non nós, no ano 2023, ao aprobar a Lei de igualdade, vostedes teñen a oportunidade —digo— de demostrar con esta lei se queren volver ao consenso en favor das mulleres ou non; van ter aquí a oportunidade de demostralo. *(Aplausos.)*

E, sinceramente, señora Presas, déixame vostede moi preocupada, porque se é grave que lle tomen a vostedes o pelo, que Sánchez lles tome a vostedes o pelo cos xulgados de violencia de xénero, moito máis grave é que vostedes llelo tomen aos galegos. E que unha vez e outra e outra apoien o Goberno a cambio deses xulgados, que vostedes, polo que aquí acaba de dicir, xa supoñen que non se van cumprir, que non se van poñer en marcha. Moi preocupada me deixa de verdade, señora Presas.

E, señora Castro, a necesidade urxente de modificar o sistema Viogén é tan clara que hai uns días se aprobou no Senado esa necesidade coa unanimidade de todos os grupos, excepto Vox. Vostede está máis con Vox que co Partido Socialista, polo que se ve, *(Risos.)* porque todos o aprobaron alí, e aquí a vostede non lle parece ben. ¡En fin!...

Señora conselleira, vostede di sempre que as políticas da súa consellería, xunto coas de toda a Xunta de Galicia, son políticas que están destinadas a facer de Galicia o mellor lugar para nacer, para crecer e para permanecer durante o tempo todo da vida. E facémolo ademais durante moitísimo tempo, porque Galicia é un dos espazos cunha esperanza de vida maior; algo que, loxicamente, nos enche de orgullo.

Estou segura de que todos os que estamos aquí pensamos ademais nunha Galicia sen violencia de xénero. E máis aló das diferenzas, máis aló dos matices, incluso máis aló da escenificación interesada que aquí se fixo hoxe nalgún momento, incluso máis aló de todo iso, eu hoxe quedo cunha mensaxe: as galegas non están soas na loita contra a violencia de xénero. Neste camiño estamos acompañadas polas institucións e polo conxunto da sociedade baixo o lema: «Tolerancia cero e cero vítimas».

Precisamente por iso a loita contra a violencia de xénero é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Multiplicamos o orzamento dedicado ás áreas de igualdade e violencia de xénero por tres respecto do ano 2009, e incrementamos un 10 por cento respecto do ano pasado, e somos a comunidade con máis e mellores recursos.

Miren, non o vou dicir eu, vou tomar prestadas as palabras que o pasado día 12 de novembro Ximena González, militante da Marcha Mundial das Mulleres, escribía nun medio do que son accionistas a banda máis esquerda deste Parlamento. Decía a señora González: «A realidade do compromiso coa igualdade e contra a violencia machista é tanxible, e pode medirse en cuestións concretas no noso país, onde temos unha lexislación máis avanzada que a estatal, para crear condicións adecuadas para a atención e o acompañamento das mulleres que sofren violencia».



Efectivamente, en Galicia somos a primeira comunidade cunha dirección xeral específica, que permite centrar o foco na violencia de xénero. Contamos coa lei máis avanzada e progresista do Estado na prevención e tratamento integral da loita contra a violencia de xénero. Somos a primeira comunidade cunha axuda mensual ininterrompida ás vítimas dende hai dezaioito anos. E, ademais, este ano créanse as axudas de pago único para mulleres vítimas de violencia sexual, e incrementase nun 60 por cento o orzamento para as axudas de pago único para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Fomos os primeiros en poñer en marcha a quenda de garda vinte e catro horas nos xulgados para mulleres vítimas de violencia de xénero, e tamén para os seus fillos menores; os primeiros en ofrecer asistencia integral aos nenos orfos por violencia machista; os primeiros en ofrecer vivendas tuteladas para vítimas de violencia con enfermidades mentais, e proximamente entrará en funcionamento outra para mulleres vítimas con problemas de adicción. E fomos unha das primeiras en recoñecer a violencia vicaria e a violencia dixital como unha forma de violencia de xénero. Estamos orgullosos de sermos os primeiros de toda España en contar cunha lei de violencia dixital.

En definitiva, somos un referente tamén na igualdade LGTBI, cunha lei dende o 2014 e con medidas que se van incrementando ano a ano. Seguiremos traballando pola igualdade e contra a violencia de xénero para que esta Galicia sexa o mellor lugar onde nacer, vivir e estar todo o espazo vital.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche desta comparecencia, conselleira de Política Social e Igualdade.

**A señora conselleira de POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Moitas grazas, presidente.

Señora Presas, vostedes están encantadísimos co señor Néstor Rego no Congreso dos Deputados, pero asegúrolles que o señor Pedro Sánchez e o Partido Socialista tamén están encantados, porque grazas tamén ao seu apoio e ao seu voto sacaron adiante esa lei nefasta para todas as mulleres de España e de Galicia, como é esa Lei do «só si é si». (*Aplausos.*) E o Bloque Nacionalista Galego é cómplice xunto co Partido Socialista de que máis de 1.450 agresores sexuais visen reducida a súa pena en España e de que haxa máis dun centenar de excarcerados.

Polo tanto, o señor Pedro Sánchez estará moi contento co señor Néstor Rego, pero eu penso que pasa bastante e ignora bastante o Bloque Nacionalista Galego, porque lle recordo ese acordo, ese pacto do ano 2020, no que se comprometeu a dotar Galicia de novos xulgados de violencia de xénero, concretamente en Santiago, en Lugo e en Ourense, e dicíao «con carácter urxente». E aínda estamos a esperalo, señora Presas, así como estamos a esperar con ese punto do seu pacto co señor Pedro Sánchez, como é cumprir o 50 por cento da Lei de dependencia. Polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego en Madrid non pinta absolutamente nada. (*Aplausos.*)





Pero mentres vostedes continúan confiando no señor Pedro Sánchez, nós imos seguir sempre confiando en Galicia; imos seguir confiando en Galicia e imos estar sempre a carón de todas as vítimas de violencia de xénero. Imos seguir poñendo á súa disposición esa axuda mensual, que é única a nivel nacional e que está financiada o cen por cento con fondos propios de Galicia. Imos continuar reforzando os centros de acollida, os centros de información á muller e de atención a todas estas mulleres para que nunca se sintan soas. Imos continuar reforzando ese apoio psicolóxico que lles prestamos a todas as vítimas. Seguiremos actuando en todos os ámbitos da nosa sociedade, tamén por suposto, e facendo un especial fincapé, no ámbito educativo, reforzando —como dicíamos— os CIM, abrindo eses cinco novos centros de crise vinte e catro horas.

E tamén, así como fomos xa un dos primeiros a nivel nacional en recoñecer a violencia dixital como unha forma de violencia de xénero, ímolo ser tamén agora sendo pioneiros en elaborar esa nova lei de violencia dixital, na que estamos a traballar nestes mesmos momentos. Como dicía, imos ser unha vez máis unha das comunidades pioneiras en tomar medidas ante unha realidade que lles pode asegurar que é certamente preocupante.

En definitiva, señorías, imos seguir traballando dende a Xunta de Galicia a prol da igualdade, a prol da eliminación da violencia machista. E ímolo facer con claridade, dedicando cada vez máis recursos, novas normativas á disposición, e tamén estando a carón de todas esas mulleres que nos necesitan, porque cremos que ese é o camiño fundamental. Recoñecer a igualdade de xénero non é soamente un obxectivo, senón que é un compromiso diario que require da participación activa das distintas administracións, das distintas institucións e de toda a sociedade galega.

Por iso, cada un e cada unha de nós podemos marcar esa diferenza, e podemos contribuír á construción dunha Galicia máis inclusiva e dunha Galicia máis respectuosa. E precisamente por iso neste avance precisamos do compromiso, da implicación e da colaboración —como dicíamos— de todas as administracións, de toda a sociedade galega e, ¡ogallá tamén!, señora Castro e señora Presas, das distintas forzas políticas deste Parlamento de Galicia. Porque ao final redundará todo nun compromiso que contribuír, sen dúbida ningunha, a facer de Galicia un lugar máis libre de violencia, unha Galicia máis feminista, unha Galicia máis segura para todas as mulleres que aquí vivimos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Iria Carreira Pazos e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe ás unidades de reprodución asistida do Sergas**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Iria Carreira.



**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Unha das grandes medidas anunciadas polo señor Rueda no debate de investidura no pasado mes de marzo tiña que ver coa sanidade. Poderíamos pensar, incautas, que se trataba de melloras na atención primaria, na saúde mental ou nas listas de espera, pero non. O daquela recentemente electo presidente da Xunta anunciou na súa investidura medidas nas unidades de reprodución asistida, na liña de ampliar a idade máxima para acceder a elas, de eliminar o criterio excluínte de ter unha crianza xa e tamén de incluír a persoas en bo estado de saúde no acceso á conxelación de óvulos no sistema público de saúde.

Estas son medidas coas que o BNG en ningún momento ten mostrado ningunha discrepancia; de feito, podemos consideralas positivas. Mais isto non evita deterse sobre outras cuestións que son importantes e que non se teñen contemplado.

Falar de reprodución asistida é moito máis que falar de patoloxías que impiden o embarazo; é falar tamén de persoas con bo estado de saúde, mais que non poden lograr o embarazo polos seus propios medios; é falar de mulleres que deciden ser nais en solitario; é falar do colectivo LBT, de parellas de mulleres cis, de persoas trans.

Desde o BNG consideramos positivo o avance en todo momento destas medidas e o recoñecemento de dereitos, e que a sanidade pública dea cabida a persoas que antes só tiña unha porta aberta na sanidade privada. Pero isto non quita que tamén poidamos ter discrepancias co alcance que deberan ter.

Acaba de publicarse nestes días o Plan galego de reprodución humana asistida de 2024-2028, que inclúe un cronograma de implantación das diferentes medidas, así como a guía técnica de todo este proceso. Actualmente contamos con tres unidades de reprodución asistida nos hospitais da Coruña, de Santiago e de Vigo. Isto implica que as persoas que non pertencen a estas áreas sanitarias deben ser derivadas a estes hospitais para afrontar estes tratamentos.

E, unha vez máis, Lugo e Ourense son as que máis sofren a discriminación dun Goberno do Partido Popular pouco preocupado polo desenvolvemento integral do país e pola cohesión territorial. Nada novo neste sentido.

Xa temos falado neste Parlamento en numerosas ocasións sobre o desequilibrio existente a nivel de servizos sanitarios, entre outros. Non foi ata hai tanto que os infartos tanto en Lugo como en Ourense só se trataban co tratamento recomendado, unha anxioplastia primaria, en horario de oficina, de luns a venres, de oito a tres, porque non contaban cun servizo de Hemodinámica funcionando as vinte e catro horas ao día os trescentos sesenta e cinco días do ano. Se calquera persoa destas áreas sanitarias sufría un infarto fóra dese horario de oficina, tiña que ser derivada a outro hospital para poder recibir o tratamento recomendado ou ben ficar en Lugo ou en Ourense e recibir un tratamento de segunda liña.



Este desequilibrio chama aínda máis a atención precisamente despois da aprobación hai só tres anos da Lei de impulso demográfico; esa lei insistente en políticas natalísticas e que desatende completamente a realidade galega actual.

En Galiza naceron 14.103 crianzas durante o ano 2023; delas só 1.307 naceron en Ourense e 1.717 en Lugo. Onde precisamente menos nacementos teñen lugar é onde non existen as unidades de reprodución asistida.

Falar dun tratamento de reprodución asistida non é falar dunha consulta puntual ou dun ingreso, é falar de consultas sucesivas. ¿Saben cal é unha das primeiras preguntas que reciben as persoas que chegan a estas unidades?: ¿tes traballo do que te poidas ausentar, porque vas ter que vir moitas veces á consulta?

Desde Burela ao CHUAC hai unha hora e tres cuartos en coche na ida, e outro tanto na volta. Desde O Barco de Valdeorras ao Álvaro Cunqueiro son dúas horas e media. Collo estas dúas vilas como se podería coller calquera outra. E falamos de tempo en coche, evidentemente, porque, unha vez máis, co transporte público deste país non podemos contar.

Cómpre que o Goberno deste país traballe por este país precisamente e traballe pola súa cohesión territorial. Por iso traemos hoxe esta iniciativa a debate no pleno, para que se estendan estas unidades ao CHUO e ao HULA, e que Lugo e Ourense contén tamén con unidades de reprodución asistida.

Non pedimos sequera que se estenda a todas as áreas sanitarias nin tampouco que se descentralicen procesos superespecializados, como poden ser o lavado seminal ou un test xenético preimplantacional, que a día de hoxe se atopan centralizados na Coruña e en Santiago.

Trasladamos aquí unha demanda que entendemos que é básica: garantir os dereitos sanitarios de todas as persoas independentemente de onde vivan. Xa temos dito en máis ocasións que nin as cifras da túa conta bancaria nin as do teu código postal poden condicionar os dereitos que cadaquén ten no Servizo Galego de Saúde, e tres ou cinco horas en coche por cada consulta custan cartos.

Do mesmo xeito, tamén cremos que os dereitos teñen que estar garantidos máis aló do papel, e refírome a que no día de hoxe o acceso a estas unidades de reprodución asistida está limitada ata os corenta anos. Mais *de facto* ese límite está instaurado antes por mor das listas de espera que existen, e vemos como se rebaixa aos trinta e nove ou ata os trinta e oito anos; contrariamente ao que recollen os protocolos vixentes.

Desde o BNG non podemos evitar a preocupación de que, conforme se amplía a idade máxima de acceso a estes tratamentos, se produza un traslado da problemática uns anos máis para adiante. ¿De que nos valería que no 2028 lográsemos ampliar a idade ata os corenta e cinco anos, se despois volvemos rebaixala pola vía dos feitos a través das listas de espera?

Do mesmo xeito que defendemos sempre que as políticas demográficas teñen que ser algo máis que poñer as mulleres a parir e que o aborto ten que estar garantido sempre na sani-



dade pública para todas, tamén ten que estar garantido nesa mesma sanidade pública o dereito de todas as que desexen ser nais.

Os dereitos, e os dereitos sanitarios tamén, non poden existir só á beira da AP-9, polo que agardamos o voto positivo para esta ampliación das unidades de reprodución asistida a Lugo e Ourense, e para ter esa garantía de que as listas de espera non deixen de ser un factor limitante para o acceso.

Máis nada polo momento e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Boas tardes.

Ben, un caso máis dos moitos dos que falamos case a diario, que involucran a discriminación da provincia de Ourense e tamén da provincia de Lugo. Temos unha mostra máis. Din ás veces que para a mostra abonda cun botón, pois aquí temos un botón máis.

Efectivamente, eu penso que se se lle preguntara a alguén descoñecedor da situación deste tema onde estaban, se se lle dixera a alguén que soamente hai tres unidades desta clase en Galicia, ¿en que cidades están? Estou seguro de que a maioría sen saber nada do tema diría: Santiago, Vigo e A Coruña. Ou sexa, tal cal, o que sucede sempre: a franxa occidental da autonomía.

Desde o noso grupo parlamentario non podemos máis que coincidir con esta demanda, pois, loxicamente, entra dentro da filosofía xeral do noso grupo, de que temos que defender de xeito proactivo a provincia de Ourense, tamén a provincia de Lugo, que estamos sempre dicindo en que estamos nesa Galicia de dúas velocidades. Tamén se di moitas veces que tantos fondos europeos se conseguen precisamente porque certos índices dan a Galicia merecedora deses cartos, pero, fundamentalmente, pola existencia desas dúas provincias. E non temos máis que reclamar cada vez máis, para ver se polo menos non caen en saco roto algunhas das peticións.

Non sei se desde o Goberno se dirá que sería moi caro o mantemento de cinco unidades deste tipo, pois eu propoñería que, chegado o caso, se quite unha de Santiago e se poña en Ourense. Porque a distancia euclídea ten a característica de ser simétrica; a distancia que hai de Santiago a Ourense é igual que a que hai de Ourense a Santiago. Entón, se tan pouco lle custa a alguén de Ourense desprazarse a Santiago para facer un tratamento destes, o mesmo pasa á inversa. Loxicamente, con isto estou facendo unha brincadeira, non quero dicir que se quite absolutamente ningunha unidade das que existen.

Pero é que, claro, parece moitas veces que a Ourense e a Lugo se lles somete a un destes casos que se lle chama de «submisión aprendida» en psicoloxía, que aínda encima de seren



maltratados, aínda encima se teñen que conformar co que dan ou aínda encima teñen que interiorizar *motu proprio* esa situación de discriminación e asumila como algo natural. Pois non é así, nós temos que reclamar desde Ourense o noso. Este non é máis que un caso particular doutros moitos dos que temos falado, pero é o que nos atinxe neste momento. Entón, sinxelamente pois apoiar o BNG nesta reivindicación.

Loxicamente, como non son tan entendido no tema como a portavoz do BNG, que falou de tratamentos específicos, que ao mellor son máis complicados de descentralizar. Ben, ata aí xa non chego, pero na medida en que polo menos a portavoz falou en que sería factible, cuestión meramente de cartos —imaxino— e de vontade política, ubicar esas unidades en Ourense e en Lugo, pois todo o noso apoio para esa iniciativa.

Nada máis, grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

**A señora ESPINOSA MANGANA:** Boas tardes, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Son varias as cuestións que levan as mulleres a atrasar a súa maternidade. Os motivos laborais adoitan ser os máis habituais e priorizar e atopar unha estabilidade laboral, a promoción e a seguridade económica, a propia incorporación da muller ao mercado de traballo, os sistemas de formación superior, etcétera, etcétera. Pero tamén existen moitas veces motivos persoais, como o desexo de atopar unha parella coa que ter fillos.

Segundo os últimos datos coñecidos do Instituto Galego de Estatística, a idade media de paternidade para os homes en Galicia rolda os 36 anos, 37,5 exactamente, dous máis que hai dúas décadas. A cifra actual é similar en todas as provincias, oscilando entre os 35,2 de Lugo e os 35,9 de Pontevedra. E das mulleres, colócase por riba dos 33 anos por primeira vez dende que hai rexistros.

As residentes na provincia de Lugo son as nais máis novas, cunha media de 32,5 anos, e as de Pontevedra as máis altas, con 33,3. Non é día hoxe de falar da idade óptima para unha reprodución ou para cal é a idade óptima reprodutiva, pero si indicar que a posibilidade de conseguir o embarazo diminúe coa idade. Tampouco é día hoxe de falar doutros motivos que poden impedir o embarazo ou entrar noutros aspectos da reprodución asistida.

Quero facer unha referencia ao Plan de reprodución asistida co horizonte 2020–2028, que recentemente anunciou a Xunta de Galicia e que se aplicará de maneira progresiva. O plan amplía os supostos para poder acceder a un tratamento ás mulleres de 41 anos, cando agora estaba situado en 40 anos, idade que se irá elevando progresivamente ata os 45 anos para acceder ás técnicas como a fecundación *in vitro* e a inseminación artificial.



Outras medidas que din que van aplicar de forma inmediata é que a primeira consulta para someterse a un tratamento de fertilidade demórase como máximo aos 60 anos e que a fecundación *in vitro* poida ser en menos de seis meses. Sinceramente, é unha pena que non fagan un plan tan medido e tan concreto para rebaixar o resto das listas de espera; listas de espera que, por certo, non publicaron no que vai de ano; as únicas que coñecemos son as de decembro do ano pasado.

Pero, como estamos a falar de Ourense e de Lugo, vou citar unha cifra que corresponde á área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco. Por dar un exemplo, estamos falando de 317 días para acudir a unha rehabilitación nesa área. Por iso eu digo que por que non somos capaces de facer un plan tan medido e tan concreto.

Pero tamén había que cuestionar se o incremento da idade non é tanto un plan senón a saída dun problema que hoxe existe, dado que, ao existir unha longa lista de espera tamén nestas unidades, persoas que acoden a unha unidade de reprodución asistida poden non chegar a realizar o tratamento porque a espera lévaas a que superen a idade establecida a día de hoxe; entran coa idade legal, a lista de espera é tan longa que non poden finalizar o seu tratamento.

Se volvemos ao plan, contempla tamén o acceso ao segundo tratamento para mulleres que xa tiveron un primeiro fillo ou a mulleres ou persoas trans entre 30 e 35 anos, que estas poidan conxelar os seus óvulos sen necesidade de sufrir unha enfermidade que afectase a súa capacidade produtiva, e irase incrementando a idade.

Pero, para poder levar este plan, a Xunta de Galicia aumentará o persoal, os medios e as infraestruturas. En concreto, en persoal van investir máis de 5 millóns de euros, que multiplicará o persoal por 2,5, pasando de 30 profesionais a 74.

Xa sei que estamos falando de dimensións moi diferentes, pero tamén nos gustaría ver unha proposta na mesma liña se estamos falando de atención primaria; un plan que nos di que coas infraestruturas acadará os 7,8 millóns de euros.

Pero a iniciativa que hoxe debatemos, e que o Grupo Socialista vai apoiar, expón dúas cuestións claras: ampliar as unidades de reprodución asistida aos hospitais de Lugo e Ourense, para corrixir o desequilibrio territorial existente, o cal compartimos ao cen por cento. Lembro un artigo que lin, cuxo título era —e abro aspas— «A odisea de acceder á reprodución asistida pública segundo onde vivas» —e pecho as aspas—, e que en parte sería aplicable a Galicia.

E o segundo punto fálanos de reducir as listas de espera das unidades de reprodución asistida, para evitar que queden persoas excluídas do proceso polas demoras existentes.

Antes xa indiquei que esperabamos que o plan fose realmente un plan con incremento da idade e non unha forma de tapar un problema que hoxe teñen aquelas persoas que quedan no camiño por estar nunha lista de espera ou superar a idade límite, pero tamén para evitar que cada vez máis persoas acudan a centros privados, porque hai persoas que teñen capacidade económica para afrontar un proceso deste tipo, pero temos tamén situacións onde





teñen que acudir a un préstamo para poder afrontar os custos dunha privada, porque realmente queren ser nais ou queren ser país.

Finalizo coa consideración de que ambos os puntos desta iniciativa teñen moita interrelación. Un dos poucos datos dos que dispoñemos lévanos a que a lista de espera para realizar a fecundación *in vitro* no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago é de case dous anos, e moitas veces alegan que reciben pacientes doutras áreas sanitarias. Todo indica, pois, que, se a Xunta de Galicia tivese a valentía de crear as unidades de Lugo e Ourense, beneficiaría tamén, sen dúbida, rebaixar algo as listas de espera, que son hoxe francamente altas. Polo tanto, poderíamos solucionar dous problemas, que é o da discriminación xeográfica, e a discriminación das mulleres de Ourense e de Lugo, e tamén rebaixar estas listas de espera, que tanto se necesita.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boa tarde a todos.

Moitas grazas, presidente.

Ben, aquí mestúrase todo, vostedes seguen ao pé da liña do catecismo, incluso cando en Galicia estamos a piques de aprobar o orzamento máis elevado da historia da nosa comunidade autónoma. Mal que lles pese, hai unha realidade innegable: a sanidade pública galega sitúase na cabeza das prioridades do Goberno Rueda, representa o 40 por cento do orzamento da Xunta, ata acadar os 5.458 millóns de euros.

Eu vou ir ao tema. Mire, hoxe estamos debatendo unha medida promovida polo Goberno do presidente Rueda para esta lexislatura que levaba no seu programa electoral e que foi avalada polos votos de todos os galegos. Na páxina 28 podemos ler —e abro aspas—: «Ampliaremos ata os 45 anos a idade límite para o acceso á reprodución asistida na sanidade pública, aproveitando a ampliación da capacidade dos novos equipos para as unidades de fecundación *in vitro* do Sergas, cunha lista de espera mínima». Señora Espinosa, estea tranquila; se unha muller entre con 38 anos no programa, aínda que pasen dous anos, vai ser atendida.

Pois ben, despois de anunciar isto, unha medida que ía no programa perfectamente incrementada, meses despois, simplemente estamos e estase traballando nela. Só para o ano 2025 resérvanse preto de 1.500.000 euros para mellorar equipamentos e persoal.

Señorías, o Goberno galego prioriza o incremento da natalidade, e facéndoo a través de diversas medidas no ámbito social, como poden ser deducións fiscais, Tarxeta Benvida, casas niño, escolas infantís, apoio á conciliación e agora dando un paso máis como é esta contribución dende o eido da sanidade.



O obxectivo principal deste plan galego é a mellora das prestacións recollidas na carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde e adicionalmente mellorar as *ratios* de natalidade en Galicia. Este plan está dirixido a persoas con capacidade de xestar pero que necesitan axuda, dada a imposibilidade de conseqüilo de forma natural, e cando os tratamentos farmacolóxicos tampouco o fan posible, así como aquelas persoas que, sendo sas e contando cun estado de saúde e unha idade bioloxicamente adecuada para a maternidade, mulleres de entre 30 e 35 anos, decidan adiar as súas xestacións por motivos persoais. E tamén se vai poder recorrer a estes procedementos a fin de evitar enfermidades ou trastornos xenéticos graves na descendencia e cando se precise dun embrión con características inmunolóxicas idénticas ás dun irmán, para o efecto dun proceso patolóxico grave que non sexa susceptible doutro recurso terapéutico.

E son varias as técnicas e procedementos que se realizan para acadar un embarazo asistido, que van dende estudos previos e técnicas máis sinxelas a procedementos máis complicados que precisan unidades superespecializadas, e así as principais técnicas que se fan son catro, que vou pasar a describir, para que a xente que non está metida nestes medios médicos as poida comprender.

Un estudo básico de esterilidade, técnicas básicas de reprodución humana asistida, como pode ser a indución á ovulación, ou inseminación artificial, ben sexa conxugal ou ben sexa con seme de doante. Estas técnicas —como digo—, estas dúas técnicas pódense facer, e de feito fanse, na maior parte dos hospitais galegos.

E despois entramos nas técnicas avanzadas humanas de reprodución artificial, como poden ser a fecundación *in vitro* ou a microinxección intracitoplasmática de espermatozoides; ou técnicas xa moito máis específicas e complementarias, como poden ser a doazón de ovocitos, o diagnóstico xenético preimplantatorio, a biopsia testicular, a criopreservación de ovocitos, de seme ou de tecido seminal, ou preembrións, a biopsia embrionaria e o consello xenético.

Estes procedementos requiren de instalacións, de preparacións, de casuística e de dotacións, tanto humanas como físicas, de tipo especial. E do mesmo xeito que a propia lexislación estatal regula as unidades superespecializadas que a nivel estatal concentran aquelas prestacións que é preciso situar fóra das propias comunidades autónomas —que coñecemos habitualmente como os CSUR—, tamén a nivel autonómico existen prestacións para as que é preciso un grao de especialización para concentrar os recursos, como por exemplo os casos de cirurxía torácica ou cirurxía cardíaca, que tampouco se fan nas sete áreas.

¿E isto para que? Pois para garantir a equidade, que non é máis que a igualdade de acceso ás mesmas condicións de efectividade, condicións de calidade e condicións de seguridade nas técnicas e nos tratamentos, que non estaría garantida no caso de dispersar e de fragmentar a atención en unidades por falta de adecuada experiencia na súa utilización, que só é posible alcanzar e manter a través de certos volumes de actividade.

A min paréceme que isto é fácil de entender, e ata aquí estaríamos ou deberíamos de estar todos de acordo. E no caso que nos ocupa, o da reprodución humana asistida, existen técnicas cunha elevada dependencia da experiencia do operador e de gran transcendencia sobre a



viabilidade da mostra, e iso redunda no éxito final do procedemento, e aquí precisamente o número de casos que se fan cada ano conta e é de vital transcendencia.

Por exemplo, a biopsia de blastómeras, para a realización do diagnóstico xenético preimplantacional, na que hai que extraer un pequeno número de células da cuberta do embrión nun momento moi concreto do seu desenvolvemento, e da que vai depender un diagnóstico correcto do embrión briosario e que ese embrión non sexa prexudicado. E en Galicia só temos unha unidade con embriólogos expertos, dada a súa precisión e a dificultade do proceso, que incluso, previa realización da biopsia do embrión a diagnosticar, realizan un adestramento o día anterior para asegurar a mellor calidade na execución da mesma.

Consecuentemente, no Sergas existe unha ordenación na que en todos, en todos os hospitais do Sergas, se realizan técnicas de reprodución asistida, aínda que non todos os hospitais realizan todas as técnicas, respondendo aos criterios que acabo de expoñer.

Contamos con tres niveis de centros: hospitais comarcais, nos que se realizan estudos básicos de esterilidade e incluso indución á ovulación; os hospitais das áreas sanitaria, sete, nos que se realiza, ademais das anteriores, a inseminación artificial con seme; e os hospitais de referencia, os tres, Santiago, A Coruña e Vigo, nos que existen unidades de reprodución humana asistida. E, aínda así, non se realizan todas as técnicas en todos —xa se dixo aquí—. O lavado seminal está diagnosticado no CHUAC e o diagnóstico xenético preimplantacional, no CHUS.

Polo tanto, tal e como se recolle no Rexistro de centros de reprodución humana asistida, existen unidades de reprodución humana asistida en todos, en todos os hospitais do Sergas, incluídos os da provincia de Lugo e de Ourense. Todos os pacientes de Galicia teñen acceso ás unidades especializadas de reprodución humana asistida en igualdade de condicións, polo que non existe ningún desequilibrio territorial, senón a lóxica ordenación das prestacións sanitarias para garantir aos cidadáns os mesmos niveis de calidade e seguridade.

E dentro da estratexia de reprodución humana asistida de Galicia, está especialmente recollida a mellora nos tempos de acceso ás técnicas avanzadas de reprodución humana asistida, co obxectivo de que todas as primeiras consultas de reprodución se realicen en menos de sesenta días, e cada ciclo de FIV en menos de seis meses, con accións recollidas dentro dos recursos aprobadas para a implantación do plan, como a incorporación de xeito inmediato de profesionais nas unidades, así como a compra de unidades.

Señora Carreira, vostede é profesional, e non podemos apoiala nisto, por todo o que lle acabo de explicar. Parécenos unha falta de coherencia a súa petición. Vostedes chegan tarde. A aposta do Partido Popular pola saúde é clara.

Eu lin unha nota de prensa esta fin de semana na que vostede quería apoiar as mulleres do rural. Eu, como son muller e son do rural, voulle dicir a demanda máis importante que temos no rural: as comunicacións, as comunicacións, señora Rodil. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Os pacientes de Cervantes están ben atendidos, teñen dous médicos para setecentas, non chegamos a oitocentas TSI. Entón, o que precisamos precisamente no rural son comunicacións, é a demanda que máis nos preocupa á xente que vivimos no rural.



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas, presidente.

Señora Amigo, de muller do rural a muller do rural, ben sei como son as comunicacións que hai no rural, ben sei cantos autobuses dese Plan de mobilidade da Xunta de Galiza pasan polo rural, ben sei cales son as dificultades, ben sei tamén como están as estradas —incluso as de titularidade autonómica— e ben sei como están os centros de saúde do rural. Tamén, por exemplo, (*Aplausos.*) cantos pediatras hai nos centros de saúde do rural. Cantas matronas, xa que falamos de saúde sexual e reprodutiva; porque lle lembro que as matronas nos centros de saúde son as grandes esquecidas, sobre todo as dos centros do rural. Ou sexa, que, se quere, noutro momento falamos das necesidades que teñen as mulleres do rural.

Mire, vostede veu aquí enumerar toda a serie de procesos que se fan nas unidades de reprodución asistida, para ao final acabar dicindo que non, que efectivamente non consideran que haxa que estendelas máis alá da franxa da AP-9. Eu non falei da biopsia de blastómeras, do lavado seminal, nin falei do diagnóstico preimplantacional; eu falei de técnicas de reprodución humana asistida, básicas.

Xa o sei, xa sei que se inclúen, pero, aínda así, eu non lle falei dos procesos superespecializados, senón que creo que deixei claro na miña primeira exposición que deixabamos iso fóra. O que falabamos era de igualar os dereitos de todas as persoas que acceden a estas unidades de reprodución asistida. E eu o que me pregunto é por que o Partido Popular non garante os dereitos da poboación de Lugo e de Ourense, por que lle dan igual as persoas de Burela, que se enfrontan a unha hora e tres cuartos de hora para chegar ao CHUAC para cada unha destas consultas.

Porque eu díxeno antes: cando falamos de someterse a un tratamento de reprodución humana asistida, non falamos dunha única consulta, de que teñan que ir unha vez, dunha operación ou dun ingreso; falamos de persoas que van ir varias veces, e durante bastante tempo, a someterse a estes tratamentos; desprazamentos que custan cartos, que vostedes non asumen, porque, polo visto, cadaquén búscase o seu coche e búscase a vida.

A pregunta é: ¿considera o Partido Popular que este gasto en Lugo e en Ourense sería un gasto superfluo? ¿Ou considera que as mulleres de Lugo e de Ourense non deben ter os mesmos dereitos que as persoas da AP-9? (*Aplausos.*) Non os teñen, señora Amigo, non os teñen. E podemos facer pinchacarneiros se quere, que non están garantidos; podemos falar do desequilibrio territorial que existe a día de hoxe; podemos falar da unidade de xeriatria que non existe en Ourense, no territorio máis avellentado —xa non de Galicia— de todo o Estado; e podemos falar de como vostedes desde o Goberno da Xunta de Galiza se emperran en non garantir eses dereitos.



Remato, simplemente, agradecendo ao Grupo Mixto e ao Grupo Socialista o apoio a esta proposición non de lei e lamentando, unha vez máis, que o Partido Popular non sexa quen nin de empatizar nin de garantir os dereitos da poboación galega. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que constituía a Comisión Mixta de Transferencias e materialice o traspaso dos medios materiais e persoais necesarios para xestionar o litoral da comunidade**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia que traslade a Comisión Mixta de Transferencias co Goberno estatal os acordos coa Federación Galega de Municipios e Provincias de setembro de 2021 de que se declare a desafección dos terreos portuarios non utilizados para actividades portuarios e a súa reversión e modificación do deslinde marítimo-terrestre para a súa cesión as Concellos correspondentes para o seu uso público.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Moitísimas grazas, presidente.

Señorías.

De home de litoral a homes e mulleres do litoral e do interior, *(Risos.) (Aplausos.)* Galicia..., Galicia é líder..., Galicia é líder... *(Murmurios.)* Síntoo, son de litoral, non podo ocultalo. Galicia é líder en moitos aspectos. Entre outros, pois temos o litoral máis longo de toda España —algo máis de 2.500 quilómetros—, contamos cun sector produtivo ligado ao mar que dá 40.000 postos de traballo, máis de 9.000 millóns de euros de actividade económica —o que supón case o 5 por cento do PIB da nosa comunidade— e dispoñemos ademais dun dos ecosistemas mariño-costeiros máis variados e ricos do mundo.

E imos ser líderes na xestión integral da nosa costa, grazas ao deseño e aprobación da Lei de ordenación e xestión integral do litoral, lei que reconece as competencias exclusivas da nosa comunidade nesa materia. Iso inclúe a capacidade de Galicia para outorgar, prorrogar,



modificar ou extinguir concesións para uso e ocupación do dominio público marítimo-terrestre; unha lei recorrida polo Goberno central, que non foi apoiada —e hai que lembralo— polos deputados do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia, pero que saíu adiante grazas ao apoio da maioría dos galegos.

A lei fíxose grazas á colaboración do Consello Consultivo de Galicia e á participación dos maiores expertos en dereito administrativo de Galicia. Pero toda esta contribución, todo este apoio, todo este traballo, non serviu para que a esquerda se puxera do lado dos galegos e que acadásemos unha reivindicación histórica de Galicia.

Chamóusenos de todo, chegaron a chamarnos ata independentistas, por defender unha lei que nos permitira xestionar o noso litoral. (*Murmurios.*) E xa o dixen outra vez: iso a algúns pois failles rir, pero para outros é tremendamente ofensivo.

Dixéronnos que non sabíamos legislar, que tiñamos que modificar antes o Estatuto. Señorías, o Goberno central, por suposto apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, polo seu socio, e polo Partido Socialista de Galicia, que di amén a todo o que din dende o Goberno central, aínda que iso sexa lesivo para os intereses de Galicia, presentou un recurso a setenta e dous supostos de inconstitucionalidade, nun exercicio de deslealdade máximo con Galicia.

Recorreron vostedes o lexítimo dereito á boa xestión do noso litoral. E, despois de meses de ataque do Goberno central, meses de ataque do Goberno do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, chegou por fin a sentenza do Constitucional, dando en máis dun 90 por cento a razón a Galicia e menos dun 3 por cento á bancada de en fronte, á bancada da oposición. Dos setenta e dous supostos de inconstitucionalidade, o Constitucional só estimou dous supostos, e seguramente —e así o din todas aquelas persoas que saben algo de dereito constitucional— por non deixar máis en evidencia e seguir afundindo no ridículo o Goberno central.

Hai sete meses xa que recibimos o aval unánime do Tribunal Constitucional, que garantiu a validez da nosa lei fronte aos inimigos de Galicia, fronte aos que queren limitar o noso autogoberno e fronte aos que queren acernar as nosas lexítimas aspiracións. Un tribunal que recoñeceu o que sempre defendemos desde o principio, e confirmou tamén o Consello Consultivo: que o Estado debe traspasar os medios materiais e persoais a Galicia, de conformidade co principio de lealdade institucional.

Por iso a Xunta de Galicia iniciou os trámites para pedir ao Estado este traspaso, imprescindible para que poidamos cumprir coa lei e xestionar a nosa costa. O 23 de maio solicitou ao Ministerio de Política Territorial formalmente a creación da Comisión Mixta de Transferencias xunto ao Estado. O 13 de xuño respondéusenos que se estaba valorando co Ministerio para a Transición Ecolóxica. Ante a falta de noticias, o 26 de xullo a Xunta de Galicia dirixiuse por carta á ministra Teresa Ribera para coñecer a súa postura e unha estimación sobre os pasos, dada a urxencia do traspaso, e a resposta da ministra, lonxe de aclarar algo, foi derivar a consulta de novo a Política Territorial.





Ante este paso de pelota entre os ministerios, o propio presidente da Xunta de Galicia, o presidente Rueda, volveu reiterarlle a petición a Pedro Sánchez, nesa reunión persoal que mantiveron os dous. Pedro Sánchez comprometeuse a axilizar e activar de inmediato a creación da Comisión Mixta. E lembren isto, señorías: o presidente do Goberno comprometeuse a axilizar e a activar de inmediato a creación da Comisión Mixta. E aínda seguimos esperando, porque o compromiso do señor Sánchez vale o que vale a súa palabra: nada. *(Aplausos.)* Fixo da mentira a forma de facer política, e esta non é máis que outra mentira do presidente do Goberno central. E o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia, aplaudindo as mentiras e os enganos e o incumprimento do compromiso do señor Sánchez.

Un ano e cinco meses despois de aprobar a lei galega neste Parlamento, e sete meses despois de que o Constitucional nos dese a razón de xeito unánime, seguimos esperando pola transferencia de medios e de persoal. E en todo este tempo, por suposto, a Xunta de Galicia non estivo parada, non estivo cos brazos cruzados. Témoloo moi claro, non podíamos quedar quietos ante o desleixo do Goberno central nunha cuestión de vital importancia para o noso futuro, polo que seguimos, e seguiremos, dando pasos no desenvolvemento da nosa lei e na defensa do noso litoral.

Así, o pasado mes de abril, unha semana despois da sentenza do Constitucional, aprobouse o calendario de actuación e os pasos a seguir. En outubro constituíuse a comisión interdepartamental para coordinar e impulsar a ordenación do litoral, unha comisión que vai velar pola elaboración e a posta en marcha e tamén polo seguimento dos instrumentos de ordenación necesarios para garantir esta xestión integral e que ademais vai servir de ponte entre os distintos departamentos e as administracións con competencias no litoral.

E, se non se activa a Comisión Mixta, señorías, teñan claro que a partir do 1 de xaneiro non podemos ter expedientes de concesión parados máis tempo. Ou nos trasladan o persoal ou realizaremos un esforzo para que o 1 xaneiro se emitan todos os informes que corresponden para cumprir con esa Lei do litoral. Deste xeito faremos todo o necesario para que Galicia poida desenvolver as competencias recoñecidas na lei, se se continúa coa pasividade e cos atrancos do Goberno central.

Teñan claro que este grupo parlamentario e a Xunta de Galicia van seguir traballando polos intereses de Galicia, máis alá de cuestións partidistas, e reclamando o que lexitimamente nos corresponde. E o que nos corresponde agora, señorías, é garantir que Galicia teña capacidade para xestionar a nosa costa, e iso pasa por que o Goberno central constituía a Comisión Mixta de Transferencias e, señorías, faga efectivo o traspaso dos medios materiais e persoais.

Por estas dúas cuestións, rexistramos esta iniciativa, por estas dúas cuestións trouxemos a debate esta iniciativa, e imaxino que por fin vostedes apoiarán esta iniciativa. Deron as costas aos intereses dos galegos, boicotearon sempre que puideron unha lei aprobada por este Parlamento, pero vostedes poden elixir agora cambiar de bando e defender, por fin, os intereses de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Abalde.

Déanlle voz ao escano do señor Abalde, por favor.

**O señor ABALDE ALONSO:** Boas tardes, presidente.

Señor Trenor, menos mal que o Partido Popular era defensor de que non exista confrontación e crispación na vida política española, pero, ben, imos alá.

En primeiro lugar, ninguén esquece que Galicia ten na súa costa un papel fundamental no desenvolvemento da súa cultura, da súa economía e da súa forma de vivir, e, polo tanto, o presente e o futuro de Galicia vai pasar, precisamente, por esa xestión que fagamos desa costa. Na costa hai unha parte moi importante da nosa poboación que reside na costa e polo tanto realiza a súa actividade na costa, hai unha parte tamén económica do marisqueo e da pesca que se realiza aí e tamén hai unha parte de industria que está vinculada directamente á costa, e, polo tanto, creo que é un aspecto que en Galicia debe ser fundamental e importante.

A pesar de que o señor Trenor di que o Partido Socialista se puxo de costas a esta lei, quero recordar que o Partido Socialista se abstivo porque había unha discrepancia na forma ou na orde de elaborar esta lei, pero non porque houbera unha discrepancia no texto da lei, e sobre todo polo feito de que Galicia —digamos— exercera esas competencias.

Desde o Partido Socialista sempre solicitamos as máximas competencias para Galicia, e pediamos ao Partido Popular que fixera esa petición desas transferencias, e quero recordar que nos quince anos practicamente non hai ningunha competencia nova que Galicia reclamara ao Goberno central.

Polo tanto, desde o noso punto de vista, benvida sexa a sentenza do Tribunal Constitucional, que aclarou unha discrepancia simplemente metodolóxica na xeración desta lei, e agora temos a lei e temos que empezar a traballar.

O Partido Socialista apoiará que Galicia negocie de igual a igual co Goberno, a máximo nivel competencial, respecto da costa, non máis que outras comunidades autónomas pero desde logo non menos. O Partido Socialista apoiará ese proceso, de que a Xunta de Galicia, desde a lealdade institucional, negocie co Goberno central o mellor nivel de transferencia, o maior nivel de autogoberno sobre a costa e o noso litoral.

Pero, claro, as competencias non só hai que telas, as competencias hai que xestionalas e exercelas. Por exemplo, sobre o marisqueo a Xunta de Galicia ten competencias exclusivas, e esta mañá escoitamos aquí un representante do Partido Popular solicitando que o Goberno central colaborara en actividades vinculadas co marisqueo. ¿Como vai solicitar esas cuestións se esas son competencias exclusivas da Xunta de Galicia?

Polo tanto, apoiaremos esas competencias e despois vixiaremos que esas competencias se exerzan, na súa totalidade. Porque aquí se fala da ocupación da costa, pero hai moitas máis



cousas que van vir como consecuencia desa competencia, por exemplo o coidado ecolóxico, o coidado da contaminación, o tema de depuración das costas. Iso tamén vai formar parte das competencias que vai coller a Xunta de Galicia. ¿A Xunta de Galicia está dispoñible para acoller esas competencias e para exercelas coa máxima capacidade? Polo tanto, desde aquí, o Partido Socialista apoiará —repito— esa constitución.

Por certo, teño entendido que xa se están —digamos— intercambiando documentos cara á posible constitución desa Comisión Mixta. Polo tanto, o Goberno central xa está neste momento establecendo traballos, colaboracións co Goberno da Xunta de Galicia. Eu só espero que o Goberno da Xunta de Galicia actúe dunha forma leal.

Pero, claro, aquí non só é buscar —digamos— deberes para o resto das institucións, tamén hai algún deber que ten que coller a Xunta de Galicia. E, nese aspecto, dentro desta zona que está dentro do ámbito marítimo-portuario, hai unha cuestión que por parte de determinados concellos e a través da Fegamp xa se planteou á Xunta de Galicia, que é a reversión de terreos que están dentro de determinados portos, a maioría deles portos de Galicia, e, polo tanto, responsabilidade neste momento da Xunta de Galicia. Por un tema de competencias entre o Goberno central e o Goberno da Xunta está complicado reverter eses terreos que non son utilizados para actividades portuarias, reverter eses terreos e —digamos— desafectalos da zona marítimo-portuaria e cedelos aos concellos para que os utilicen para funcións públicas.

Ben, pois é unha oportunidade, é o momento para que intentemos dentro desa Comisión Mixta que por parte do Goberno da Xunta se incorpore esta cuestión e polo tanto se trate xa nesa Comisión Mixta, de forma que esa desafección deses terreos se faga da forma máis rápida, sen atrancos burocráticos, e que polo tanto os concellos poidan pasar a utilizar eses terreos.

Polo tanto, o Goberno da Xunta de Galicia pide, pero tamén ten que ter deberes para ela, e eses son os deberes que pedimos. Polo tanto, eu desde aquí pido que por parte do Goberno da Xunta de Galicia se teña esa lealdade necesaria. O que pasa é que ás veces nalgunhas ocasións se fan hipérboles. Eu tamén estou de acordo con que Galicia é un dos mellores lugares para vivir, non o mellor probablemente pero un dos mellores, pero desde logo que se faga aquí a posibilidade de que dous de cada galegos votaran ao Partido Popular, iso é complicado, ¡eh!, iso é complicado. Pero, ben, como vivimos no mellor país do mundo, ao mellor é posible.

Polo tanto, desde aquí o noso apoio a esta iniciativa do Partido Popular, e o que lle pedimos é que tamén acepte a emenda do Partido Socialista, para así completar dunha forma máis perfecta, máis completa, esta iniciativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.



Ben, efectivamente, Galicia ten unha das costas máis singulares do mundo, como é coñecido. Hai quen di que é debido a que Galicia tamén é a terra emerxida máis antiga do mundo en termos xeolóxicos e iso pois dá lugar a esas características rías etcétera. Xa dixo o poeta da terra de aí do señor Ferro, Celso Emilio Ferreiro: «Galicia, deitada rente ao mar, ese camiño»; a relación de Galicia co mar está totalmente clara.

O momento da resolución do Tribunal Constitucional coincidiu máis ou menos cando se configurou esta corporación, foi máis ou menos nesa época, foi por aí, e xa vimos cal foi toda a problemática xurídica que houbo, como se tiraban os pratos fundamentalmente entre o PP e o PSOE, esa loita que segue vixente aquí mesmo neste Parlamento, trasladando esas discusións do Estado central aquí á Autonomía. Pero ben, agora xa se resolveu a cuestión, o Tribunal Constitucional resolveu a cuestión. As competencias están a punto de ser transferidas, a ver se traballa esa Comisión Mixta.

E o que dicimos sempre: cando hai transferencia de competencias, ten que haber transferencia de financiamento, de cartos. Suponse que as transferencias do Estado terán que aumentar no mesmo grao en que se incrementan as competencias, e ademais, como pide a moción, os medios humanos e os medios materiais para poder exercer esas competencias.

Haberá quen diga que habería que incrementalas, haberá quen diga que non, pero ben, en todo caso o que pide a moción é bastante sinxelo, e é que por lóxica se asignen os medios materiais, os medios humanos, e eu entendo tamén que se altere a cantidade económica de transferencias do Estado, para podelas exercer. E, efectivamente, ter en conta que a xestión da costa, á parte de portos, á parte de ecoloxía, temos por exemplo as praias, que tamén é un principal foco turístico de Galicia, e parécenos lóxico apoiar esta cuestión.

Eu quedei pensando cando dixo que ata os chamaron independentistas. Se foi en sede parlamentaria, tivo que dicir: «*Eso no me lo repite usted fuera*». (Risos.)

Nada máis, grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señor Trenor, fálalle un da ría de Vigo a un de Ribadeo, de mar a mar.

Mire, vostede falou aquí de enganos e mentiras na súa intervención. Nós non podemos permitir que quede no *Diario de Sesións* da sesión de hoxe unha mentira pronunciada por un deputado do Partido Popular, un portavoz do Partido Popular, que dixo que fora un goberno da Xunta do Partido Popular quen prohibira os parques eólicos en Rede Natura, porque foi un goberno dirixido polo BNG na Consellería de Industria quen aprobou o Decreto 242/2007, que prohibiu por primeira vez, despois de gobernar o Partido Popular, os parques eólicos en Rede Natura. (Aplausos.) (O señor Bará Torres mostra un documento.) Está aquí o decreto, marqueille o artigo sexto, e déixollo ao presidente do Parlamento, xa que pola mañá non per-



mitiu que interviñésemos no pleno. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa. Parcial, xuízo parcial. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Esta iniciativa do Partido Popular refírese á demanda urxente, ben, aquí pon «a máxima celeridade», que..., ¿como pon?, «a necesidade de que se constituía a Comisión Mixta de Transferencias». A Comisión Mixta de Transferencias leva moito tempo constituída, supoño que se refire a que se convoque, para reclamar esta transferencia, que todo o mundo compartimos e aprobamos en innumerables ocasións neste Parlamento, que debe ser exercida por Galiza.

E, claro, vostedes na iniciativa comezan de maneira rimbombante dicindo o seguinte —isto é relevante—: «A Xunta de Galiza» —ben, vostedes puxeron Galicia— «no seu compromiso continuo por mellorar e fortalecer as competencias de Galicia» —Galiza— «no seu compromiso continuo por mellorar e fortalecer a autonomía e as competencias...» Queda ben no papel, pero queda mal na realidade, porque calquera parecido coa realidade é mera coincidencia.

Falan vostedes de consolidar o pleno autogoberno sobre a costa galega, e voules explicar en que consiste este compromiso continuo do que falan vostedes na súa iniciativa. Voules ler unha nota de prensa do Goberno da Xunta, que di o seguinte: «A Xunta urxirá» —«urxirá», o verbo aquí é relevante, sempre é relevante pero aquí é especialmente relevante— «ao Estado a convocar a Comisión bilateral de cooperación para abordar o traspaso de competencias». Fálase de que hai un informe elevado ao Consello da Xunta que determina dezasete competencias cuxo traspaso é prioritario para Galicia —¡dezasete!—: a AP-9, a AP-53, as bacías hidrográficas, a ordenación do litoral e a xestión do dominio público marítimo-terrestre, a meteoroloxía —porque somos con Ceuta e Melilla as únicas comunidades que non temos esta competencia no Estatuto—, a ordenación do sector pesqueiro, a investigación mariña, titulación náutico-pesqueira, ISM, inspección e vixilancia pesqueira... «Urxe traspaso prioritario para Galiza». ¿Sabe, señor Trenor, de que data é esta nota de prensa? Do 8 de outubro do 2009. (*Aplausos.*) ¡Pasaron quince anos sendo prioritario e urxindo e non conseguiron nada! Ese é o compromiso continuo do Partido Popular con esta materia.

Voules explicar cal é o balance dese compromiso continuo: quince anos e cero transferencias por responsabilidade dos gobernos do Partido Popular. E, se non estivese claro, porque vostedes veñen aquí inchar o peito de que están reclamando a competencia; «que é urxente, que é urxente, que é urxente»... (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) Miren, xa llelo lin moitas veces, pero non me canso de lelo, porque a verdade é que é unha declaración de culpabilidade como nunca se fixo —ademais, na televisión pública, que era a emisión en directo e non puideron manipulalo—: «o Goberno do Partido Popular decidiu que non se podían facer novas transferencias a Galicia». Alfonso Rueda, 2017. ¿Por que non temos esta transferencia despois de oito anos de gobernos do Partido Popular e despois de urxir o señor Feijóo a transferencia? Porque o Partido Popular en Madrid vetou esta transferencia sempre que estivo gobernando. E, se non quedase claro, xa o deixou claro despois no 2019 o señor Feijóo: «España no está para hacer transferencias a las comunidades». *Fin de la cita.* «España no está para hacer transferencias a las comunidades». Son vostedes, señor Trenor, os principais res-





ponsábeis de que non teñamos a competencia en materia de dominio público marítimo-terrestre (*Aplausos.*) ¡É que é así de claro! Vostedes e tamén o Goberno socialista, pero vostedes especialmente. Non teñen nada de que presumir aquí. Deberían vir aquí humildemente pedir perdón por ser os responsábeis de que non teñamos todas esas competencias, que eran urgentes no ano 2009. ¡Que vostedes non teñen vergoña, señor Trenor! ¿Como se atreven a vir aquí pretender dar leccións de nada, cando son os principais responsables desta situación?

Miren, vostedes teñen un compromiso continuo non coas transferencias; teñen un compromiso continuo co centralismo e coa discriminación de Galiza. O seu compromiso continuo en materia de costas e de litoral, ¿sabe cal foi durante todos eses anos? Foi o compromiso coa permanencia de ENCE en dominio público marítimo-terrestre. (*Aplausos.*) Para iso está o Partido Popular nas institucións: para vulnerar o establecido no Plan de ordenación do litoral, que establecía que ENCE debería saír de aí despois do 2018 e vostedes fixeron un informe —coa Lei do litoral e coas competencias que teñen sobre a ordenación do territorio e litoral— favorable a que ENCE permanecese en dominio público marítimo-terrestre —en terreos gañados ao mar durante o franquismo, nada máis e nada menos— ata o ano 2065, durante 108 anos. Para iso é o compromiso continuo do Partido Popular.

Como é o compromiso continuo do Partido Popular o que intentaron facer pola porta de atrás na Lei de acompañamento de legalizar as construcións ilegais en dominio público marítimo-terrestre a partir dos quince anos, que llelo tivo que botar abaixo o Tribunal Constitucional. ¿Para iso queren vostedes a competencia sobre o litoral, sobre o dominio público marítimo-terrestre? ¿Para legalizar ilegalidades, señor Trenor?

Igual que para brindar a eólica mariña na nosa costa, como fixeron nesa Lei do litoral; por iso votamos en contra, entre outras cuestións. ¿Para iso queren a competencia? ¿Para blindar esa eólica mariña e as instalacións de evacuación, en contra dos intereses do noso sector pesqueiro e tamén en contra da biodiversidade desa zona do noso país? Polo tanto, o seu compromiso xa se sabe ben cal é.

En todo caso, a pesar de todo isto, o BNG vai manter a coherencia. A coherencia en defensa do noso mar, do noso litoral, da nosa costa e da nosa capacidade de decisión para todos os ámbitos que teñan que ver coa nosa costa. Por iso imos apoiar esta iniciativa. Ímolo facer en coherencia con todo o que levamos defendendo ao longo de todos estes anos. Pero o que non imos apoiar nin aceptar é este intento de lavado de cara do Partido Popular, despois de todo o que fixo para que estivésemos neste momento sen competencias sobre o litoral. Non imos avalar que vostedes, señor Trenor, utilicen esta competencia para favorecer intereses privados en contra do interese xeral.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, Señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Señorías, di o señor Bará que como me atrevo a vir aquí... Señor Bará, o problema que ten o nacionalismo é que á parte son vostedes un pouco cerrís, eh. Xa





lles dixeron os letrados da Cámara que todos os deputados tiñamos os mesmos dereitos. Non hai que pedirles permiso a vostedes para traer aquí ningunha iniciativa. Non hai deputados de mellor condición uns que os outros. Polo tanto, este grupo, o Grupo Parlamentario Popular, seguirá traendo a esta Cámara todo o que consideremos necesario para defender os intereses dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)* Por moito que lle moleste ao Bloque Nacionalista Galego e por moito que lle moleste ao señor Sánchez. Nós seguiremos aí.

Pero mire, ¿sabe por que a vostede lle molesta que falemos de transferencias? ¿Sabe por que? Porque o punto 1 do acordo que vostedes firmaron de investidura de Pedro Sánchez —o acordo aquel que firmou a señora Pontón coa señora Lastra— ía precisamente avanzar no reforzo da capacidade de decisión do autogoberno galego, esixindo vostedes a convocatoria da Comisión Mixta das transferencias de Xunta e Estado e exixindo tamén a transferencia de todas aquelas cuestións que estaban pendentes. ¿E sabe cantas transferencias houbo dende que vostedes firmaron aquel acordo? Cero. ¡Cero! Son vostedes os únicos nacionalistas que non conseguiron traer nada para a súa comunidade. ¡Os únicos! *(Aplausos.)* Son vostedes o nacionalismo máis inútil que hai en todo o Estado.

Pero, señor Abalde, o obxectivo principal desta solicitude é garantir que Galicia teña a capacidade de tomar decisións e de actuar de maneira efectiva na xestión da nosa costa. E, dito isto, señor Abalde, ¿que ten que ver a súa emenda con isto? Nada, absolutamente nada de nada. Tampouco ten que ver que, mentres que nós estamos aquí a pedir transferencias do Estado a Galicia, vostede o que nos está pedindo aquí é que fagamos transferencias da Xunta ao Estado. Quero dicir, ¡é que é precisamente xusto o contrario do que vostede está a pedir! Si, porque para facer o que vostede di primeiro hai que facer esta transferencia. E, se non o sabe, outro día pódollo explicar.

Pero, ¿por que o Partido Socialista trae iniciativas e emendas que non teñen nada que ver co que se debate nesta iniciativa? Porque é a forma que teñen vostedes de facer política. É a forma: enlodar, intoxicar, desviar a atención... E dá absolutamente igual co que sexa. Que pedimos a AP-9, xa vén vostede aquí falando das peaxes das autopistas galegas e non sei canto, rachando co acordo deste Parlamento. Que pedimos que queremos xestionar o ingreso mínimo vital, xa veñen vostedes aquí distraendo, facendo que se poña o foco de atención noutra cousa e xustificando que o Goberno central trate peor a Galicia que ao País Vasco, a Navarra ou a Cataluña. *(Aplausos.)* Esa é a forma que ten o Partido Socialista de Galicia de facer política.

Miren, mañá este Parlamento vai pedirlle ao Goberno central que nos remita unha proposta concreta de servizos, bens, dereitos e obrigas para transferir as competencias efectivas, os medios efectivos para poder xestionar e para que sexa efectiva a Lei do litoral; por suposto, atendendo e cumprindo integramente coa nosa lei. Que se outorgue á comunidade a xestión dos títulos de ocupación, que é unha función exclusiva nosa, e que non se meta nas nosas competencias, exixindo —que iso foi o que fixo o Goberno central— informes vinculantes para que puidésemos outorgar as concesións. Esa foi a primeira proposta que fixo o Goberno central: si, vostedes poden xestionar pero nós esixímolles emitir un informe vinculante. Iso non é o que pon a nosa lei. Iso non é o que aprobou o Tribunal Constitucional...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Vostede sábeo e nós non imos pasar por iso. Imos exercer as nosas competencias de acordo coa lei que temos aprobada e que foi avalada polo Tribunal Constitucional, péselle a quen lle pese.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Substanciamos agora unha alteración da orde do día, consistente nunha pregunta.

### ***Alteración da orde do día***

**Pregunta de D<sup>a</sup> Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a coordinación entre a Consellería de Educación e o Sergas para que sexa efectiva a atención educativa das pacientes e dos pacientes ingresados na Unidade de Saúde Mental Infanto-xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Fernández Davila.

**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** Ola. Boa tarde, señor conselleiro.

O mes pasado as familias das menores ingresadas na Unidade de Saúde Mental Infanto-xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo contactaron co BNG para pedir a nosa axuda. Esta unidade presta asistencia ás menores de dezaseis anos con problemas agudos de saúde mental de todo o sur de Galiza.

O curso pasado tiñan dotados suficientes docentes que atendían o alumnado ingresado na aula hospitalaria aberta, nas habitacións e tamén a atención educativa domiciliaria. Como aula creada para esta unidade en réxime pechado, pois non tiña persoal docente propio. Unha destas docentes foi nomeada por vostedes para atender as menores ingresadas que non podían saír das mesmas. En setembro a Consellería de Educación deu orde de que o alumnado de Secundaria fose derivado á atención virtual. Neste intre os oncolóxicos son atendidos de xeito presencial, pero houbo unha redución importante do número de docentes para a aula hospitalaria aberta e para a atención domiciliaria.

Isto xerou dous problemas diferentes: primeiro, que o alumnado infanto-xuvenil leva sen profesorado máis de dous meses; e, segundo, que o alumnado de Secundaria con problemas de saúde mental non está facendo un seguimento correcto da aula virtual, xa que moitas non son autónomas pola doenza ou pola medicación e, ademais, teñen recomendado un uso limitado dos dispositivos electrónicos nalgúns casos. Isto evidencia a falta de coordinación entre a Consellería de Educación e o Sergas, que non se poñen de acordo para atender unha necesidade dentro da aula da unidade.

Saúdo aquí as representantes da plataforma Adolece, de Foanpas de Vigo, e do sindicato Steg, que hoxe nos acompañan dende a tribuna. Cómpre dicir que nunha entrevista de Radio Voz



a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, a señora Judith Fernández, declarou, cunha falta total de empatía e descoñecemento do funcionamento da Unidade de Saúde Mental, que non se ían enviar docentes para a atención presencial porque o alumnado desa idade era autónomo, e que sería atendido a través da aula virtual e o equipo AVA de atención virtual ao alumnado, que ela mesma recoñecía non estar en funcionamento. Así que esta afirmación valeu para que se solicitase a dimisión desta persoa. Aquí teño o que saíu en prensa estes días. Grazas a isto, a semana pasada por fin se presentaron no hospital o director territorial e esta directora xeral, e comprometéronse cun docente para dar atención educativa presencial nesta aula, dentro da Unidade Infantoxuvenil.

Así que tiveron que dar vostedes marcha atrás e darlles a razón ás familias. Debería, dende logo, darlles vergoña, porque isto foi grazas á defensa que fixeron os pais e nais dos dereitos dos seus fillos e fillas, á presión dos medios e dos sindicatos e a ter presentado esta iniciativa, acompañada tamén dunha solicitude para visitar o hospital; que foi denegada por vostedes, o que denota pouca transparencia, canto menos. Non é unha casualidade, polo tanto. Ben o sabemos. Agora falta saber que vostede nos diga cando chega esa docente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Davila.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

**O señor conselleiro de EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Eu antes de comezar quixera agradecer a flexibilidade e a cortesía parlamentaria para permitirme contestar hoxe esta pregunta por unha cuestión de axenda.

A verdade é que estamos ante un tema e ante un debate tremendamente sensible, cun impacto creo que moi forte nas familias afectadas. Creo que o hai que abordar con moita serenidade, sen demagogia, con principios básicos, con principios de carácter técnico e asistenciais como fundamento e priorizando sempre o máis importante, que neste caso é que os servizos sanitarios sexan óptimos; priorizando a saúde dos nenos e das nenas que están afectados, que teñen problemas agudos —como vostede dixo— de saúde mental.

Nós temos un compromiso firme para intentar compaxinar ambas as cuestións. Por unha parte, un servizo sanitario óptimo e, por outra parte, tamén unha resposta educativa adecuada. Creo é fundamental sopesar ambas as cuestións. Dígollo, porque estamos ante unha problemática que non é nada fácil. É unha problemática novidosa; é unha problemática para a cal non podemos facer unha táboa rasa, nin moito menos. Non hai dous casos iguais en ningún caso. E, obviamente, debemos abordar todas as solucións, tendo en conta unha dupla casuística: por unha parte, as cuestións sanitarias do neno e da nena que está nesta unidade ou do mozo e da moza que está nesta unidade; e, por outra parte, tamén dar as diferentes etapas educativas do amplo elenco de nenos que están na mesma.

A verdade é que a resposta sanitaria nestes casos se articula con base en dúas liñas, en dous eixos principais: o primeiro, son as aulas hospitalarias que —como vostede sabe— ensinan



fundamentalmente aos alumnos de primaria e plantéxase unha atención domiciliaria complementaria para os alumnos de primaria; e para os alumnos de secundaria que están no ámbito hospitalario, existe unha atención virtual directa co alumnado, tendo en conta tamén os equipos AVA, para dar unha educación e unha atención virtual aos alumnos.

Este é un funcionamento que viña sendo constante ao longo dos últimos anos e que funcionaba razoablemente ben —sempre se pode mellorar, pero funcionaba razoablemente ben—. Houbo un cambio no último ano, neste inicio de curso, e este cambio veu dado coa creación dunha nova unidade, dun novo servizo que precisamente está orientado a mellorar a saúde daqueles afectados, é dicir, daqueles nenos e nenas que teñen problemas agudos de saúde mental.

Efectivamente, a creación deste servizo no Álvaro Cunqueiro é unha unidade específica para nenos e para adolescentes con problemas severos, difíciles, duros, de saúde mental, e cómézase a traballar nun campo descoñecido. O ano pasado plantexouse que un profesor da Unidade hospitalaria das aulas hospitalarias dese atención educativa aos mesmos. Fíxose o ano pasado. A verdade é que...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** ...como experiencia piloto...,

**O señor PRESIDENTE:** Ten outro turno, conselleiro.

Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Para a réplica, a señora Fernández Davila.

**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** Vaime ter a min e ás nais en ascuas ata o último momento. Eu espero que na súa réplica de tres minutos —que vai ter máis tempo ca min—, pois responda a iso, polo menos.

Dicían as nais, nesa entrevista de Radiovoz —que antes citei— que «este será un curso perdido sen a atención educativa que precisan estes menores, e parece unha burla cara ás familias e cara ao alumnado» que vostede, señor Rodríguez, e tamén o señor que se senta ao lado, o señor Rueda, o presidente da Xunta, saian nos xornais e no Parlamento a gabarse de ter neste curso a maior dotación de profesorado da historia. Todos os pais e nais preguntábase: ¿onde está ese profesorado? ¿A quen lles está impartindo ese apoio ou reforzo? A eles, dende logo, non.

E estes días saía na prensa —pois podíámolo ver— como moitas ANPA, en centros como, por exemplo, o CEIP de Monterroso ou o CEIP do Pindo, en Carnota, realmente, coas súas mobilizacións baleiraban as aulas e os centros educativos por ese mesmo problema, é dicir,



porque non teñen os docentes e os especialistas que necesita este tipo de alumnado, o alumnado máis vulnerable. Así que este é un máis dos recortes, pero ten unha gravidade máxima, porque —vostede ben o dicía— á parte da doenza e do tratamento durísimos, eles están nun réxime pechado, e iso hai que solventalo mediante esa unidade hospitalaria que está dentro desa unidade infantoxuvenil.

De feito, a Consellería incluso está a non cumprir a Carta europea. A Carta europea dos nenos e das nenas hospitalizados di dúas cousas —hai dous dereitos para eles—: seguir estudando durante a súa permanencia no hospital e ter o material, que debe ceder o centro educativo; e seguir estudando cando a hospitalización é parcial durante o día ou a convalecencia sexa xa na súa casa.

Así que penso —vostede sábeo—, señor Rodríguez, que é recriminable e pouco ético o que aconteceu e o que vostedes fixeron con este alumnado: deixaron as familias sumidas na total desesperación, e agora non deben perder máis tempo. Póñanse a traballar e asignen, dunha vez, *(A señora Fernández Davila sinala coa man a tribuna de convidadas e convidados.)* —díganlles, por fin, aos pais, ás nais e ao sindicato, que están aí—...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas. Terminou o seu tempo.

Grazas.

**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** ...ese docente que vostedes comprometeron. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Para o peche da pregunta, o señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** Dáme a sensación, señoría, de que vostede plantexou aquí unha cuestión que, dende logo, se aparta da ética que vostede predica. Vostede, na primeira intervención, parecía que tiña unha preocupación sincera por esta problemática; na segunda, xa comezaba a falar de cuestións puramente políticas, negando unha evidencia, como se neste curso non houbera o maior número de profesores dos anos recentes e o menor número de alumnos, pero ¡bueno!, vostede ten a súa ética e deféndea todos os días e, obviamente, pode coincidir ou non coa doutras persoas.

Certamente eu estáballe dicindo que temos que analizar con moito coidado as patoloxías concretas e específicas de cada caso e adecuar unha resposta educativa adecuada ás diferentes patoloxías, tendo en conta os casos concretos. Mire —vostede díxoo aquí—, a semana pasada ou hai dúas semanas, aproximadamente —non lembro ben—, estiveron técnicos de Sanidade e de Educación traballando nesta liña. E, obviamente, pártese dunha cuestión: non hai dous casos iguais. Aí estaremos de acordo. Tamén diremos que se necesita un profesional que teña un perfil moi concreto, moi específico e que dea resposta ás necesidades que existen. Dígoo porque temos que identificar o mellor profesional posible para este caso, ou para estes casos, para acompañar este alumnado e tamén precisamos os medios necesarios. E o que queremos, sen dúbida algunha, é dar a mellor atención educativa posible a estes alumnos —a estes mozos e mozas—, tanto dende a perspectiva sanitaria como educativa, porque hai



perfís moi diferentes, e non podemos ter unha resposta uniforme e única para todos. Hai cuestións moi diferentes.

Hai alumnos que, por prescrición médica, non poden ter unha actuación educativa practicamente de ningún xeito; hai outros que si a poden ter, sen ningún tipo de problema; hai outros que están nun curso; hai outros que están en cursos diferentes; e outros, simplemente, requiren un acompañamento lúdico. O que si lle podo dicir é que o que se vai facer, e estase pechando xa por parte, tanto dos Servizos Técnicos da Educación como dos Servizos Técnicos de Sanidade, é unha resposta educativa adecuada ás necesidades específicas de cada un dos nenos, tendo en conta que o prioritario, sen dúbida —o prioritario—, é o benestar e a saúde emocional e mental destes alumnos. Polo tanto, pode quedar vostede tranquila, señoría. Vaise dar unha resposta adecuada a esta situación e, por suposto, cunha enorme sensibilidade ás problemáticas familiares destes casos. Non hai cuestión máis dura para unha familia que ter unha problemática deste tipo. Non existe.

Agora, o que non pode facer tamén algún representante político —como acaba de facer vos— é plantexalo como unha causa xeral cun simple plantexamento político. Eu o que lle podo asegurar é que vai haber os recursos necesarios, os recursos coherentes, os recursos adecuados ás características de cada caso e, en todo caso, vaise adaptar unha resposta educativa...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** ...a unha problemática sanitaria tremendamente difícil e tremendamente dura. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

Antes de suspender o pleno ata mañá, quero comunicarlles que mañá haberá unha alteración da orde do día, e que as preguntas que figuran nos puntos 7.5 e 7.6 serán formuladas ás dez da mañá.


Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

*Suspéndese a sesión ás sete e vinte e tres minutos do serán.*







PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-ZEVbChKg-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

